Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as condicións de seguridade viaria da estrada AC-445 ao seu paso por Estorde, no concello de Cee, e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para regular e facilitar o uso deste tramo por vehículos e peóns
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24312 (12/POC-003925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre determinadas cuestións relativas á estrada de titularidade autonómica PO-342, ao seu paso polo concello de Tui
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24317 (12/POC-003926)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións que a Xunta de Galicia fai no referido á regulación, á creación e ao financiamento de prazas nas escolas infantís de 0 a 3 anos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 24333 (12/POC-003927)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre o balance do funcionamento do teléfono da infancia no ano 2024 e a súa evolución nos últimos anos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 24345 (12/POC-003928)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego e as súas actuacións ante o impacto producido na frota galega pola prohibición da pesca con artes de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 24348 (12/POC-003929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a execución do plan Rexurbe en Tui e a política de vivenda que impulsa o Goberno galego nesta localidade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24350 (12/POC-003930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as accións que o Goberno galego prevé realizar no referido á política de vivenda nos concellos de Rodeiro, Lalín e A Estrada

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24358 (12/POC-003931)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego no ámbito da economía, da fiscalidade, do tecido produtivo e dos intereses comerciais galegos para facer fronte ao impacto da política arancelaria estadounidense

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 24363 (12/POC-003932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis



Sobre o papel que prevé desenvolver o Goberno galego nunha posible intervención pública da factoría de Alcoa en San Cibrao e a información que pensa ofrecer sobre o memorando de entendemento que asinou co Ministerio de Industria e Turismo, Alcoa e IGNIS

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 24367 (12/POC-003933)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre o estado da estrada AC-453 en canto á seguridade viaria e as melloras que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia nesta vía, concretamente no tramo entre Roxos e Portomouro, na comarca de Santiago

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24372 (12/POC-003934)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as medidas que está a desenvolver e a estratexia que prevé pór en marcha o Goberno galego ante a política arancelaria estadounidense

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 24378 (12/POC-003935)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a evolución en Galicia do nivel de coñecemento por parte da cidadanía das posibles reducións fiscais no ámbito galego e da súa información xeral en materia tributaria

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 24382 (12/POC-003936)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a petición da declaración da Coruña como zona tensionada conforme a Lei de vivenda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24387 (12/POC-003937)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Queixas Zas, Mercedes

Sobre o estado en que está o procedemento para a declaración da Rapa das Bestas de Sabucedo, no concello da Estrada, como ben de interese cultural do patrimonio inmaterial

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 24393 (12/POC-003938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a valoración e a xustificación por parte da Xunta de Galicia do nivel de execución do crédito do Instituto Galego da Vivenda e Solo de 2024 para os programas de vivenda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 24397 (12/POC-003939)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a eficacia da Rede Galega de Teatros e Auditorios como ferramenta de dinamización das artes escénicas e as previsións que ten o Goberno galego para a súa mellora

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 24402 (12/POC-003940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre o nivel de seguranza viaria da estrada AC-173 e as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo do incremento dos orzamentos destinados á súa mellora, singularmente na zona do Couto, concello de Oleiros

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24409 (12/POC-003941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a eventual asunción por parte do Goberno galego do compromiso de redactar, financiar e executar o proxecto viario Artabriña, no concello de Oleiros

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24413 (12/POC-003942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Prado Cores, María Montserrat

Sobre o estado da asistencia pediátrica no Centro de Saúde de Bande, sobre a valoración que o Goberno galego fai do referido estado, así como acerca das súas previsións de mellorar a cobertura das baixas do seu persoal e os desprazamentos dos usuarios cara a este centro de saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 24418 (12/POC-003943)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as previsións que a Xunta de Galicia ten de financiar a instalación de beirarrúas e carrís bici en Oleiros, así como sobre a valoración que fai da seguranza peonil e ciclista no referido concello, situado na provincia da Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24422 (12/POC-003944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación do sistema de gardas de rotación semanal dos profesionais e das profesionais médicos e forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), sobre a valoración que o Goberno galego fai do funcionamento desta entidade, así como acerca das previsións que ten para a súa mellora de acordo coas demandas deste colectivo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 24430 (12/POC-003945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións que a Xunta de Galicia ten de implementar un plan de mellora educativa a partir dunha mesa de traballo na que participe a representación dos diferentes sectores do sistema educativo e que permita dotar os centros de ensino de profesorado e de especialistas, recuperar os dereitos do profesorado atinxidos no acordo do ano 2007 e reducir a ratio do alumnado nas aulas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 24437 (12/POC-003946)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a frecuencia con que a Consellería de Política Social e Igualdade inspecciona e controla os servizos das residencias de persoas maiores pertencentes ao Goberno galego, con xestión privada, así como sobre o seu coñecemento con relación ao mantemento das instalacións, en especial na Residencia de maiores de Laraxe, no concello de Cabanas, situado na provincia da Coruña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 24443 (12/POC-003947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a posición que o Goberno galego prevé adoptar ante a solicitude de zona tensionada presentada polo Concello da Coruña para limitar o incremento do prezo do alugueiro na propia cidade, así como acerca das medidas que aquel pretende adoptar en colaboración co referido Concello e co Goberno central

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24448 (12/POC-003948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as previsións que a Consellería do Mar ten de avaliar e de adoptar medidas en materia ambiental, económica e social no río Ulla e na ría de Arousa ante a instalación da macrofábrica de celulosa de Altri, no concello de Palas de Rei, situado na provincia de Lugo, así como acerca da valoración que fai xunto co Goberno galego verbo da inexistencia de informes propios nestes ámbitos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 24461 (12/POC-003949)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de ampliar o proxecto de dragaxe do río Lérez na cidade de Pontevedra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24469 (12/POC-003950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre os medios dos futuros centros móbiles de información á muller anunciados polo presidente da Xunta de Galicia, así como a súa natureza, regulación e os seus protocolos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 24481 (12/POC-003951)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo das rúas Calvario, Xosé Solla e Roxelio Landeiro na localidade de Arcade, concello de Soutomaior

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24487 (12/POC-003952)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o prazo previsto para finalizar as obras de mellora na estrada PO-308, ao seu paso polo concello de Poio, e as previsións da Xunta de Galicia relativas a novos investimentos nesta estrada

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24492 (12/POC-003953)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre o persoal vinculado ás autoestradas do Salnés, da Barbanza, Ourense-Celanova e Santiago-Brión e a súa subrogación por parte da Xunta de Galicia logo do rescate destas infraestruturas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 24498 (12/POC-003954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre os motivos polos cales a Xunta de Galicia destina soamente 250.000 euros á autoestrada AG-13, ou Vía Ártabra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24501 (12/POC-003955)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a situación actual respecto da transferencia e do rescate da AP-9 e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa supresión das peaxes nas autoestradas AG-55 e AG-57

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24506 (12/POC-003956)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as intervencións concretas que se realizarán nos entorques do viario local coa glorieta planificada na intersección da estrada autonómica AC-862 coa AC-115, así como a consideración que



fai o departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia para outras actuacións nas vías da súa contorna, os criterios de encaixe da glorieta e o inicio da execución do proxecto
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24510 (12/POC-003957)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as accións e prazos previstos pola Xunta de Galicia para recuperar a oferta e a calidade da asistencia sanitaria no Centro de Orientación Familiar de Orillamar, no concello da Coruña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 24531 (12/POC-003958)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 2 máis

Sobre a situación da sinistralidade, do volume de tráfico, do impacto ambiental e acústico e dos estudos destas cuestións en relación á estrada PO-331 no seu paso pola parroquia de Vincios, no concello de Gondomar, así como a previsión que fai o Goberno galego de reverter os seus aspectos máis negativos, incluíndo un proxecto de urbanización deste treito e a súa conversión en travesía urbana, e máis da liberación das peaxes da AG-57 e os efectos que isto tería no tráfico da PO-331

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24515 (12/POC-003959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a previsión da Xunta de Galicia de intervir na AC-133 co acondicionamento do firme en mal estado e na AC-122, no seu paso pola parroquia de Limodre no concello de Fene, coa construción dunha senda peonil duns 150 metros de treito

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 24534 (12/POC-003960)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o custo total e das actividades desglosadas do acto celebrado na Cidade da Cultura o día 15 de abril de 2025, así como os servizos contratados e os procedementos e criterios de selección para a organización do evento, a relación de cargos e autoridades públicas e institucionais convidadas, o criterio de selección dos intervinientes no acto, a publicidade e posibilidades de asistencia e participación que se fixo do evento e os seus responsables e organizadores

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 6 de maio de 2025, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 6 de maio de 2025, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 29 de abril de 2025, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para a inclusión de cláusulas sociais e de igualdade na contratación pública e réxime de axudas e subvencións (doc. núm. 17725, 12/PPL-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

Punto 2. Comparecencias

2.1 24645 (12/PPP-000044)

Do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

2.2 24646 (12/PPP-000045)

Do conselleiro do Mar, por petición propia, para informar sobre a comercialización dos produtos pesqueiros ante as negociacións do acordo de libre comercio da Unión Europea con Tailandia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

Punto 3. Mocións

3.1 23936 (12/MOC-000059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5712, publicada no BOPG núm. 40f1, do 19 de xuño de 2024, e debatida na sesión plenaria do 8 de abril de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f1, do 16.04.2025

3.2 23993 (12/MOC-000060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN) (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 21839, publicada no BOPG núm. 179f1, do 26 de marzo de 2025, e debatida na sesión plenaria do 8 de abril de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f1, do 16.04.2025

3.3 24010 (12/MOC-000061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola Sociedade Impulsa con esta empresa (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 19463, publicada no BOPG núm. 156f1, do 12 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 8 de abril de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f1, do 16.04.2025

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 6902 (12/PNP-000705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e dous deputados/as máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante respecto da loita contra a discriminación do colectivo LGTBIQ+ no ámbito laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 23.07.2024

4.2 16326 (12/PNP-001346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha modificación da composición do Consello da Minaría de Galicia para dar entrada ás asociacións de defensa da natureza e ás comunidades de montes en man común

Publicación da iniciativa, BOPG nº 139, do 15.01.2025

4.3 22506 (12/PNP-001817)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e nove deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e a proposta de resolución que se presenta en relación coa rebaixa do nivel de protección do lobo

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 182f1, do 02.04.2025

4.4 22562 (12/PNP-001829)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e nove deputados/as máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha en relación coa política que está a desenvolver a Unión Europea para a obtención de materias primas estratéxicas e, concretamente, co proxecto da mina de litio de Doade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f1, do 09.04.2025



4.5 22933 (12/PNP-001863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Taibo Corsanego, Iria

Sobre as bases que deben constituír a postura da Xunta de Galicia ante a actual política exterior de Estados Unidos e o incremento do gasto militar na Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f1, do 09.04.2025

4.6 22960 (12/PNP-001865)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón e dous deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación co apoio ao uso da lingua galega no Parlamento Europeo

Publicación da iniciativa con correccións, BOPG nº 188f1, do 16.04.2025

Punto 5. Interpelacións

5.122600 (12/INT-000916)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o modelo da atención prestada nos centros de menores e os seus recursos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

5.2 22890 (12/INT-000926)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a postura do Goberno galego verbo da posibilidade de superar o actual sistema de financiamento da comunidade, así como de negociar unha quitación da débeda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

5.3 22927 (12/INT-000927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a garantía de participación institucional dos axentes sociais no deseño das políticas de emprego en Galicia e o actual funcionamento do Consello Autonómico de Emprego e dos respectivos consellos provinciais e territoriais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 24629 (12/POPX-000041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a situación do emprego en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

6.2 24636 (12/POPX-000042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir os dereitos das persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 19559 (12/POP-003032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a petición por parte do Concello de Santiago para tramitar a baixa dos pisos turísticos que incumpren a normativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

7.2 24635 (12/PUP-000104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda veciñal e institucional da apertura neste ano 2025, por medio do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, dun centro de día en Corcubión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

7.3 21257 (12/POP-003246)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis

Sobre o proceso de planificación e execución levado a cabo por parte do Goberno de España do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 171f1, do 12.03.2025

7.4 21829 (12/POP-003320)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e dous deputados/as máis

Sobre as razóns do atraso das obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f2, do 26.03.2025

7.5 24642 (12/PUP-000105)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e dez deputados/as máis

Sobre a contribución da sociedade Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) á promoción de vivenda pública desde a súa creación en novembro de 2024

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

7.6 20024 (12/POP-003090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da vinculación existente entre o servizo de aparcadoiro dun hospital público e unha asistencia sanitaria de calidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025



7.7 21798 (12/POP-003313)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre os datos das listaxes de espera cirúrxicas correspondentes ao ano 2024

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f2, do 26.03.2025

7.8 24628 (12/PUP-000103)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a postura da Xunta de Galicia e as medidas que prevé adoptar respecto dos últimos despedimentos producidos na fábrica de Sargadelos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193, do 02.05.2025

7.9 22231 (12/POP-003381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 4 deputados/as máis

Sobre a información publicada pola Consellería do Medio Rural respecto da aprobación da declaración de impacto ambiental da macrocelulosa de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de abril de 2025 polo que se convoca o procedemento ordinario de recoñecemento de grao de carreira profesional para os empregados e empregadas públicas do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento aprobou o 17 de decembro de 2018 as Normas básicas da carreira profesional do persoal da Administración parlamentaria. No artigo 7 das anteditas normas establécese que se convocará anualmente, no primeiro cuadrimestre, o procedemento de recoñecemento de graos de carreira profesional para as empregadas e os empregados públicos incluídos no seu ámbito de aplicación.

Xa que logo, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Abrir o prazo de presentación de solicitudes do proceso ordinario para o recoñecemento do grao I de carreira profesional, segundo se establece no artigo 7 das normas básicas. Esta convocatoria está dirixida ao persoal funcionario e laboral que se atope en servizo activo, ou en calquera das situacións que comportan reserva de praza ou posto de traballo, no momento desta convocatoria.



Para poder perfeccionar o grao I de carreira profesional retribuído, a empregada ou empregado público, segundo se establece no apartado 3 do artigo 4 das normas básicas, deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Contar con cinco anos de permanencia no grao inicial de carreira profesional. Este grao inicial, que non comporta retribución, realízase de forma automática dende a toma de posesión como persoal funcionario ou persoal laboral da Cámara.

b) Acadar unha avaliación favorable, realizada segundo as Normas reguladoras da avaliación do desempeño do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, aprobadas por acordo da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na sesión do día 14 de febreiro de 2020.

c) Acreditar unha formación mínima de 90 horas para o persoal do grupo A, de 80 horas para o persoal do grupo B e de 60 horas para o persoal dos grupos C e D, en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na Institución, ou de ter impartido formación nas dependencias parlamentarias ou fóra delas, segundo o establecido no apartado 5 do artigo 4 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia.

A formación válida para acadar o grao I de carreira profesional deberá ser realizada durante o tempo de prestación de servizos no grao inicial de carreira profesional e ter participado con aproveitamento na formación impartida no Parlamento de Galicia ou por escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso contén con homologación oficial de escolas públicas.

2º. As solicitudes, que se deberán presentar no Rexistro do Parlamento xunto coa documentación que acredita a formación exixida, se non consta xa na Administración parlamentaria, realizaranse utilizando o formulario que se achega con esta convocatoria.

A documentación acreditativa da formación que se presente en papel deberá ser orixinal ou estar compulsada.

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica, de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeneral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se mantiveren en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderá cotexarse co orixinal.

3º. O prazo para presentar as solicitudes será de vinte días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ANEXO
PROCESO ORDINARIO DE IMPLANTACIÓN DA CARREIRA PROFESIONAL NO PARLAMENTO DE GALICIA
SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DO GRAO I
(artigo 7 das Normas que regulan a carreira profesional horizontal
do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia)

NOME E APELIDOS:	DNI:
CORPO OU ESCALA E GRUPO:	UNIDADE ADMINISTRATIVA:

Solicito á Mesa do Parlamento o recoñecemento do GRAO I da carreira profesional.

Relación de cursos de formación, actividades formativas impartidas, segundo o establecido no apartado 5 do artigo 4 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, que xustifican a formación mínima exixida e que se vinculan ao grao I, indicando o número de horas de cada unha delas e se xa constan acreditadas na Administración parlamentario ou se achega copia compulsada do documento acreditativo da súa realización.

Denominación do curso	Horas	Acreditación compulsada	Consta na A. P.

Data:

Sinatura do/a empregado/a



Os datos de carácter persoal que se faciliten nesta solicitude quedarán rexistrados nun ficheiro da Administración do Parlamento de Galicia, de conformidade co establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e segundo o rexistro de actividade de tratamento denominado «xestión de procedemento de persoal» do Parlamento de Galicia.

Finalidade do tratamento: o Parlamento trata datos de carácter persoal para efectos de xestión e administración dos recursos humanos do Parlamento de Galicia. O tratamento dos datos de carácter persoal limitárase ao mínimo imprescindible para o cumprimento das súas funcións ao servizo desta administración. Os datos persoais non serán tratados de maneira incompatible cos ditos fins nin para a adopción de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Lexitimación: o cumprimento de obrigas legais e exercicio de poderes públicos segundo o disposto no (art. 6.1 c) do RXPd.

Destinatarios: a Administración do Parlamento de Galicia. Non está prevista a cesión destes datos a terceiros.

Exercicio de dereitos: as persoas solicitantes poderán exercer os seus dereitos, previstos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento xeral de protección de datos, a través da páxina web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos> na que dispoñen de información adicional.





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

O Grupo Parlamentario Socialista leva tempo insistindo en que o principal problema para que se produzan os lumes en Galicia é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, que cada día ve como se desmantelan novos servizos públicos e privados.

Como imos loitar contra o lume se cada día temos menos terra produtiva, se a agricultura, a gandería e a xestión forestal sostible teñen cada vez menos peso, que fai que o territorio se estea a transformar de xeito estrutural, nunha bomba de biomasa formada por miles de hectáreas de mato e monte desordenado, en continuidade e sen apenas presenza dos cortalumes naturais.

Outra das cuestións que debe mudar é a xestión forestal da Xunta de Galicia, desenvolvendo unha xestión sostible do monte como unha acción política decidida que poña enriba da mesa un modelo asentado na realidade pero co compromiso de todo o territorio e toda a poboación en dereitos e obrigas, non se pode permitir que nunha zona se concentre toda a produción forestal mentres que a outra ampla zona se lle someta á obriga de aportar valores naturais sen ningún tipo de compensación económica.

Hai que desenvolver sen máis demora os PORF de todos os distritos, que sexan verdadeiros instrumentos nos que se asente o sector forestal.





Estanse a producir incendios convectivos que podemos denominar como de sexta xeración, cunhas condicións que fan que a loita contra o lume sexa moi complexa polas condicións atmosféricas que combinan altas temperaturas, baixa humidade e fortes ventos, isto debe de facer que analicemos como actuar ante o cambio climático que estamos a sufrir e o aumento do combustible nos montes derivado do despoboamento do rural galego.

Con este tipo de incendios tan virulentos, o Goberno galego debería desenvolver un estudo profundo coa elaboración, entre outros, dun mapa de combustibles actualizado, no que se cruce a información coa ocorrencia dos lumes e ser precisos nas zonas onde aplicar as medidas preventivas que non só teñen que ser rozas, xa que con este tipo de lumes que xeran unha gran cantidade de focos secundarios é preciso deseñar unha paisaxe en mosaicos onde haxa unha multifuncionalidade de usos de forma que cando eses focos se xeran se poidan illar da maneira máis rápida posible.

Como medida complementaria é fundamental que o Goberno galego teña realizados plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e dos servizos de emerxencias locais e comarcais.

Os traballos de prevención de lumes (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, faixas de xestión de biomasa), non se realizan ao seu debido tempo, unha boa parte realízanse fóra da época axeitada non cumprindo co obxectivo que debe ter unha política de prevención de incendios forestais.

Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de se realizaren antes do mes de xullo de cada ano.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24262
Data envío: 16/04/2025 14:12:06.357

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Mellorar a profesionalización e a coordinación das persoas traballadoras e medios de loita contra o lume.
2. Levar a cabo os traballos de prevención de incendios antes de xullo de cada ano.
3. Desenvolver un plan de educación ambiental e de concienciación da cidadanía.
4. Ante o risco de incendios convectivos desenvolver un estudo profundo cun mapa de combustibles actualizado.
5. Realizar plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e os servizos de emerxencias locais e comarcais e a poboación implicada, como xa se está a facer noutros estados europeos.
6. Actualizar o dispositivo que prevea unha óptima organización de medios materiais e humanos, nos distritos forestais.

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81623

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24262
Data envío: 16/04/2025 14:12:06.357

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 14:06:38

Lara Méndez López na data 16/04/2025 14:06:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/04/2025 14:07:04

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81624

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández e Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á necesidade de coordinación do coñecemento sobre o medio mariño galego e a perda de produtividade das rías e da súa aplicación para a recuperación das rías e do sector do mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante do imparábel descenso de produtividade das rías galegas e da falta de resposta continuada por parte da Consellaría de Mar ao respecto, este Grupo Parlamentario ten trasladado ao Parlamento en múltiples ocasións a necesidade de levar a cabo investigación que determinen cais son as causas do alarmante descenso de capturas, sobre todo de moluscos bivalvos.

Despois de anos de insistencia, o 7 de abril na Comisión 8ª e, posteriormente, o 28 de maio de 2024 no Pleno, varias das nosas propostas acadaron a unanimidade da Cámara. Por dúas veces pois tomamos o acordo, entre outros, de “elaborar, sen máis dilación e de acordo co sector, os centros de investigación da Consellaría de Mar e as universidades galegas, orzamentar e executar un plan plurianual de medidas que permita comezar a recuperación e rexeneración das rías galegas e a súa produtividade e artellar os mecanismos necesarios para afrontar as consecuencias que xa está a ter o cambio climático no comportamento e cantidade dos distintos recursos e na actividade pesqueira, mexilloeira e marisqueira de Galiza”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un ano máis tarde, e despois de facérense públicos os datos de 2024, atopámonos a nivel produtivo moito peor que daquela mais cun sector aínda máis decepcionado, máis empobrecido e máis minguado, que non é quen de entender a inacción da Administración e as razóns que a levan a non reforzar e potenciar un sector emblemático e socioeconómicamente tan necesario para o noso país. Moi ao contrario, comproba como as decisións que se están a tomar por parte da Xunta de Galiza están ao servizo de intereses totalmente opostos aos seus e non son máis que ameazas para a súa supervivencia.

Recentemente, na súa comparecencia do pasado 1 de abril na Comisión de Pesca do Parlamento de Galiza, a directora do INTECMAR informou das actividades principais do Instituto, dos programas de control e de investigación que levan a cabo e dos medios dos que dispoñen.

Entre moitos outros, dentro da área de sanidade animal, deu conta de que investigan episodios de mortalidade anormal en cultivos e bancos naturais das principais especies comerciais. Tamén de que a Xunta de Galiza vén tomando medidas das variábeis ambientais para ter un mellor coñecemento da franxa costeira dende hai máis de 30 anos. Que o Observatorio Costeiro da Xunta de Galiza, onde se reúne a colaboración de MeteoGalicia, do CETMAR e do propio INTECMAR dende hai máis de 15 anos, conta cunha importante rede de estacións oceanográficas que miden a temperatura, a salinidade, o PH, etc. da columna de auga. E que, segundo ela, a ría de Arousa “é a ría máis estudada do mundo”, con dúas estacións de seguemento en contínuo e que, no caso da plataforma de Cortegada, na desembocadura do río Ulla, rexistra datos dende o ano 2007, de temperatura e de salinidade a diferentes profundidades. A este respecto, a directora afirmou con rotundidade que “calquera pode estudar os datos de baleirado dos encoros, pode estudar as baixadas de salinidade e pode estudar se iso ten incidencia. Nós estudámolo cando no ano 2023 avaliamos os descensos de salinidade polas choivas que houbo no outono do ano 2023”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ter coñecemento polo miúdo destes datos e de moitos outros que facilitou a directora do INTECMAR na súa comparecencia lévanos á conclusión de que moitos dos estudos e dos datos que vimos solicitando dende hai anos non só xa existen senón que poderían ser moi valiosos se as decisións políticas da Consellaría de Mar estivesen encamiñadas a traballar con eles, a darlle utilidade e a poñelos ao servizo da recuperación das rías e do sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro.

A aplicación práctica dese coñecemento e do que de seguro existe nos demais centros de investigación da Consellaría de Mar, coordinado co das universidades galegas e co do propio sector dende hai anos teríanos levado a unha situación ben distinta da actual e tería contribuído a que Galiza seguise a ser a día de hoxe referente mundial non só na calidade dos seus produtos pesqueiros senón tamén na cantidade. Sen dúbida, falta o máis importante, as partidas orzamentarias para levalo a cabo e, sobre todo, a decisión política para querer facelo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

. Crear unha Comisión para a Coordinación e Colaboración en Coñecemento e Investigación das rías galegas, onde estean representadas as universidades galegas e os centros de investigación das consellarías máis relacionadas con ese ámbito, nomeadamente as de Mar e de Medio Ambiente, co obxectivo principal de mancomunar e ampliar os seus estudos e investigacións en materia de sostibilidade medioambiental e económica do sector galego do mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Aplicar o coñecemento científico existente e futuro sobre a perda de produtividade das rías galegas e desenvolver as actuacións propostas pola Comisión que permitan revertir a alarmante situación actual.

. Acrecentar as partidas orzamentarias referidas á investigación relacionada co medio mariño de Galiza.

. Dar prioridade ás investigación dirixidas á resolución e/ou mitigación dos problemas de perda de produtividade da pesca, miticultura e marisqueo galegos.”

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 21/04/2025 09:37:22

Paulo Ríos Santomé na data 21/04/2025 09:43:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 21/04/2025 09:43:56

Daniel Castro García na data 21/04/2025 09:44:55

Daniel Pérez López na data 21/04/2025 09:44:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández e Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á necesidade de incluír o Decreto 15/2011 na reforma da normativa en materia de pesca profesional anunciada pola Xunta de Galiza e de ter en conta a participación do sector na mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos foron varias as ocasións nas que os Grupos Parlamentarios da oposición, nomeadamente o do BNG, teñen feito propostas para modificar en diversos aspectos o Decreto 15/2011 polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galiza. Mais non só solicitamos a súa modificación dende os Grupos Parlamentarios, tamén o sector ten feito un importante número de peticións ao respecto e incluso ten conseguido o visto e praxe da Consellaría nalgún caso como o da regulación da práctica do aviveiramento.

Tamén no Parlamento galego tomáronse acordos unánimes a respecto de levar a cabo a modificación da obsoleta norma de hai 14 anos. E mesmo a Consellaría de Mar reconeceu varias veces publicamente a necesidade da súa revisión.

A rixidez normativa do Decreto e sobre todo a súa falta de adaptación ás necesidades e realidades do sector fai cada vez máis urxente a súa modificación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Consello da Xunta de Galiza, na súa reunión do 29 de xullo de 2024, deu conta dun informe da Consellaría de Mar sobre “a revisión, racionalización e actualización normativa en materia de pesca marítima profesional para a elaboración dunha disposición de carácter xeral con rango de Decreto que implique a regulación do exercicio da pesca marítima profesional e a ordenación da frota pesqueira en augas de competencia da Comunidade Autónoma”.

Segundo a información que trascendeu sobre o mencionado informe, a raíz do novo marco legal comunitario e estatal preténdese “abordar unha profunda reforma de toda a normativa”, que acadaría a 6 decretos e 9 ordes.

Entendemos que, de ser así, o Decreto 15/2011 estaría inexcusabelmente afectado pola reforma normativa que se quere levar a cabo, de maneira que por fin se daría resposta ás numerosas solicitudes do sector e cumprimento ao acordo unánime do Parlamento do ano 2023.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a incluír na reforma da normativa en materia de pesca que anunciou en 2024 o Decreto 15/2011, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galiza e a ter en conta a participación do sector na mesma.”

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 21/04/2025 10:51:07

Paulo Ríos Santomé na data 21/04/2025 10:58:05

Carmela González Iglesias na data 21/04/2025 10:58:07

Daniel Castro García na data 21/04/2025 10:58:56

Daniel Pérez López na data 21/04/2025 10:59:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o procedemento que impulsa o Ministerio de Educación para a reforma da profesión docente no Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a publicación, en xaneiro de 2022, dun deficiente documento de 24 propostas para debate sobre a reforma da profesión docente, retómase novamente esta cuestión, tres anos despois, convocando dende o Ministerio de Educación á representación sindical do profesorado, así como ás persoas responsables das Comunidades Autónomas.

Parece que o Ministerio se toma con total tranquilidade e parsimonia esta encomenda da Disposición Final Sétima da Lomloe aprobada en 2020, que fixaba o prazo dun ano para facer unha proposta normativa que regulara a formación inicial e permanente, o acceso e o desenvolvemento profesional docente.

O Ministerio de Educación organizou catro grupos de traballo cos sindicatos que forman parte da Mesa Docente Estatal, en torno ás seguintes temáticas:

1. Marco de Competencias Profesionais Docentes e Formación inicial do profesorado (documento marco; graos e masters en educación).
2. Sistemas selectivos e ingreso na función docente (modelos de ingreso; tutorización de prácticas e iniciación á docencia; temarios.)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Formación permanente do profesorado, sistemas e procedementos para o seu desenvolvemento profesional docente.

4. Condicións do desempeño docente (xornada; ratios, apoios para necesidades específicas, desburocratización).

Na primeira reunión destes grupos de traballo é presentado novamente o mesmo documento de 2022 que vai servir como marco para debate do futuro desenvolvemento normativo, cuestión que parece insuficiente despois dunha parálise do Ministerio de tres anos, ter que comezar agora de cero.

Esta actuación demostra unha falta de propostas por parte do Ministerio sobre a mellora das condicións de traballo do profesorado, cuestión que é da súa competencia exclusiva.

Por outra banda, o Goberno da Xunta de Galiza, en concreto a Consellería de Educación, non se ten manifestado en todo este tempo sobre esta inacción, mentres negociaba de xeito miserable o acordo de outubro de 2023 con algúns sindicatos, polo que podemos deducir que nada debemos agardar nesta liña, xa que ten demostrado sobradamente a súa falta de interese.

Estamos pois, ante unha parálise na que o Ministerio de Educación non mostra ningunha intención de impulsar unha negociación real que permita acadar nun prazo razoable, normativa que regule as competencias profesionais docentes, a formación inicial do profesorado, os sistemas selectivos e o ingreso na función docente, a tutorización de prácticas e iniciación á docencia, a formación permanente do profesorado e os sistemas e procedementos para o desenvolvemento da carreira profesional docente.

É dicir, non se prevé un impulso decidido por ter en breve unha batería de melloras concretas para o profesorado. E se estas medidas non son aprobadas antes de finalizar o curso actual, pendentes despois de trámites lexislativos, a súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implementación pódese alongar indefinidamente. Será outra lexislatura perdida no ámbito educativo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza, tendo en conta as demandas do corpo docente galego, a que esixa ao Ministerio de Educación o impulso, con propostas claras e decididas, dos grupos de traballo que consensúen nun prazo breve e determinado a reforma da profesión docente.”

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 21/04/2025 13:28:53

Daniel Castro García na data 21/04/2025 13:34:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 21/04/2025 13:34:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a matriculación nas Escolas Infantís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Catro anos despois do comezo da instauración da gratuidade no servizo de escolas infantís 0-3 en Galiza, a realidade é que os problemas á hora das matriculacións se suceden ano tras ano. Este servizo, que a Xunta de Galiza categoriza coma gratuíto e universal, deixa fóra a 3 de cada 10 nenos/as galegas, xa que a oferta non é abonda para cubrir a demanda existente, o que motiva a grande preocupación das familias á hora de dispoñer ou non de conciliación que lles permita desenvolverse con normalidade no seu día a día, especialmente no tocante á súa rutina laboral.

Malia que, co obxecto de paliar a deficiencia no número de prazas públicas, a Consellería de Política Social estendeu o servizo a través do financiamento desa gratuidade mediante a iniciativa privada, a oferta continúa a ser insuficiente e nin sequera se cobren as solicitudes sumando as prazas das escolas de carácter privado e as públicas, tanto as xestionadas polo Consorcio, pola AGASS e as de carácter municipal.

A incorrecta xestión por parte da Xunta de Galiza deste servizo educativo, que pretenden transformar en plenamente asistencial, remata en conflitos e problemas que se concentran especialmente no período de matriculación e que se repiten anualmente. No curso actual, a aplicación con falla de previsión dunha baremación idéntica na admisión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de alumnado nas escolas de iniciativa privada e nas de iniciativa pública, deu lugar a que as primeiras tivesen unha carga de traballo moi superior a outros anos, causando un caos denunciado polas propias asociacións de escolas infantís e que afectou tanto a estas coma ás propias familias. Estes atrancos foron derivados polos diferentes prazos de matriculación e as múltiples solicitudes para unha mesma crianza, xunto coas dúbidas sobre os casos de empate na baremación que fan que os criterios a aplicar por cada centro neses supostos non sexan comúns ao 100%, sen esquecer a ausencia dunha plataforma única de xestión que facilite esta labor e reduza a burocracia no procedemento.

A pesares de que a gratuidade é financiada tanto no caso da oferta pública coma privada por parte da Consellería de Política Social, as contías económicas aportadas por praza son moi diversas dependendo do tipo de centro. O investimento por crianza no caso da iniciativa privada, cuxa dispoñibilidade é precisa para levar a cabo o servizo, supera frecuentemente o triplo de contía en comparanza co das prazas públicas, onde a escaseza amosa a intención do goberno galego de camiñar cara a privatización do servizo. Este feito evidénciase nos orzamentos da Consellería de Política Social onde, ano tras ano, a partida orzamentaria correspondente ao financiamento da empresa privada aumenta considerablemente, mentres no caso da opción pública ou se mantén nos datos anteriores ou medra máis discretamente.

Unha proba clara de que a iniciativa privada neste eido parece ser a opción de futuro do goberno galego é a renuncia, fai menos de medio ano, a 22 millóns procedentes de fondos europeos do mecanismo de recuperación e resiliencia destinados á creación de prazas públicas de escola infantil, sendo evidentes coñecedores da falla de prazas existente no país e achacando a negativa a que eses fondos non estaban pensados para Galiza porque, entre outras cousas, non permitían o financiamento de prazas de carácter privado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a

1. Regular os prazos de solicitude de prazas en escolas infantís 0-3 dependentes do financiamento da Xunta de Galiza para que coincidan e eliminar as posibles diferenzas á hora das solicitudes de praza.

2. Igualar as contías por praza que perciben as escolas infantís privadas financiadas pola Xunta de Galiza e evitar que se poidan aumentar esas contías amparándose en conceptos e servizos que son gratuítos nas escolas de carácter público.

3. Crear prazas de escola infantil pública para camiñar cara unha oferta pública 100%, recuperando de ser posible so 22 millóns procedentes de fondos europeos aos que se renunciou por parte do goberno galego e que aínda poden executarse durante o 2025 para esa fin.

4. Modificar o decreto de admisión nas escolas infantís financiadas pola Xunta de Galiza para que se cree unha listaxe de solicitude de praza única onde as familias especifiquen un número determinado de preferencias, evitando duplicidades nas reservas de praza e simplificando o proceso, cunha baremación única e común para todas as escolas financiadas con diñeiro público”.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 21/04/2025 17:34:01

Olalla Rodil Fernández na data 21/04/2025 17:34:12



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Organización de Nacións Unidas coordinou en setembro de 1978 a 'Conferencia Internacional sobre Atención Primaria de Saúde', na que foi aprobada a 'Declaración de Alma-Ata'.

Dita declaración, concreta o concepto da propia Atención Primaria nos seguintes termos: "Asistencia sanitaria baseada en métodos e tecnoloxías prácticos, cientificamente fundados e socialmente aceptables, posta ao alcance de todos os individuos e familias da comunidade mediante a súa plena participación e a un custe que a comunidade e o país poidan soportar".

De igual forma, a citada declaración establece que a Atención Primaria "representa o primeiro nivel de contacto cós individuos, a familia e a comunidade" cós sistema sanitario, e comprende, entre outras actuacións, "a educación sobre os principais problemas de saúde e os métodos de prevención", a "inmunización contra as principais enfermidades infecciosas" e "o tratamento apropiado das enfermidades".

Considerando estes plantexamentos, así como o disposto nos artigos 43, 50, 51, 148 y 149 da Constitución de 1978 e en normas como o 'Real Decreto 137/1984, de 11 de xaneiro, sobre estruturas básicas de saúde', a 'Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade' establece no seu Artigo 18 como "actuación sanitaria do sistema de saúde" a atención primaria "integral", que supón "ademais das accións curativas e rehabilitadoras, as que tendan á promoción da saúde e a prevención da enfermidade do individuo e da comunidade".



Como desenvolvemento e actualización da 'Lei Xeral de Sanidade', a 'Lei 16/2003, de 28 de maio, de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde' (SNS), regula no seu Artigo 12 a "prestación da atención primaria" como o "nivel básico e inicial de atención" no que se «garante a globalidade e continuidade da atención ao longo de toda a vida do doente, actuando como xestor e coordinador de casos e regulador de fluxos».

A 'Lei de Cohesión e Calidade' precisa que a Atención Primaria "comprenderá actividades de promoción da saúde, educación sanitaria, prevención da enfermidade, asistencia sanitaria, mantemento e recuperación da saúde, así como a rehabilitación física e o traballo social", e que, dende o apoio na atención hospitalaria -Artigo 13-, é no ámbito asistencial no que se debe poñer en práctica a "asistencia sanitaria a demanda, programada e urxente tanto na consulta como no domicilio do doente"; a "indicación ou prescripción e a realización, no seu caso, de procedementos diagnósticos e terapéuticos"; as "actividades en materia de prevención, promoción da saúde, e atención familiar e atención comunitaria"; as "actividades de información e vixilancia na protección da saúde"; a "rehabilitación básica"; as "atencións e servizos específicos relativos ás mulleres, que especificamente incluírán a detección e tratamento das situacións de violencia de xénero, a infancia, a adolescencia, os adultos, a terceira idade, os grupos de risco e os doentes crónicos"; a "atención paliativa a doentes terminais"; a "atención á saúde mental, en coordinación cos servizos de atención especializada", e a "atención a saúde bucodental".

A partir da 'Lei de Cohesión e Calidade', impulsouse distintas medidas coas que procurar a consolidación e o desenvolvemento competencial e funcional da Atención Primaria no SNS. Exemplos de elo son o 'Proxecto AP-21: estratexias para a atención primaria do Século XXI' do ano 2006, no 'Marco Estratéxico para a Atención Primaria e Comunitaria' de 2019, o ditamen sobre 'Sanidade e Saúde Pública' da 'Comisión de Reconstrución Social e Económica' que o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou no 2020 e o manifesto promovido polos gobernos autonómicos de Galicia e País Vasco en 2022.

Dito manifesto, de vocación transversal e converxente e aliñado có acordo alcanzado consensuado polo Consello Interterritorial do SNS en abril de 2018, demandaba ao Goberno de España medidas urxentes de competencia estatal para atallar coa maior axilidade posible o déficit de especialistas en Medicina de Familia e Comunitaria. Dito manifesto tivo adhesións posteriores de mais gobernos rexionais e de distinto signo político, como o de Cataluña.

O manifesto referido foi traducido como proposta de resolución polo Grupo Parlamentario Popular tras o Debate do Estado da Nación celebrado tamén en xullo de 2022, resultando aprobada.



Pola súa parte, e en paralelo ao anterior, dende o Goberno se concretaron medidas como o 'Plan de Acción de Atención Primaria e Comunitaria 2022-2023'. Non obstante, dito plan foi rexeitado polos profesionais sanitarios, concretamente dende entidades como o 'Foro de Atención Primaria', que está formado pola Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria, o Consello Estatal de Estudantes de Medicina, a Confederación Estatal de Sindicatos Médicos, a Organización Médica Colexial, a Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria, a Sociedade Española de Medicina de Familia e Comunitaria, a Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia, e a Sociedade Española de Pediatría Extrahospitalaria e Atención Primaria.

O citado 'Foro de Atención Primaria' non deixou de pedir "solucións ante a crise sen precedentes que atravesamos o primeiro nivel asistencial"; criticar as "medidas [propostas] para paliar a escaseza de médicos, que son 'parches' en lugar de abordar os problemas estruturais serios", e solicitar "medidas estruturais para dimensionar correctamente as plantillas durante todo o ano", así como "un gran acordo nacional para garantir a nosa Atención Primaria, eixe integrador do SNS".

Dende o Goberno, o 'Informe de necesidade de médicos especialistas en España 2023-2035' cuantifica a necesidade actual de especialistas en Medicina de Familia e Comunitaria en máis de 4.500, cifra que superará os 5.400 en 2029.

O mesmo informe concreta que o número de prazas de formación sanitaria especializada convocadas este ano debería superar as 2.700, aínda que só aumentou en 16 e estamos en 2.500.

A este respecto, o acordo do Consello Interterritorial de 2018 e distintos informes do ministerio falan da necesidade de incrementar o número de prazas de Atención Primaria na oferta de prazas MIR, o que require unha flexibilización dos requisitos das unidades.



Por ese motivo, os conselleiros de saúde do Partido Popular remitiron ao Ministerio de Sanidade por escrito e con arranxo ao regulamento vixente do mesmo Consello Interterritorial o pasado mes de marzo un escrito solicitando un pleno monográfico sobre Atención Primaria, en concreto sobre o aumento de prazas mediante a mencionada flexibilización dos criterios das unidades. Non obstante, dende o Ministerio de Sanidade fixo caso omiso á petición e se rexeitou tratar o tema no derradeiro pleno celebrado no momento no que se prepara a presente iniciativa, é dicir, o acontecido o 4 de abril de 2025 en Toledo.

Por todo o anterior, e no contexto da conmemoración anual do 'Día Internacional da Atención Primaria' o 12 de abril, así como das protestas reiteradas nas derradeiras semás polos profesionais contra o Goberno -por exemplo, as acontecidas fronte ao Ministerio de Sanidade o 5 de abril de 2025- no marco da renovación da 'Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde', o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para traballar dende o consenso real coas Comunidades Autónomas e a coordinación plena cós representantes dos profesionais sanitarios e de os doentes para modernizar, reordenar e potenciar a Atención Primaria e Comunitaria no Sistema Nacional de Saúde.

Para elo, o Goberno materializará medidas coas que:

- 1.- Convocar unha sesión plenaria monográfica do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para abordar a falla de especialistas de Medicina de Familia e Comunitaria, tal e como solicitan a maioría dos conselleiros de Sanidade das Comunidades Autónomas en virtude do regulamento vixente do propio Consello Interterritorial.
- 2.- Dotar ao 'Plan de Acción de Atención Primaria e Comunitaria 2025-2027' de cantos recursos económicos sexan necesarios para que poida ser plenamente implementado de forma efectiva, con independencia de que se aproben ou non os Presupostos Xerais do Estado en 2025.
- 3.- Desenrolar as accións que sexan pertinentes para evitar prazas desertas na elección MIR anual da especialidade de Medicina de Familia e Comunitaria.



- 4.- Revisar os criterios de acreditación das unidades docentes có obxectivo de avanzar en flexibilidade e axilidade, así como de fortalecer as competencias e a capacitación dos especialistas.
- 5.- Prorrogar o mecanismo de xubilación activa mellorada para especialistas en medicina de familia e pediatría de Atención Primaria regulado no Real Decreto-Lei 20/2022 e amplialo para que os profesionais adscritos ao mesmo poidan prorrogar o seu servizo activo ata os 72 anos.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/04/2025 09:56:30

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/04/2025 09:56:46

Raquel Arias Rodríguez na data 22/04/2025 09:56:55

Víctor Baladrón Lamas na data 22/04/2025 09:57:11

Nicole Grueira Fernández na data 22/04/2025 09:57:21

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/04/2025 09:57:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/04/2025 09:57:45

Noelia Pérez López na data 22/04/2025 09:57:56

Ethel Vázquez Mourelle na data 22/04/2025 09:58:09

Maria Magdalena Perez Millares na data 22/04/2025 09:58:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre a exclusión inmediata da frota galega de artes de fondo fixas das 87 vedas impostas pola CE no Atlántico Nororiental e a necesidade de compensacións á mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As revisións anuais prometidas pola Comisión Europea no mes de setembro de 2022, após o veto que impuxo á pesca de fondo en 87 áreas das augas comunitarias do Atlántico Nororiental, non foron cumpridas aínda a día de hoxe, dous anos e medio despois de ter tomado un acordo que non contou nin co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo.

Unha decisión que prohibiu o acceso ás artes de pesca de fondo en preto de 17.000 quilómetros cadrados por baixo dos 400 metros, que nin sequera contou cos informes científicos e técnicos suficientes, que se levou a cabo, ademais, sen diálogo co sector nin cos Estados afectados -España, Francia, Irlanda e Portugal- e sen ningún tipo de avaliación socioeconómica sobre o seu impacto, non pode cualificarse doutro xeito máis que de abuso e de inxustiza.

De feito, a frota galega máis afectada, a do palangre, nomeadamente a agrupada na Organización de Produtores Pesqueiros de Burela, non tivo máis opción que acudir





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao Tribunal de Xustiza da UE para demandar a anulación dunha prohibición que consideran desproporcionada e discriminatoria. Demanda que só foi formalizada ademais de pola propia OPP de Burela, polo Estado español e que a Xunta de Galiza, malia prometelo e anunciálo ata a saciedade, só secundou como parte coadjuvante.

Ao longo destes anos, nin os informes do Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca (STECF), asesor da CE, e dos que, por certo, esta prescindiu na súa decisión de 2022, nin tampouco os do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES), foron quen de certificar con datos concluíntes os supostos danos que o palangre de fondo produce nos ecosistemas mariños vulnerábeis (EMV) e aínda así nin se albisca a revisión que nunca se levou a cabo.

É máis, a reunión do STECF que tivo lugar o pasado 14 de abril determinou que aínda non ten datos suficientes e que son necesarias máis investigacións. No entanto, si confirma no seu informe o impacto económico das 87 vedas sobre a frota máis afectada, a do Estado español, que é maioritariamente a galega. Daquela situaba as perdas entre os 13 e os 16 millóns de euros ao ano, agora fala dunha diminución media dun 11% do valor económico total entre o 2022 e o 2023.

Mentres, a redución de capturas da frota de palangreiros demersais galegos continúa, tamén a súa reconversión en volanteiros, menos afectados polas restricións europeas, e mesmo as baixas por inviabilidade das empresas que nunca se recuperarán. Está aínda por cuantificar o verdadeiro dano en número de postos de traballo, en perda de empresas, de tecido produtivo pesqueiro en moitas zonas do noso país e, dende logo, a incidencia social dunha decisión imprudente e totalmente arbitraria.

Ademais do propio acordo da CE do 2022, que se levou a cabo con datos científicos de entre o 2011 e o 2013, resulta totalmente inxustificábel que non se tiveran levado a cabo as revisións nos prazos comprometidos, que non existan aínda informes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

determinantes, que se negaran fondos compensatorios para a frota afectada por parte da Unión Europea e do Estado español, máis alá dos limitados e insuficientes fondos FEMPA, e que ningunha institución siga sen responder por tal despropósito, levado a cabo en nome dunha sostibilidade que non existe para a frota.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a esixir do Goberno do Estado e da Unión Europea, á vista dos informes que evidencian un clamoroso impacto económico para a frota afectada e non determinan un impacto ambiental para os EMV:

. A suspensión inmediata do veto ás artes fixas de fondo, nomeadamente o palangre e o enmalle.

. A articulación de medidas compensatorias para a frota afectada pola prohibición das artes de fondo en 87 zonas do Atlántico Nororiental, nas que a propia Xunta colaborará, así como a activación inmediata dos fondos correspondentes para levalas a cabo”.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Castro García

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 22/04/2025 10:26:04

Daniel Castro García na data 22/04/2025 10:26:16

Daniel Pérez López na data 22/04/2025 10:26:34

Paulo Ríos Santomé na data 22/04/2025 10:26:43

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2025 10:27:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á estratexia do goberno galego ante o posíbel impacto da política arancelaria dos Estados Unidos de América.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas a economía mundial está a verse afectada polos anuncios e primeiras medidas da política arancelaria dos Estados Unidos de América nun contexto de incremento da incerteza respecto das condicións para o desenvolvemento da actividade comercial e de incremento das tensións xeopolíticas.

En síntese, o goberno Trump establece un arancel xeral mínimo do 10%, alén doutros específicos para os países que consideran que tratan inxustamente aos produtos procedentes dos EUA. En concreto, aos produtos da Unión Europea corresponderían uns aranceis do 20%, que xustifican como a metade do arancel que a UE lles aplica aos produtos de EUA. Con estas medidas din pretender compensar o déficit comercial do seu país cos seus parceiros comerciais ao longo do planeta.

É preciso contextualizar esta ofensiva arancelaria como un paso máis na guerra comercial que os EUA xa iniciara, fundamentalmente en contra China, e no seu intento de frear ou reverter o seu devalar como potencia hexemónica perante a emerxencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

doutros actores internacionais e é parte da expresión da crise estrutural que atravesamos o grande capital e do papel imperialista estadounidense.

En todo caso, a medida provoca unha enorme incerteza nos mercados globais que se traslada en primeiro lugar aos sistemas produtivos dos países exportadores e despois ao conxunto do comercio internacional. Axítase a ameaza da guerra comercial, con consecuencias imprevisíbeis nun contexto xeopolítico de enorme incerteza. Ante este contexto, a Unión Europea anunciou que respondería ao tempo que se abre a unha negociación. Pola súa banda, o goberno do estado español anunciou unha mobilización de 14.100 M€ para combater o impacto dos aranceis mais o decreto continúa paralizado nestes momentos. Ao tempo, xa podemos constatar que esta medida ten tamén como obxectivo situarse nunha posición inicial de forza ante negociacións posteriores coa pausa de noventa días para varios países.

É polo tanto, necesario que a Xunta de Galiza saia da súa parálise e active os mecanismos de autogoberno e impulso político dos que dispón para prever e valorar o impacto no noso país, intervir en relación cos sectores económicos e sociais máis afectados e negociar con ambición ante as distintas institucións que deban tomar decisións que nos van afectar.

É preciso recordar que Galiza exporta menos do que importa dese país. Así, no 2024 vendemos bens por valor de 802,35 millóns de euros e compramos por valor de 1.292,43 obtendo un déficit comercial con EUA por valor de máis de 490 millóns. No 2024, as principais exportacións foron de produtos químicos, material e transporte, maquinaria e aparellos e material eléctrico, produtos alimentarios, metais e manufacturas metálicas, animais e produtos derivados, manufacturas de pedra e doutros materiais como xeso, cemento, etc. No seu conxunto, máis de mil empresas galegas exportaron a EUA durante 2024.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Algunhas informacións estiman en 255 millóns de euros o impacto dos aranceis no PIB de Galiza, o que suporía unha mingua do 0,3% (sobre o PIB provisional de 2024). Por outra banda, os EUA son un dos principais destinos do investimento galego no exterior o 34,9% do total do investimento exterior entre 2019 e 2023.

Estes son só algúns datos que avanza o posíbel impacto en Galiza deste novo contexto. É necesario, polo tanto, que por parte da Xunta de Galiza se elabore en detalle o impacto de maneira pormenorizada, que se avalíe o impacto en macroeconómicos e tamén nos distintos ámbitos económicos, produtivos e sociolaborais e que non se limite a manterse de espectadora das políticas que arbitren outras institucións. Debe facerse unha valoración e unha posición galega que dea resposta ás necesidades e prioridades do noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar actuacións propias ante o impacto da política arancelaria estadounidense na economía galega e definir, en colaboración co Consello Económico Social e co tecido universitario galego, entre as que se inclúan:

1. Definir aqueles sectores considerados como estratéxicos e esenciais para Galiza e diagnosticar o seu grao de afectación co fin de blindar a súa viabilidade e o control público galego sobre eles e atender a necesidades como minimizar a dependencia na Galiza na subministración de recursos críticos ou esenciais para o funcionamento da nosa sociedade e articular medidas para evitar que a guerra arancelaria afecte negativamente ao noso tecido produtivo nacional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Estabelecer unha estratexia propia de defensa e promoción dos intereses comerciais galegos no exterior.

3. Estabelecer unha previsión de medidas para evitar que un posíbel aumento de prezos incremente o empobrecemento dos sectores sociais máis vulnerables e afectados pola anterior crise de prezos.

4. A concreción desta estratexia será remitida á Cámara Galega para o seu debate e aprobación”.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Ramón Fernández Alfonzo

Óscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2025 11:47:18

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2025 11:47:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2025 11:47:47

Óscar Insua Lema na data 22/04/2025 11:48:20

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2025 11:48:30

Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2025 11:48:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre as medidas que a Xunta de Galiza debe tomar no que ten a ver coa situación da factoría Alcoa-San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2021 Alcoa asinaba un acordo cos representantes dos traballadores e traballadoras, despois de meses de mobilizacións, que implicaba o cesamento da produción temporalmente coa condición de manter todos os empregos cando se reiniciase a actividade dous anos despois -prevista inicialmente para xaneiro de 2024-, ademais do compromiso de realizar melloras e investimentos que garantisen a viabilidade e continuidade da actividade na planta, especialmente, a construción do novo forno de ánodos.

Posteriormente, a comezos do 2023, Alcoa propuxo incrementar os prazos para o arranque, proceso de reinicio que se está a desenvolver na actualidade. A comezos de 2025 o Ministerio de Industria e Turismo xunto coa Xunta da Galiza, Alcoa e IGNIS asinaban un Memorando de Entendemento -MoU segundo as súas siglas en inglés- en que se comprometían a colaborar para “lograr a estabilidade das operacións” na planta de aluminio en San Cibrao, priorizando a reactivación das instalacións de aluminio, ademais de axilizar as autorizacións de proxectos de enerxía renovable para “lograr custos competitivos” e incrementar as axudas ás emisións de CO2.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, o Memorando ao completo non foi feito público, nin sequera se compartiu co Comité de Empresa, polo que é preciso reclamar maior transparencia e exixir que se dea a coñecer o seu contido íntegro, máis, cando algunhas das cláusulas divulgadas parecen non respectar os compromisos alcanzados cos traballadores e traballadoras en relación aos investimentos pendentes, principalmente, a construción do forno de ánodos.

Así, o Ministerio de Industria parece amparar que se facilite unha saída da crise de acordo coa empresa, mais abandonando os traballadores e sen garantir a continuidade da actividade produtiva. Esta situación podería desembocar nunha desindustrialización semellante á xa vivida en Alcoa A Coruña e Alcoa Avilés, co fechamento definitivo das instalacións. Así pois, é imprescindible que desde o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza, administracións asinantes dese memorando, se exixa o cumprimento do acordo asinado co Comité de Empresa e que se desenvolvan todas as actuacións e investimentos comprometidos.

No referido á subministración de enerxía, debe lembrarse que existen xa, neste momento, solucións viables para garantila mentres non se materialicen as PPAs previstas, de facto, segundo os datos máis recentes, sobre o total da produción eléctrica galega, máis de 40% da enerxía xerada na Galiza é “exportada” a outras comunidades, polo que se demostra que hai enerxía suficiente dispoñible para asegurar a continuidade da actividade.

Por tanto, no momento actual as autoridades públicas, especialmente o Goberno do Estado a través do Ministerio de Industria, debe rectificar e dar o seu apoio total ás demandas dos traballadores e traballadoras, é dicir, exixir a Alcoa que cumpra cos compromisos adquiridos, garantindo os investimentos necesarios para a viabilidade da fábrica. Neste sentido, é posible explorar por parte do Ministerio de mecanismos de financiamento alternativos, como por exemplo, a concesión de créditos reembolsables,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que aseguren que a empresa realice as melloras e investimentos comprometidos, particularmente a construción do forno de ánodos que, non só é fundamental para garantir o futuro da actividade en San Cibrao, senón tamén para garantir o emprego, especialmente nas empresas auxiliares.

Así mesmo, é necesario que calquera acordo ao que se chegue coa empresa inclúa aos traballadores e traballadoras das empresas auxiliares, garantindo a protección ao emprego até decembro de 2026, data até a que Alcoa asegura manter o emprego directo.

Por último, cabe lembrar que, se fose necesario, a SEPI debe estar preparada para intervir a empresa e asegurar a continuidade da actividade industrial, garantindo que non se repita a situación vivida noutras plantas de Alcoa. En definitiva, o Goberno debe actuar con determinación e priorizar os intereses da industria e do conxunto dos traballadores e traballadoras.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno do Estado para que:

1. Faga público o contido íntegro do Memorando de Entendemento asinado polo Ministerio de Industria e Turismo, a Xunta da Galiza, Alcoa e IGNIS.

2. Esixa á empresa o cumprimento do acordo asinado coa representación dos traballadores e traballadoras e realizar os investimentos comprometidos, singularmente, a construción do forno de ánodos, que garantirán a viabilidade da actividade industrial e a continuidade dos postos de emprego na planta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Garanta, a través de créditos reembolsables do ICO ou outra fonte de financiamento público, o inicio das melloras e a construción do forno de ánodos.

4. Estenda no tempo a garantía do acordo asinado para o mantemento dos postos de traballo para o persoal das empresas auxiliares.

5. Dea unha solución viable que asegure a subministración de enerxía mentres non se materialicen as PPAs previstas.

6. Manteña a previsión dunha posible intervención pública por parte da SEPI para o caso de que a falta de cumprimento do acordo poña en risco a viabilidade da planta de ALCOA en San Cibrao para así manter a actividade industrial e os postos de traballo.

Asemade, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a comprometerse a facer parte dunha posible intervención pública con fondos propios da mesma”.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonso

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 22/04/2025 12:46:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2025 12:46:55

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2025 12:47:03

Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2025 12:47:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a resposta do goberno galego á hora de artellar mecanismos fronte á guerra arancelaria iniciada polos Estados Unidos de América.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A chegada de Donald Trump á Casa Branca supuxo un terremoto para o conxunto das economías estreitamente relacionadas cos EUA. As últimas medidas controvertidas son a imposición de aranceis a practicamente tódolos mercados que teñen relación comercial con este país, o que se deixa entrever como un síntoma do deterioro da hexemonía do imperialismo norteamericano nun contexto cada vez máis multipolar tamén no económico.

Galiza non é unha excepción dentro do impacto que causará a política arancelaria dos EUA xa que nos últimos 10 anos incrementáronse as exportacións a este mercado preto dun 41%, sendo os sectores principais os relacionados coa cadea da industria alimentaria e das bebidas (nomeadamente o viño), os produtos enerxéticos, o sector do metal, da automoción, da pedra e a cadea mar-industria entre outros.

As exportación galegas situáronse no 2024 por riba dos 30.000 millóns de euros dos cales preto do 2,5% realizáronse aos EUA, supoñendo un valor de algo máis de 800 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por sectores, o do viño sería o máis afectado debido a que EUA é o principal mercado, tamén o da pedra onde o 10% expórtase até os Estados Unidos de América, tamén sectores como o metal onde a patronal ASIME reconece que só o 5% da súa produción se destina a este mercado mais que supón preto do 34% das exportacións galegas aos EUA, tamén xera incerteza polo impacto derivado a outros sectores e posibles rupturas nas cadeas de valor e o efecto rebote indirecto na redistribucións dos mercados globais.

No mesmo sentido tanto os clústers da automoción (Ceaga) e do téxtil e moda (Cointega) mostraron preocupación polo impacto en dous sectores que están a atravesar momentos de incerteza.

Os últimos anuncios por parte do Goberno do Partido Popular fan fincapé no axuste das condicións de préstamos por valor de 50 millóns de euros cun máximo por préstamo dun millón. Esta medida non supón unha mobilización extra de recursos da Xunta na protección dos sectores produtivos, se non unha modificación de condicións para un capital xa contemplado nos propios orzamentos.

Polo tanto faise preciso dende o Goberno Galego establecer mecanismos de protección dos sectores produtivos galegos para garantir, entre outros, o mantemento do emprego de calidade e da capacidade de produción no país.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a desenvolver unha estratexia de apoio técnico e financeiro para os sectores produtivos galegos que faga fronte á guerra arancelaria iniciada polos Estados Unidos de América priorizando, como mínimo os seguintes puntos:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Despregar axudas directas ou compensacións ás empresas e cooperativas afectadas, especialmente se os aranceis supoñen perdas inmediatas, co compromiso das mesmas de manter o emprego en Galiza.
- Prestar apoio á transformación e mellora do valor engadido dos produtos exportables (por exemplo, mellorar calidade, identidade e presentación, innovación, trazabilidade...).
- Incentivar a produción ecolóxica e a obtención de selos de recoñecemento ou certificacións internacionais, para aumentar a valorización da nosa produción noutros mercados e poden evitar mellor as consecuencias mais negativas das guerras comerciais.
- Promover unha rede de colaboración intersectorial, incentivando a exportación conxunta como, por exemplo, clústers exportadores, unións de produtores ou cooperativas con maior capacidade de resposta ante continxencias como a actual.
- Prestar apoio técnico e financeiro directo ás empresas afectadas mediante subvencións para explorar novos mercados, liñas de crédito brandas e/ou formación e asesoramento en comercio internacional loxística e lexislación para adaptar as estratexias comerciais ás novas condicións arancelarias do mercado dos EUA.
- Reorientar as actividades transformadoras para produtos de alto valor engadido.
- Aumentar o investimento en I+D+i para mellorar a competitividade das empresas.
- Despregar axudas específicas para a almacenaxe temporal de produtos mentres se buscan alternativas de exportación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Promover a intervención pública para a blindaxe das actividades produtivas estratéxicas na Galiza co obxectivo de garantir o mantemento do emprego no noso territorio.

– Desenvolver un programa de diversificación e apertura de novos mercados para que as empresas galegas consigan novos destinos para os seus produtos.

– Reforzar as oficinas de internacionalización dotándoas con máis recursos para asesorar, buscar importadores alternativos e negociar novos acordos comerciais internacionais.

– Desenvolver unha estratexia específica para a intensificación das relacións económico-comerciais da Galiza no ámbito da lusofonía.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonso

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2025 15:36:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2025 15:40:14

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2025 15:40:44

Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2025 15:40:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Está claro que solucionar esta situación non pode ser responsabilidade das persoas traballadoras e moito menos das e dos residentes. É da concesionaria e fundamentalmente da Administración que non ten suficientes instrumentos de control e inspección de que o mantemento das instalacións e prestación dos servizos se realizan de acordo cos pregos da concesión e en condicións óptimas de calidade e funcionamento.

É indubidable que se trata dun novo caso no que a Consellería, responsable último da prestación do servizo público, desenténdese das súas competencias cando privatiza a xestión das súas residencias en concesionarios privados pero non realiza un seguimento e control de como a concesionaria presta o servizo público en concesión cumprindo cos pregos da concesión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realización das funcións de inspección e control das condicións en que a concesionaria DomusVi da





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24434
Data envío: 23/04/2025 16:13:56,763

residencia de maiores de Laraxe en Cabanas presta o servizo ás persoas residentes e realiza adecuadamente o mantemento das infraestruturas para os servizos hostaleiros, sanitarios e de lecer das persoas residentes.

Santiago de Compostela, a 23 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 23/04/2025 15:47:25

Silvia Longueira Castro na data 23/04/2025 15:47:34

Elena Espinosa Mangana na data 23/04/2025 15:47:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/04/2025 15:52:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81699

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso a unha vivenda digna converteuse nun dos principais problemas sociais e económicos en moitas zonas de España, especialmente en grandes cidades e zonas turísticas.

Os factores que explican esta situación son a subida de prezos de aluguer e compra, moi por encima dos salarios, falta de vivenda pública ou social en comparación con outros países europeos, especulación inmobiliaria e presenza de fondos de investimento, uso de vivendas para aluguer turístico reducindo a oferta para residentes, a existencia de zonas moi tensionadas fronte a outras con menor presión.

A Lei de vivenda 12/2023, a primeira lei estatal de vivenda en democracia, ten como obxectivo garantir o dereito a unha vivenda digna e alcanzable con estratexias como límites ao prezo do aluguer en zonas tensionadas, definición do gran tenedor, persoa ou entidade, con máis de 10 vivendas, obriga a unha porcentaxe de vivenda protexida nos desenvolvementos urbanos, reforza as garantías de persoas vulnerables nos desafiuzamentos, regula o aluguer a través de medidas como actualizacións de alugueres limitadas, obrigación de asumir gastos de xestión por parte do propietario ou incentivos fiscais para pequenos propietarios que baixen os prezos e, por último, establece a





posibilidade de declarar zonas tensionadas aquelas en que o esforzo económico para pagar o aluguer supera o 30 % dos ingresos medios ou o prezo da vivenda subiu máis dun 3% por encima do IPC nos últimos 5 anos.

As zonas tensionadas poden ser solicitadas polos concellos e deben ser declaradas polas comunidades autónomas. A declaración de zonas tensionadas permite limitar os prezos do aluguer, obrigar aos grandes tenedores a ofrecer aluguer social en caso de desafiuzamento e ter acceso a medidas especiais de apoio ou financiamento.

Esta declaración depende das comunidades autónomas, que teñen a competencia, pero lamentablemente o PP e outras formacións como VOX, que cogoerna en varias comunidades autónomas, rexeitaron frontalmente a Lei de Vivenda e calquera medida de intervención pública no mercado do aluguer que, ao seu xuízo, resólvese incentivando a oferta, non controlando prezos. O PP de Galicia non é unha excepción opoñéndose á Lei de vivenda pero non aos fondos que proveñen do Goberno central para as políticas de vivenda man mais ou menos oculto nas distintas convocatorias.

Un exemplo desta oposición ás medidas da lei de vivenda é o rexeitamento por parte da Xunta á solicitude de zona tensionada presentada polo Concello da Coruña, primeiro Concello que a solicita. A súa alcaldesa, a socialista Inés Rei, acusou á Xunta de "torpedear" a petición da cidade como mercado tensionado, no marco das medidas para facilitar o acceso á vivenda, sobre todo dos mozos, por "cuestión ideolóxica". Ademais a carencia de lealdade institucional da Xunta de Galicia ponse de manifesto porque a Consellería de Vivenda comunicou aos medios a resolución que solicita ao concello "información completa e máis concreción" e, ademais, que na documentación remitida hai que corrixir "erros de vulto", antes de que chegase "oficialmente" ningún requirimento ao Concello, "coñecemos esa decisión a través da prensa", reprochou a alcaldesa.





Estes feitos demostran, en opinión do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a vontade inequívoca da Xunta de Galicia, en consonancia coas directrices emanadas de Génova, de torpedear a lei de vivenda e calquera medida de apoio á política de vivenda que se faga desde os concellos, de feito a anterior conselleira chegou a declarar que a lei non se podía aplicar xa que estaba recorrida ao Tribunal Constitucional, a vicepresidenta segunda da Xunta, Ángeles Vázquez, respondeu a alcaldesa de A Coruña, tras a súa petición para declarar a cidade como zona de mercado tensionado, que "hai enriba da mesa recursos de inconstitucionalidade" respecto a Lei de vivenda para xustificar a súa negativa a tramitar a petición que estaba a preparar o Concello da Coruña.

Queda claro que o goberno da Xunta non lle preocupa o tema da vivenda máis alá dos réditos electorais e de oposición ao Goberno central, cando é un tema que debería estar á marxe das loitas partidarias, é un dos grandes problemas da sociedade actual en toda Europa, e onde a colaboración de todas as administracións debía ser un dos obxectivos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a facilitar e colaborar na tramitación e aprobación da declaración de zonas tensionadas solicitadas polo Concello da Coruña, primeiro concello galego en solicitala, como unha medida efectiva para conter o aumento do custo do aluguer nas cidades onde o custo do aluguer supón mais do 30 % dos ingresos medios.

Santiago de Compostela, a 23 de abril do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24440
Data envío: 23/04/2025 16:18:29.917

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 23/04/2025 13:52:59

Silvia Longueira Castro na data 23/04/2025 13:53:08

Carlos López Font na data 23/04/2025 13:53:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/04/2025 13:53:43

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81703

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa á inexistencia de avaliación do impacto ambiental, económico e social que supoñería para o río Ulla e a ría de Arousa a instalación de Altri en Palas de Rei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Memoria dos seus Orzamentos para este ano, a Consellaría de Mar recolle literalmente: “O sector marítimo-pesqueiro ten un valor fundamental en Galicia. Se tivéssemos que definir un trazo diferencial da economía galega sobre a europea, este sería a importancia na nosa economía da pesca, do marisqueo e da acuicultura, ao que habería que engadir toda unha importante cadea mar-industria ... Non existe ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro e a súa capacidade de indución de actividade industrial teñan un peso tan relevante no PIB, acadando o complexo mar-industria o 4,8% (o sector extractivo chega ao 2,1%) e englobando a nivel laboral a máis de 50.000 persoas con empregos directos. Este conxunto de datos leva a que o Valor Engadido Bruto que xera a pesca e a acuicultura sexa en Galiza 25 veces superior ao da UE e máis de seis veces superior ao de España”.

As últimas ‘Táboas Input-Output da Pesca-Conserva Galegas 2019’ certifican que dende 2011 o valor da produción do sector ascendeu preto dun 50% e que a suma da actividade da cadea extractiva, do mar-industria e do comercio exterior pesqueiro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza roldou os 9.000 millóns de euros en ingresos, acadando a cifra máis alta da historia. Ademais, certifícase que nove de cada dez actividades económicas na comunidade relaciónanse coa pesca e a cadea mar-industria".

Sen dúbida, son afirmacións espectaculares e datos verdadeiramente impresionantes, mais que, tal e como comprobamos ano tras ano, á Consellaría só lle serven para poñer nun papel.

Poderíamos citar aquí, outra vez, moitos outros datos que son igual ou máis impresionantes aínda, mais que a Consellaría de Mar parece obviar intencionadamente trasladando unha realidade que nada ten a ver coa que viven miles de traballadoras e traballadores do mar no noso país.

Mais se hai certamente datos que nos impactan referidos ás rías galegas, son os referidos á máis importante de todas, a ría de Arousa, onde, malia a pasar por graves dificultades produtivas, o sector primario do mar é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera: Mariscadoras a pé, bateiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc., constitúen un amplísimo colectivo de preto de 20.000 persoas que teñen o seu medio de vida no mar. Un sector que xera ademais empregos estábeis, tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades.

O peso do sector da pesca na economía dos dez concellos da ría amosa, segundo o Análise do sector da pesca (IGE, 2023), que del depende, de media, o 18% do seu PIB, acadando unha importancia fulcral en concellos como Ribeira (32,17%), A Pobra do Caramiñal (24,17%), A Illa de Arousa (22,68%), Boiro (22%), ou O Grove (20,73%).

Á importancia económica derivada do sector primario do mar arousán únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde expande beneficios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

socioeconómicos entre amplas capas da poboación do entorno local que incentivan a implantación de actividades e pequenos negocios e asenta poboación.

Mais todo isto pode verse en risco se compromete a calidade das augas do río Ulla, o máis determinante para a produtividade marisqueira por ser o máis caudaloso dos que alimentan a ría de Arousa á que aporta auga doce fría e rica en nutrientes que favorece a produción de bivalvos e a riqueza dos Lombos do Ulla. A realidade catastrófica deste banco marisqueiro dende hai anos amosa claramente que o río xa leva moito tempo en mal estado sen que a Xunta de Galiza actúe.

E precisamente por isto, ademais dos datos anteriores citados sobre o sector do mar da ría de Arousa e moitos outros que son públicos e coñecidos, resúltanos especialmente vergonzoso o informe da Dirección Xeral de Pesca e Innovación Tecnolóxica que figura na Resolución da Declaración de Impacto Ambiental do proxecto industrial promovido por Greenfiber en Palas de Rei.

Menos de 35 liñas nunha Resolución dun total de 76 páxinas, onde deixa moitos, por non dicir todos, aspectos sen avaliar e menos dun xeito rigoroso e onde se fía todo ao Estudo de Impacto Ambiental presentado polo propio promotor.

En definitiva, unha burla se o tema non fose dunha enorme magnitude para moitos sectores e poboacións que se poden ver afectadas pola instalación dunha macrocelulosa situada a carón do río Ulla, nomeadamente para o sector do mar da ría de Arousa.

Non hai explicación lóxica posíbel diante de tal desleixo por parte da Consellaría de Mar quen, en resumo, non avalía nada, nin as afeccións medioambientais que se poden dar nin moito menos os impactos económicos e sociais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

Levar a cabo por parte da Consellaría de Mar unha avaliación do impacto ambiental, económico e social que supoñería para o río Ulla e a ría de Arousa a instalación de Altri en Palas de Rei.

Antepoñer a defensa da calidade das augas do río Ulla e da ría de Arousa, a súa biodiversidade, a súa recuperación e a actividade do sector do mar a calquera outra que a poida prexudicar.

Desenvolver un plan, en colaboración coas distintas administración e co tecido socioeconómico, para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do ría Ulla e para a rexeneración e reactivación produtiva da ría de Arousa”.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/04/2025 16:30:13

Iria Carreira Pazos na data 23/04/2025 16:30:38

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2025 16:30:47

Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/04/2025 16:31:05

Rosana Pérez Fernández na data 23/04/2025 16:31:19





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

A Autoridade Portuaria de Galicia anunciou a posta en marcha dos estudos técnicos necesarios que permitan elaborar un novo proxecto para retomar o dragado do río Lérez.

O Grupo Socialista leva reclamando como urxente este proxecto dende hai unha década porque entendemos que é necesario dende o punto de vista medioambiental xa que a situación na que se atopa o tramo final deste río cunha alta acumulación de sedimentos pon en perigo o seu ecosistema mariño e dende o punto de vista económico porque esta situación está a causar un problema para o sector marisqueiro, para a actividade turística ou de ocio vinculada ao club naval e incluso para a práctica deportiva.

Cremos que neste momento no que se vai revisar e actualizar o proxecto inicial é necesario ampliar a zona de dragaxe e que esta chegue ata a ponte dos Tirantes, xa que estes anos de atrasos fixeron que a zona situada entre as pontes das Correntes e os Tirantes atópase chea de lameira e lodo a un nivel que se pode atravesar a pé cando baixa a marea.

Esta ampliación axudaría a renaturalizar esta zona do río próxima ao centro urbano, mellorar a súa biodiversidade e posibilitar a práctica deportiva.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24459
Data envío: 23/04/2025 20:25:33,761

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incluír nos estudos técnicos previos ao novo proxecto de dragaxe do río Lérez a posibilidade de ampliación da zona de dragaxe ata a Ponte dos tirantes, co fin de incluíla posteriormente no dito proxecto.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/04/2025 20:21:15

Carlos López Font na data 23/04/2025 20:21:27

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/04/2025 20:21:38

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81710

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á concreción do anuncio reiterado polo Presidente da Xunta de Galiza de impulsar “CIM” móbiles ao longo do país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, durante o Debate do Estado da Nación, o Presidente da Xunta reiterou o anuncio da posta en marcha de Centros de Información á Muller móbiles que xa anunciara na campaña electoral de 2024 e na sesión de investidura dese mesmo ano. A maiores da repetición deste anuncio, o señor Presidente concretou que se trataría de catro, un por provincia.

É preciso recordar que segundo a normativa vixente, corresponde ao goberno galego a responsabilidade de promover a creación e o mantemento de recursos de carácter permanente, entre os que están os CIM, desde os cales se articule unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionen asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada a conseguir a igualdade efectiva. De forma singular, corresponde ao goberno galego apoiar a extensión desta Rede para garantir o acceso de calquera muller do noso país a estes recursos.

Máis concretamente, canto aos Centros de Información á Muller cómpre recordar que se ben as entidades locais son colaboradoras fundamentais, a Xunta debe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

responsabilizarse dun adecuado financiamento que permita a creación de novos centros, a consolidación dos actuais e a ampliación do persoal, promovendo que as contratacións sexan a tempo completo e que se avance, conforme reclama o asociacionismo e as e os profesionais, as categorías profesionais existentes.

Ao mesmo tempo conviven, xa que logo, o reto de estender este servizo ao longo do territorio garantindo o reequilibrio territorial e, ao mesmo tempo, a consolidación e ampliación dos servizos para garantir que haxa unha dotación suficiente.

De forma particular, a extensión ao longo do territorio é fundamental. De feito, é preciso lembrar que un estudo recente da FEGAMP publicado no ano 2023 sinalaba como o 26% dos concellos de Galicia non dispón da atención de ningún Centro de Información á Muller e que que os concellos que non teñen servizo específico de CIM se sitúan en zonas rurais, de difícil acceso e mal comunicadas, e están a gran distancia dos concellos que si dispoñen de CIM;s municipios de entre 5.000 e 20.000 e os de menos de 5.000 habitantes presentan importantes deficiencias na cobertura de CIM, cun gran número de concellos sen servizo específico ou servizo estendido por área de influencia e Ourense e Lugo son as zonas peor paradas.

Neste contexto, é evidente que toda ampliación de servizos é necesaria. Porén, é preciso concretar os termos do anuncio feito e asegurar a súa fundamentación e posibilidades de éxito, xa que non parece ser a solución a este problema de extensión territorial. Por unha banda, cómpre ter en conta que os servizos deben ter accesibilidade e polo tanto parece complexo que isto se cumpra se non hai un servizo con vocación de permanencia. Pola outra, con base ás competencias e actuacións atribuídas aos CIM, prevese que interveñan na comunidade nas que se sitúa e verificar isto parece tamén complexo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir á Cámara galega a documentación referente aos estudos, avaliacións e previsións elaboradas para a posta en marcha do recurso dos CIM móbiles así como a información referente á regulación, protocolos e pautas de funcionamento que van rexer.
2. Comprometerse a que o funcionamento destes recursos será de xestión pública e directa e que se garantirá a debida coordinación, dentro do ámbito público, cos demais CIM existentes.
3. Aproveitar a necesidade de reorganización dos servizos para impulsar un proceso de diálogo no que participen os sectores laborais implicados e a FEGAMP de cara a consensuar un novo marco de financiamento e a revisión normativa da regulación que permita ampliar as categorías profesionais.”

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/04/2025 09:59:20

Olalla Rodil Fernández na data 24/04/2025 10:04:35





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

No municipio de Soutomaior, o mal estado do chan que presentan as beirarrúas das rúas Calvario, Xosé Solla e Roxelio Landeiro en Arcade están provocando dificultades aos veciños e veciñas, especialmente ás persoas con discapacidade que necesitan desprazarse por esas rúas.

Polo tanto, é preciso arranxar as beirarrúas para facilitarlles o desprazamento ás persoas con discapacidade así como ao resto de veciñas e veciños.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 11:01:41
Nº Rexistro: 24479
Data envío: 24/04/2025 11:01:41.966

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a levar a cabo o arranxo das beirarrúas, con especial atención ás persoas con discapacidade, nas rúas Calvario, Xosé Solla e Roxelio Landeiro en Arcade, Soutomaior.

Santiago de Compostela, a 24 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/04/2025 11:00:09

Carlos López Font na data 24/04/2025 11:00:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/04/2025 11:00:25

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81716

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-c1tthnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferencias entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

A PO-308 é unha estrada que conecta as localidades de Poio e O Grove, situadas na provincia de Pontevedra. Esta vía é fundamental para a comunicación e o desenvolvemento económico da zona, xa que facilita o acceso a diversas praias e servizos turísticos.

A pesar dos plans e das inversións realizadas, algúns residentes e usuarios da vía expresaron o seu descontento debido aos retrasos na execución das obras prometidas. Por exemplo, en 2018 presentouse un plan para a construción de sendas peonís que implicaba a reforma da PO-308 entre Combarro e Covelo, con obras que se ían iniciar en 2019. Sen embargo, ata a data, estas melloras non se materializaron, xerando críticas e preocupacións entre a poboación.

En resumo, a PO-308 é unha arteria vital para a comunicación entre Combarro e Covelo, e aínda que se destinaron recursos significativos para a súa mellora,





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 12:15:31
Nº Rexistro: 24485
Data envío: 24/04/2025 12:15:31.410

persisten os desafíos relacionados coa implementación dos proxectos e a satisfacción das necesidades dos usuarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a rematar a execución das obras de mellora na PO-308 no seu paso polo concello de Poio, garantindo a seguridade viaria e a accesibilidade da cidadanía. Dado o impacto socioeconómico desta estrada, solicítase a finalización urxente das obras pendentes, incluíndo a construción de sendas peonís e a adecuación da vía ás necesidades dos usuarios.

Santiago de Compostela, a 24 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/04/2025 12:11:19

Carlos López Font na data 24/04/2025 12:11:29

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/04/2025 12:11:38

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81718

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, sobre a subrogación do persoal que realiza os labores de mantemento nas autoestradas rescatadas pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente Alfonso Rueda anunciou o pasado 14 de outubro o acordo do Consello da Xunta para recuperar a concesión de catro autoestradas, a do Salnés, a do Barbanza, a de Ourense-Celanova e a de Santiago-Brión.

O presidente informou no seu anuncio do aforro que esta operación significará para as finanzas galegas, estimacións que se incorporaron á memoria do proxecto de orzamentos para o vixente exercicio 2025.

Segundo este anuncio no mes de outubro a Xunta chegou a un acordo coas concesionarias para proceder ao rescate destas autovías polos importes pendentes até o ano 2040, un total de 297 millóns de euros, calculando o aforro en 344,1 millóns de euros.

O anuncio do Sr. Rueda recollido na web da Xunta de Galiza fala de que “con esta operación prevese un aforro de máis 330 millóns de euros en peaxes en sombra e mantemento até o final das concesións”.

Esta afirmación do Presidente da Xunta fixo saltar as alarmas das máis de 60 persoas que traballan no mantemento destas autoestradas, que solicitaron de inmediato





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha reunión co Grupo parlamentar do BNG para trasladarnos que aínda hoxe, momento no que redactamos a presente iniciativa, ningún da empresa ou do goberno galego se ten posto en contacto con eles e elas para darlles garantías ou calquera información sobre as intencións da Xunta en canto aos seus postos de traballo.

Nesa reunión celebrada entre o Grupo parlamentar do BNG e máis a representación legal do persoal tamén nos informaron que o convenio colectivo que resulta de aplicación nesta materia é o Convenio xeral do sector da construción, que recolle no seu artigo 29 o dereito á subrogación do persoal das contratas que realice o mantemento das estradas.

Malia o feito de ser un dereito máis que consolidado no sector, que ven respectándose dun xeito pacífico, as declaracións do Presidente Rueda no sentido de aforrar en mantemento non deixa ser un elemento relevante de preocupación para todas as persoas afectadas.

En resposta a unha pregunta oral do BNG formulada o día 21 de novembro do 2024, o Director da Axencia Galega de infraestruturas explicou que inicialmente habería unha prórroga do actual contrato de mantemento coas empresas concesionarias das autovías, e que durante o 2025 no proceso de redacción dos novos pregos de contratación do mantemento das estradas de titularidade da Xunta se tomarían as medidas para subrogar a este persoal, a todo o que legalmente corresponda.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir o mantemento de todos os postos de traballo vinculados ás autoestradas do Salnés, do Barbanza, Ourense-Celanova, e máis Santiago-Brión”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 24/04/2025 12:17:12

Paulo Ríos Santomé na data 24/04/2025 12:17:20

Luis Bará Torres na data 24/04/2025 12:17:43





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Julio Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Os orzamentos que destinou a Xunta de Galicia para rematar a Vía Ártabra, de novo, son unha burla á comarca. Este vial rápido de alta capacidade foi concibido para mellorar a mobilidade na comarca da Coruña e, especialmente, desconxestionar o tráfico entre os concellos de Cambre, Oleiros e Sada. Pero os 250.000 euros que a Xunta reserva para completar a AG-13 de Iñás ata a AP-9 son moi insuficientes e só limítanse a trámites técnicos e a licitar a redacción do proxecto. Polo que é preciso destinar unha partida bastante superior a eses 250.000 euros, sendo necesarios uns orzamentos de 10 millóns de euros para acabar a conexión pendente.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 12:33:30
Nº Rexistro: 24495
Data envío: 24/04/2025 12:33:30.444

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a rematar a Vía Ártabra cunha inversión de 10.000.000€.

Santiago de Compostela, 24 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/04/2025 10:59:24

Carlos López Font na data 24/04/2025 11:00:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/04/2025 11:00:35

CSV: BOPGDSPG-c1tthnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81723

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López e Brais Ruanova Vilas-Boas** e das deputadas **Cristina Fernández Davila e Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a transferencia e rescate da AP 9 e sobre a gratuidade da AP9, da AG 55 e da AG57.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.No presente mes de abril déronse a coñecer os resultados de AUDASA en 2024. A empresa tivo uns beneficios netos de 90,27 millóns no pasado exercicio, o que supón un incremento do 9,3% con respecto a 2023.

Esta situación é consecuencia do trato de favor a AUDASA por parte de todos os gobernos centrais, con medidas como as ampliacións do prazo da concesión, o incremento abusivo das peaxes, a falta de control e supervisión da concesión, ou convenios que garanten ingresos extraordinarios á empresa.

Logo de sucesivos cambios no accionariado e da perda da participación galega da propiedade de AUDASA, desde finais do pasado ano 2024 o grupo ITINERE, ao que pertence AUDASA; pasou a estar controlado en case o 100% polo fondo de pensións dos Países Baixos APG. É dicir que os beneficios que xera a AP9 coas peaxes abusivas pasan a nutrir a conta de resultados nun fondo de investimento público neerlandés.

2. Nos últimos 5 anos produciuse o final da concesión, a xestión pública directa e a gratuidade de autoestradas de titularidade estatal como a A1 (entre Burgos e Armiñón), A2 (entre Zaragoza e a costa Mediterránea), A4 (entre Sevilla e Cádiz) ou A7





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(Tarragona Alacant, entre outros treitos). E anteriormente aprobouse o rescate da concesión das autoestradas radiais madrileñas e outros treitos de estradas moi deficitarias. AP9 debería ser gratuíta desde o 18 de agosto de 2023, como outras autoestradas da mesma época, mais as galegas e galegos seguiremos pagando unhas peaxes abusivas debido a unha medida aprobada polo goberno do PP en 2000: a prórroga da concesión por 25 anos máis até 2048. Deste xeito, o goberno ampliou a concesión até o máximo legal de 75 anos, situación que só se dá en dúas autoestradas estatais galegas (AP9 e AP 53) e noutra en Castela-León (León-Campomanes).

3. Esta prórroga está sometida a unha investigación da Comisión Europea, a partir dunha denuncia da asociación En Colectivo. Como consecuencia, a Comisión requiriu ao goberno español que xustificase o cumprimento da normativa europea sobre contratos e concesións públicas. Tendo en conta outros casos semellantes, todo parece indicar que estamos diante dunha prórroga irregular, sobre a que se vai pronunciar proximamente a Comisión.

4. Cómpre rematar con este agravio e aldraxe a Galiza e é necesario facelo reclamando unha AP 9 galega e libre de peaxes. Galega mediante a transferencia da autoestrada a Galiza, unha medida que foi aprobada por unanimidade en numerosas ocasións polo parlamento galego e que foi sistematicamente vetada polos gobernos centrais do PP e do PSOE. Nestes momentos, a proposición de lei de transferencia aprobada polo parlamento galego está sendo boicoteada polo goberno central, con artimañas como as solicitudes de prórrogas para a presentación de emendas.

Libre de peaxes mediante a anulación da prórroga de 25 anos e o rescate da concesión, ao abeiro do procedemento aberto pola Comisión Europea e os informes elaborados por outros organismos, que sinalan a suposta ilegalidade do procedemento seguido, toda vez que a normativa europea obrigaba a licitar publicamente o contrato de concesión e non permitía unha prórroga automática. Existen estudos de carácter





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xurídico e económico, como o que encargou o BNG á UDC, que sustentan o interese e a rendibilidade para o Estado da anulación e o rescate da concesión.

5. Por outra parte, non debemos obviar a situación das autoestradas autonómicas de peaxe AG55 e AG57, as únicas que manteñen peaxes pagadas polas persoas usuarias, o que constitúe un agravio e unha discriminación para as comarcas e localidades que se comunican através destes viais, a da Coruña-Bergantiños-Costa da Morte no caso da AP9 e as de Vigo-Val Miñor no caso da AG 57.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento acorda expresar o apoio á transferencia a Galiza da titularidade da AP9 e a súa gratuidade e insta a todas as institucións galegas a desenvolver as accións institucionais, sociais e xurídicas precisas para demandar a transferencia da autoestrada e para reclamar a anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria de AUDASA no ano 2000, por non respectar a normativa comunitaria en materia de contratación pública e concesións administrativas.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta a iniciar os trámites para o rescate das autovías AG 55 A Coruña-Carballo e AG 57 Vigo-Val Miñor, de maneira que se poida facer efectiva no ano 2026 e así rematar coa discriminación destas zonas con respecto a outras comarcas do país nas que as persoas usuarias non pagan peaxe nas autovías autonómicas.”

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Oscar Insua Lema

Daniel Pérez López

Brais Ruanova Vilas-Boas

Cristina Fernández Davila

Carmela González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 24/04/2025 12:23:44

Óscar Insua Lema na data 24/04/2025 12:31:37

Daniel Pérez López na data 24/04/2025 12:31:40

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/04/2025 12:33:11

Cristina Fernández Davila na data 24/04/2025 12:33:15

Carmela González Iglesias na data 24/04/2025 12:34:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a demanda urxente de cumprir a Xunta co COF de Orillamar da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentario do BNG temos trasladado a esta cámara a través de diferentes iniciativas o desmantelamento progresivo ao que está a ser sometido o COF de Orillamar da Coruña.

Este centro, xunto co do Ventorrillo, son moi recoñecidos pola súa atención e coidado da saúde sexual e reprodutiva das mulleres. Dous centros referentes na área sanitaria da Coruña a respecto do asesoramento anticonceptivo e educación afectivo-sexual, da asistencia de anticoncepción de urxencia, na oferta de terapias de parella con problemas afectivo-sexuais, na interrupción legal da xestación ou na xestión do duelo perinatal.

No entanto, a calidade na atención médica dos dous COF da Coruña leva anos sufrindo recortes de persoal e desatención por parte do goberno da Xunta até o punto de estaren os dous centros a compartiren o escaso persoal do que están dotados na actualidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O COF de Orillamar, das dúas prazas de xinecoloxía coas que está dotado este servizo, apenas dispón dunha praza ocupada con carácter fixo desde 2020, é dicir, cinco anos cunha oferta de atención médica reducida á metade e apenas ofertada en momentos puntuais e intermitentes.

As consecuencias dunha oferta médica incompleta como esta xustifica a acumulación dun número elevado de mulleres en listaxe de agarda e a imposibilidade de programar citas para atender a saúde sexual e reprodutiva das pacientes, debido ao incumprimento das responsabilidades partilladas polo Concello da Coruña conforme o convenio asinado entre as dúas administracións, caducado desde hai varios anos.

O goberno do PP, en vez de actuar conforme as súas competencias e obrigas para resolver a insuficiente atención sanitaria co persoal estatutario, escolleu remitir a este grupo parlamentario unha resposta escrita negando tal afirmación e indicando que “tódalas prazas de persoal sanitario do Sergas están actualmente cubertas con persoal estatutario”, unha mentira que a día de hoxe segue sen rectificar.

A maiores, o Concello da Coruña continúa a desatender os compromisos asumidos no convenio asinado co SERGAS. Neste momento apenas ten dotado o COF cunha única praza de administrativa das tres que lle corresponden e estes días este centro sanitario quedou sen a traballadora social que tiña por traslado a outro servizo diferente e sen previsión de ser substituída por parte do goberno municipal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a dotar, con carácter definitivo, a praza vacante de xinecoloxía no COF de Orillamar para restabelecer a oferta completa dun servizo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitario fundamental e irrenunciábel e atender, de forma universal, o coidado da saúde sexual e reprodutiva das mulleres da área sanitaria da Coruña.

Asemade, insta a Xunta a convocar, á maior brevidade, unha mesa de diálogo co goberno do Concello da Coruña para actualizar o convenio de colaboración actualmente caducado e corresponsabilizarse ambas as dúas administracións coa calidade da asistencia sanitaria que sempre caracterizou o COF de Orillamar”.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/04/2025 12:57:52

María Montserrat Prado Cores na data 24/04/2025 12:58:01

Ana Pontón Mondelo na data 24/04/2025 12:58:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e dos deputados **Carmela González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a situación de inseguridade da estrada PO-331 ao seu paso pola parroquia de Vincios no concello de Gondomar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Vincios, a máis poboada do concello de Gondomar despois da propia Vila, vese fendida pola metade pola estrada PO-331 que conta cun tramo claramente urbano, o que discorre entre o polígono da Pasaxe e a rotonda dos Arcos.

Ademais dos accesos aos barrios máis populosos de Vincios, nese eixo central da parroquia están os accesos a espazos como o centro cultural, o CEIP, a escola de música ou a igrexa, aos que se desprazan de xeito habitual non só veciñas e veciños senón tamén moitas persoas de fóra da parroquia, o que o converte nun centro neural da actividade e interrelación veciñal e social.

Nese tramo da PO-331 a veciñanza soporta unha alta densidade de tráfico que provoca un grave problema de inseguridade para as persoas, ademais dunha contaminación acústica e ambiental que resulta insoportable para a veciñanza. Así o demostra un estudo de tráfico encargado pola Comunidade de Montes de Vincios que conclúe que por este tramo circulan máis de 15.000 vehículos diarios entre semana, 500 deles pesados, e preto de 10.000 durante a fin de semana.

A inseguridade para os peóns agrávase en tramos, como o que atravesa o barrio do Tumbio, onde non hai beirarrúas e non existen pasos de peóns, nin sequera nas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proximidades das paradas de autobús, situadas ademais nas inmediacións dun cambio de rasante, ou dos contedores do lixo, polo que as veciñas e veciños atopan serias dificultades para moverse a pé nesa zona.

Ante esta situación urxe que o Goberno Galego adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade da veciñanza de Vincios, así como dos condutores que utilizan esta estrada. A comezar pola humanización deste tramo da PO-331 coa construción dunha senda peonil para lle dar a seguridade dos peóns e para a boa comunicación entre a veciñanza.

Tendo en conta que a parroquia de Vincios está fendida pola metade por unha estrada que conta cun tramo claramente urbano, no inmediato é necesario converter esta estrada en travesía urbana, para o que a Xunta de Galiza debe realizar este acondicionamento antes de traspasar a titularidade ao Concello de Gondomar.

Unha medida complementaria ás actuacións anteriores é a eliminación das peaxes da AG-57. Sumada a outras medidas de calmado do tráfico no centro de Vincios, a gratuidade suporía un aliciente para converter a autoestrada en alternativa á PO-331.

Unha AG-57 libre de peaxes contribuiría a eliminar tráfico non só da PO-331, senón de todo o Val Miñor; serviría de conexión directa, máis rápida e máis segura, cos servizos e actividades aos que a veciñanza do Val Miñor ten que acudir na cidade de Vigo (sanitarios, ensino, administrativos, traballo,...) e a mellorar a competitividade e a conectividade dos parques empresariais da Pasaxe-Vincios (Gondomar) e de Porto do Molle (Nigrán), e destes coa AP-9. Todos eles principais focos de atracción do tráfico que utiliza o centro de Vincios exclusivamente como lugar de paso.

Á vista dos datos, fica claro que a humanización da estrada PO-331 é unha prioridade para Vincios, e que urxe tomar medidas para reducir un volume de tráfico que é perigoso e incompatible coa vida normal da veciñanza. Estas medidas constitúen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha solicitude reiterada da veciñanza, que demanda unha mellora da calidade de vida e a redución da sinistralidade e dos riscos asociados a este tráfico

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1º) No inmediato, mellorar a seguridade viaria, redactando e executando un proxecto de humanización da estrada PO-331 ao seu paso pola parroquia de Vincios no concello de Gondomar, en diálogo coa veciñanza da parroquia.

2º) Unha vez executado e rematado o proxecto de humanización, traspasar a titularidade desta estrada ao Concello de Gondomar para que poida ser convertida en travesía urbana.

3º) Liberar de peaxe a AG-57, rescatando á concesión desta autovía, de modo que se equiparen a outras autovías autonómicas que son gratuítas para as persoas usuarias.”

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 24/04/2025 17:21:17

Paulo Ríos Santomé na data 24/04/2025 17:26:29

Luis Bará Torres na data 24/04/2025 17:26:29





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A estrada AC-133 soporta un intenso tráfico diario xa que ademais de ser utilizada polos veciños de Fene das parroquias de Barallobre, Maniños e Limodre é moi utilizada como paso para os concellos de Cabanas, Ares e Mugardos e sofre un deterioro continuo xa que tan só fíxose unha pequena actuación nun pequeno tramo moi deteriorado.

A AC-122 ao seu paso pola parroquia de Limodre dirección San Martín do Porto (Cabanas) ten beirarrúas na marxe esquerda ata o cruce de estradas Ares-Cabanas-Fene (Limodre), mais desde o dito cruce ata os límites do concello de Cabanas é necesario, polo perigo da estrada, a construción dunha senda peonil que de seguridade á poboación envellecida dese lugar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24513
Data envío: 24/04/2025 14:02:01.144

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a intervir na AC-133 co acondicionamento do firme en mal estado e a intervir na AC-122 coa construción dunha senda peonil nun treito duns 150 metros.

Santiago de Compostela, a 24 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/04/2025 13:53:48

Carlos López Font na data 24/04/2025 13:54:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/04/2025 13:54:37

CSV: BOPGDSPG-c1tthnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81736

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

O Grupo Parlamentario Socialista leva tempo insistindo en que o principal problema para que se produzan os lumes en Galicia é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, que cada día ve como se desmantelan novos servizos públicos e privados.

Como imos loitar contra o lume se cada día temos menos terra produtiva, se a agricultura, a gandería e a xestión forestal sostible teñen cada vez menos peso, que fai que o territorio se estea a transformar de xeito estrutural, nunha bomba de biomasa formada por miles de hectáreas de mato e monte desordenado, en continuidade e sen apenas presenza dos cortalumes naturais.

Outra das cuestións que debe mudar é a xestión forestal da Xunta de Galicia, desenvolvendo unha xestión sostible do monte como unha acción política decidida que poña enriba da mesa un modelo asentado na realidade pero co compromiso de todo o territorio e toda a poboación en dereitos e obrigas, non se pode permitir que nunha zona se concentre toda a produción forestal mentres que a outra ampla zona se lle someta á obriga de aportar valores naturais sen ningún tipo de compensación económica.

Hai que desenvolver sen máis demora os PORF de todos os distritos, que sexan verdadeiros instrumentos nos que se asente o sector forestal.





Estanse a producir incendios convectivos que podemos denominar como de sexta xeración, cunhas condicións que fan que a loita contra o lume sexa moi complexa polas condicións atmosféricas que combinan altas temperaturas, baixa humidade e fortes ventos, isto debe de facer que analicemos como actuar ante o cambio climático que estamos a sufrir e o aumento do combustible nos montes derivado do despoboamento do rural galego.

Con este tipo de incendios tan virulentos, o Goberno galego debería desenvolver un estudo profundo coa elaboración, entre outros, dun mapa de combustibles actualizado, no que se cruce a información coa ocorrencia dos lumes e ser precisos nas zonas onde aplicar as medidas preventivas que non só teñen que ser rozas, xa que con este tipo de lumes que xeran unha gran cantidade de focos secundarios é preciso deseñar unha paisaxe en mosaicos onde haxa unha multifuncionalidade de usos de forma que cando eses focos se xeran se poidan illar da maneira máis rápida posible.

Como medida complementaria é fundamental que o Goberno galego teña realizados plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e dos servizos de emerxencias locais e comarcais.

Os traballos de prevención de lumes (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, faixas de xestión de biomasa), non se realizan ao seu debido tempo, unha boa parte realízanse fóra da época axeitada non cumprindo co obxectivo que debe ter unha política de prevención de incendios forestais.

Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de se realizaren antes do mes de xullo de cada ano.





Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende a Consellería do Medio Rural que hai que modificar os mecanismos de prevención ante a aparición dos lumes de sexta xeración?
2. Cales son as accións que vai levar a cabo a Consellería do Medio Rural para a posta en actividade da superficie agraria e forestal da provincia de Ourense e do sur de Lugo?
3. Por que non desenvolve a Consellería do Medio Rural unha xestión forestal sostible por xestor forestal e equilibrada no territorio?
4. Por que non se desenvolven máis accións sociolóxicas e de educación ambiental?
5. Por que están pechadas a maioría das aulas forestais?
6. Cal é o estado actual de execución, en materia de prevención de incendios forestais, correspondente o ano 2025?
7. Cal é o investimento en materia de contratación actual de medios de extinción de incendios forestais, correspondente o ano 2025?
8. Por que a Consellaría do Medio Rural non elaborou o mapa de riscos asociados os incendios forestais do ano 2024?
9. Entende a Consellería do Medio Rural que hai que modificar os mecanismos de prevención ante a aparición dos lumes de sexta xeración?
10. Cal é o orzamento dedicado a extinción para o ano 2025, e o dedicado a prevención?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24264
Data envío: 16/04/2025 14:12:41.997

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 14:07:23

Lara Méndez López na data 16/04/2025 14:07:35

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81740

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á necesidade de coordinación do coñecemento sobre o medio mariño galego e a perda de produtividade das rías e da súa aplicación para a recuperación das rías e do sector do mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante do imparábel descenso de produtividade das rías galegas e da falta de resposta continuada por parte da Consellaría de Mar ao respecto, este Grupo Parlamentario ten trasladado ao Parlamento en múltiples ocasións a necesidade de levar a cabo investigación que determinen cais son as causas do alarmante descenso de capturas, sobre todo de moluscos bivalvos.

Despois de anos de insistencia, o 7 de abril na Comisión 8ª e, posteriormente, o 28 de maio de 2024 no Pleno, varias das nosas propostas acadaron a unanimidade da Cámara. Por dúas veces pois tomamos o acordo, entre outros, de “elaborar, sen máis dilación e de acordo co sector, os centros de investigación da Consellaría de Mar e as universidades galegas, orzamentar e executar un plan plurianual de medidas que permita comezar a recuperación e rexeneración das rías galegas e a súa produtividade e artellar os mecanismos necesarios para afrontar as consecuencias que xa está a ter o cambio climático no comportamento e cantidade dos distintos recursos e na actividade pesqueira, mexilloeira e marisqueira de Galiza”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un ano máis tarde, e despois de facérense públicos os datos de 2024, atopámonos a nivel produtivo moito peor que daquela mais cun sector aínda máis decepcionado, máis empobrecido e máis minguado, que non é quen de entender a inacción da Administración e as razóns que a levan a non reforzar e potenciar un sector emblemático e socioeconómicamente tan necesario para o noso país. Moi ao contrario, comproba como as decisións que se están a tomar por parte da Xunta de Galiza están ao servizo de intereses totalmente opostos aos seus e non son máis que ameazas para a súa supervivencia.

Recentemente, na súa comparecencia do pasado 1 de abril na Comisión de Pesca do Parlamento de Galiza, a directora do INTECMAR informou das actividades principais do Instituto, dos programas de control e de investigación que levan a cabo e dos medios dos que dispoñen.

Entre moitos outros, dentro da área de sanidade animal, deu conta de que investigan episodios de mortalidade anormal en cultivos e bancos naturais das principais especies comerciais. Tamén de que a Xunta de Galiza vén tomando medidas das variábeis ambientais para ter un mellor coñecemento da franxa costeira dende hai máis de 30 anos. Que o Observatorio Costeiro da Xunta de Galiza, onde se reúne a colaboración de MeteoGalicia, do CETMAR e do propio INTECMAR dende hai máis de 15 anos, conta cunha importante rede de estacións oceanográficas que miden a temperatura, a salinidade, o PH, etc. da columna de auga. E que, segundo ela, a ría de Arousa “é a ría máis estudada do mundo”, con dúas estacións de seguemento en contínuo e que, no caso da plataforma de Cortegada, na desembocadura do río Ulla, rexistra datos dende o ano 2007, de temperatura e de salinidade a diferentes profundidades. A este respecto, a directora afirmou con rotundidade que “calquera pode estudar os datos de baleirado dos encoros, pode estudar as baixadas de salinidade e pode estudar se iso ten incidencia. Nós estudámolo cando no ano 2023 avaliamos os descensos de salinidade polas choivas que houbo no outono do ano 2023”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ter coñecemento polo miúdo destes datos e de moitos outros que facilitou a directora do INTECMAR na súa comparecencia lévanos á conclusión de que moitos dos estudos e dos datos que vimos solicitando dende hai anos non só xa existen senón que poderían ser moi valiosos se as decisións políticas da Consellaría de Mar estivesen encamiñadas a traballar con eles, a darlle utilidade e a poñelos ao servizo da recuperación das rías e do sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro.

A aplicación práctica dese coñecemento e do que de seguro existe nos demais centros de investigación da Consellaría de Mar, coordinado co das universidades galegas e co do propio sector dende hai anos teríanos levado a unha situación ben distinta da actual e tería contribuído a que Galiza seguise a ser a día de hoxe referente mundial non só na calidade dos seus produtos pesqueiros senón tamén na cantidade. Sen dúbida, falta o máis importante, as partidas orzamentarias para levalo a cabo e, sobre todo, a decisión política para querer facelo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego do nivel de coordinación existente entre os distintos centros de investigación e as universidades galegas respecto dos estudos e datos dos que dispoñen sobre os problemas do medio mariño en Galiza?

. Considera que é imprescindible poñer en común os distintos estudos e investigacións existentes ao respecto?

. Considera que o Goberno galego está a aplicar e a dar utilidade aos distintos estudos existentes poñéndoo ao servizo da recuperación e potenciamento das rías galegas e do sector do mar?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Os estudos e datos que posúe o INTECMAR e outros centros de investigación do medio mariño galego dende hai anos están a ser tidos en conta para tomar medidas en favor da recuperación das rías e do sector do mar?

. Cal é o orzamento total da Xunta de Galiza adicado ás investigacións relacionadas co medio mariño e coa perda de produtividade das rías galegas e entre que Consellarías está distribuído?

. Considera que as partidas orzamentarias adicadas á investigación do medio mariño galego correspóndense coas necesidades e problemáticas actuais das rías? De non ser así, que actuacións vai levar a cabo para aumentalas?

. Considera que esa investigación vese correspondida coas decisións e actuacións orzamentarias e políticas que se levan a cabo?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 21/04/2025 09:40:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 21/04/2025 09:43:45

Carmela González Iglesias na data 21/04/2025 09:44:13

Daniel Castro García na data 21/04/2025 09:44:45

Daniel Pérez López na data 21/04/2025 09:45:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á necesidade de incluír o Decreto 15/2011 na reforma da normativa en materia de pesca profesional anunciada pola Xunta de Galiza e de ter en conta a participación do sector na mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos foron varias as ocasións nas que os Grupos Parlamentarios da oposición, nomeadamente o do BNG, teñen feito propostas para modificar en diversos aspectos o Decreto 15/2011 polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galiza. Mais non só solicitamos a súa modificación dende os Grupos Parlamentarios, tamén o sector ten feito un importante número de peticións ao respecto e incluso ten conseguido o visto e prace da Consellaría nalgún caso como o da regulación da práctica do aviveiramento.

Tamén no Parlamento galego tomáronse acordos unánimes a respecto de levar a cabo a modificación da obsoleta norma de hai 14 anos. E mesmo a Consellaría de Mar reconeceu varias veces publicamente a necesidade da súa revisión.

A rixidez normativa do Decreto e sobre todo a súa falta de adaptación ás necesidades e realidades do sector fai cada vez máis urxente a súa modificación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Consello da Xunta de Galiza, na súa reunión do 29 de xullo de 2024, deu conta dun informe da Consellaría de Mar sobre “a revisión, racionalización e actualización normativa en materia de pesca marítima profesional para a elaboración dunha disposición de carácter xeral con rango de Decreto que implique a regulación do exercicio da pesca marítima profesional e a ordenación da frota pesqueira en augas de competencia da Comunidade Autónoma”.

Segundo a información que trascendeu sobre o mencionado informe, a raíz do novo marco legal comunitario e estatal preténdese “abordar unha profunda reforma de toda a normativa”, que acadaría a 6 decretos e 9 ordes.

Entendemos que, de ser así, o Decreto 15/2011 estaría inexcusabelmente afectado pola reforma normativa que se quere levar a cabo, de maneira que por fin se daría resposta ás numerosas solicitudes do sector e cumprimento ao acordo unánime do Parlamento do ano 2023.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego das normas recollidas no Decreto 15/2011 e da súa aplicación dende a súa entrada en vigor?

. Vai incluír o Decreto 15/2011 na reforma normativa que anunciou após o Consello da Xunta de Galiza do pasado 29 de xullo de 2024? De non ser así, por que razón?

. Cais son os decretos e ordes que se van modificar? Por que razón?

. Está a ter en conta o coñecemento e a experiencia do sector para as reformas que se van levar a cabo? De ser así, de que xeito está a participar?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. En que nivel de desenvolvemento se atopa a “profunda reforma de toda a normativa” anunciada hai case un ano?

. Cando prevé o Goberno galego tela concluída?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 21/04/2025 10:53:31

Paulo Ríos Santomé na data 21/04/2025 10:57:56

Carmela González Iglesias na data 21/04/2025 10:58:27

Daniel Castro García na data 21/04/2025 10:58:49

Daniel Pérez López na data 21/04/2025 10:59:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Secundino Fernández Frenández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as parcelarias no concello de Dozón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise demográfica da comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes é especialmente grave en concellos coma o de Dozón, situado na área máis interior e onde o descenso da poboación é aínda máis acusado que nos concellos veciños. Na actualidade o retroceso no número de habitantes afecta xa a 6 das 8 parroquias, baixando no total do concello dos mil habitantes, feito que se produciu por primeira vez na historia no ano 2024, ao contabilizar 985. Chegan, deste xeito a 16,1 hab/km², sendo un dos dous concellos da provincia que baixa dos 20.

O envellecemento poboacional e a falla de oportunidades laborais son dous dos principais motivos polos que este tipo de concellos rurais perden habitantes, sumado á falla de servizos que os afectan e que o Consello de Contas recrimina nos seus informes ao goberno galego.

É por todo isto que, coidar e favorecer o desenvolvemento das empresas que están asentadas nestes municipios e no seu territorio é básico para non continuar coa deriva de despoboamento ou, en todo caso, enlentece-la o máximo posible.

O concello de Dozón, presenta unha elevada carga gandeira, superando a media de Pontevedra (2,1) e a de Galiza (3) ao chegar a 7,6 UGM/ha. A presenza de explotacións avícolas, adicadas ao porcino e a outro tipo de crías intensivas de gando é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moi elevada mais, se restamos este tipo de producións e nos centramos só nas dependentes de base territorial a través do pastoreo ou das súas derivadas a carga gandeira baixa e pasa a quedar en 2,2 UGM/ha, polo que a presenza de gando bovino non sobresaia da media.

A dispoñibilidade de terra agraria para uso agrogandeiro é un problema extensible a moitas áreas de elevada carga do noso país, sen esquecer que a distribución das propiedades e o minifundio foi e é na actualidade unha grave eiva na continuidade e rendibilidade das explotacións gandeiras galegas. As múltiples reestruturacións parcelarias teñen uns procesos excesivamente lentos e complexos, de xeito que a dispoñibilidade de terra ben estruturada chega, en moitos casos, cando a gandería xa marchou das áreas onde se levan a cabo. No caso de Dozón, unha das parcelarias que leva décadas en proceso é a de San Salvador de Castro, cuxo decreto foi aprobado o 22 de setembro de 2022, coa publicación posterior no DOG o mes seguinte.

As últimas novas sobre esta reestruturación en Dozón son do 23 de abril de 2024, xa fai case un ano, momento no que se expuxeron publicamente os planos para que os propietarios/as identifiquen as propiedades e acrediten a súa titularidade.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 7ª:

Que prazos se manexan no caso da reestruturación parcelaria de San Salvador de Castro?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Secundino Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 21/04/2025 12:11:52

Secundino Fernández Fernández na data 21/04/2025 12:16:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o procedemento que impulsa o Ministerio de Educación para a reforma da profesión docente no Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a publicación, en xaneiro de 2022, dun deficiente documento de 24 propostas para debate sobre a reforma da profesión docente, retómase novamente esta cuestión, tres anos despois, convocando dende o Ministerio de Educación á representación sindical do profesorado, así como ás persoas responsables das Comunidades Autónomas.

Parece que o Ministerio se toma con total tranquilidade e parsimonia esta encomenda da Disposición Final Sétima da Lomloe aprobada en 2020, que fixaba o prazo dun ano para facer unha proposta normativa que regulara a formación inicial e permanente, o acceso e o desenvolvemento profesional docente.

O Ministerio de Educación organizou catro grupos de traballo cos sindicatos que forman parte da Mesa Docente Estatal, en torno ás seguintes temáticas:

1. Marco de Competencias Profesionais Docentes e Formación inicial do profesorado (documento marco; graos e masters en educación).
2. Sistemas selectivos e ingreso na función docente (modelos de ingreso; titorización de prácticas e iniciación á docencia; temarios.)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Formación permanente do profesorado, sistemas e procedementos para o seu desenvolvemento profesional docente.

4. Condicións do desempeño docente (xornada; ratios, apoios para necesidades específicas, desburocratización).

Na primeira reunión destes grupos de traballo é presentado novamente o mesmo documento de 2022 que vai servir como marco para debate do futuro desenvolvemento normativo, cuestión que parece insuficiente despois dunha parálise do Ministerio de tres anos, ter que comezar agora de cero.

Esta actuación demostra unha falta de propostas por parte do Ministerio sobre a mellora das condicións de traballo do profesorado, cuestión que é da súa competencia exclusiva.

Por outra banda, o Goberno da Xunta de Galiza, en concreto a Consellería de Educación, non se ten manifestado en todo este tempo sobre esta inacción, mentres negociaba de xeito miserable o acordo de outubro de 2023 con algúns sindicatos, polo que podemos deducir que nada debemos agardar nesta liña, xa que ten demostrado sobradamente a súa falta de interese.

Estamos pois, ante unha parálise na que o Ministerio de Educación non mostra ningunha intención de impulsar unha negociación real que permita acadar nun prazo razoable, normativa que regule as competencias profesionais docentes, a formación inicial do profesorado, os sistemas selectivos e o ingreso na función docente, a tutorización de prácticas e iniciación á docencia, a formación permanente do profesorado e os sistemas e procedementos para o desenvolvemento da carreira profesional docente.

É dicir, non se prevé un impulso decidido por ter en breve unha batería de melloras concretas para o profesorado. E se estas medidas non son aprobadas antes de finalizar o curso actual, pendentes despois de trámites lexislativos, a súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implementación pódese alongar indefinidamente. Será outra lexislatura perdida no ámbito educativo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai o Goberno galego, a través da Consellería de Educación, esixir ao Ministerio de Educación o impulso, con propostas claras e decididas, dos grupos de traballo que consensúen nun prazo breve e determinado a reforma da profesión docente?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 21/04/2025 13:33:51

Daniel Castro García na data 21/04/2025 13:33:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás actuacións da Xunta de Galiza para garantir o abastecemento de auga á poboación do concello de Noia no caso de avarías.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de marzo, a Xunta de Galiza adxudicou as obras de mellora da estación de tratamento de auga potábel (ETAP) do concello de Noia, por un importe superior aos 1,2 millóns de euros.

No entanto, dende aquela, xa se produciron de novo episodios de contaminación no ría Vilacoba e, como consecuencia, fortes cheiros e turbidez na auga da traída municipal que chega ás vivendas.

Esta situación non é nova, leva anos producíndose, ao igual que as promesas de actuacións para solucionala que se veñen producindo dun xeito recorrente dende hai máis de 8 anos.

Segundo a propia Xunta de Galiza, a mellora da ETAP de Noia permitirá ampliar a súa capacidade para dar servizo a unha poboación de ata 24.000 habitantes, mais hai que ter en conta que as actuacións non contemplan o novo depósito de auga para garantir a subministración durante un mínimo de 48 horas en caso de avaría e que xa se viña prometendo insistentemente dende o 2016, cando a daquela conselleira de Medio Ambiente e o aínda hoxe alcalde da localidade anunciáranlo como urxente,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

precisamente para rematar cos problemas constantes da turbidez da auga que, segundo eles, “tiñan os días contados”.

A modernización da ETAP, que debería estar rematada neste ano 2024, é, sen dúbida unha das actuacións máis longamente demandada pola cidadanía de Noia e polos seus representantes políticos no Concello, mais a dotación dun novo depósito, de maior capacidade, faise absolutamente imprescindible, sobre todo se se ten en conta que o actual, no caso de ser necesario, só ten capacidade para abastecer á poboación do termo municipal entre 3 e 4 horas.

Non é de recibo que no futuro se poida contar cunha ETAP que dea servizo a 24.000 habitantes pero co mesmo depósito de sempre que só pode abastecer a unha poboación de 15.000 durante 3 ou 4 horas e que, no caso de avaría, ou de novos episodios de turbidez ou mala calidade da auga, non haxa alternativa.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Despois de ser anunciado dende o ano 2016, que razóns levaron ao Goberno galego a non contemplar a dotación dun novo depósito de auga, de maior capacidade, ao concello de Noia?

. Considera que unicamente as obras de mellora da actual ETAP serán suficientes para rematar cos episodios recorrentes de turbidez de auga que se veñen producindo dende hai anos na localidade?

. Como vai garantir, no caso de avaría ou de novos episodios de turbidez ou mala calidade da auga, o abastecemento aos 24.000 habitantes que podería dar servizo a nova ETAP?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera que o depósito actual, con capacidade para abastecer á poboación de Noia, de máis de 14.000 habitantes, durante 3 ou 4 horas, é suficiente para garantir un servizo de abastecemento acaído?

. De non ser así, que actuacións vai levar a cabo?

. Á vista da pouca capacidade de reserva que vai ter a ETAP de Noia a pesar das melloras, considera que é necesario un depósito de auga con maior capacidade? De ser así, vai incluír a partida para levalo a cabo nos orzamentos para 2025?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 21/04/2025 15:55:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/04/2025 15:55:23

Luis Bará Torres na data 21/04/2025 15:55:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o macroproxecto eólico do Morrazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As empresa “Enigma Green Power e Sabana Power”, con sede en Madrid, pretenden presentar un proxecto para a construción dun Parque Eólico na comarca do Morrazo formado por 15 aeroxeradores, dúas subestacións coas correspondentes liñas de evacuación eléctrica e dúas torres de observación en terreos dos montes de San Martiño e Domaio no concello de Moaña; Santomé de Piñeiro en Marín e Santa Cristina máis San Adrián de Cobres no de Vilaboa. Este macroparque eólico situaríase dentro da Área de Desenvolvemento Eólico do Morrazo establecida no Plan Eólico da Xunta de 1997 (4.362 hectáreas da elevada dorsal granítica da península, equivalente á cuarta parte da súa superficie).

Esta non é a primeira vez que empresas eléctricas tentan espoliar os montes do Morrazo. Pasou co frustrado Parque Eólico de Pedras Negras no 2013 e logo no 2022, coas empresas ACS e Aratel, o que motivou a creación da plataforma “Eólicos no Morrazo Non” e a oposición dos concellos da comarca. No pasado verán a empresa “Arena Green Power”, anunciou que pretendía construír un Parque Eólico xunto cunha planta de baterías para almacenamento de electricidade en Lourizán, opoñéndose rotundamente a isto a Mancomunidade de Montes Veciñais en man común do Morrazo, e máis concretamente as comunidades de Lourizán e San Xulián.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do “verde, renovable e sostible” asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Agora “Arena Power” tenta causar danos irreparables nos nosos da comarca. Considerando que a comarca ten tan só 7 km de ancho e os núcleos de poboación están situados ao redor da dorsal montañosa de xeito continuo e dende abas dos montes ata a beira do mar, prexudicaría directamente a toda a veciñanza do Morrazo. A actividade de construción do parque, con voaduras para dinamitar terreo granítico e a apertura ou ensanche de camiños e de novas pistas forestais, impactaría directamente nos nosos ríos, mananciais, acuíferos e afectaría aos numerosos depósitos de traídas de auga municipais e veciñais de todos os concellos, así como á flora e fauna (especialmente nos hábitats de interese comunitario), ás especies protexidas e ao noso cuantioso patrimonio histórico, nomeadamente ao arqueolóxico.

Outras afectacións serían as do impacto dos ruídos do xiro das aspas e as ondas electromagnéticas dos aeroxeradores sobre a saúde humana e da fauna; as interrupcións nas telecomunicacións como na rede de internet, teléfono e televisións ou a perda dun valor estimado no 40% das vivendas e fincas.

Segundo o Observatorio Eólico de Galicia, o negocio eólico xera en Galicia 1.300 millóns de euros ao ano, quedando aquí só 30 millóns (2,3%). O custe de construción dun parque eólico tipo, como o de “Badulaque” entre Ferrol Terra e o Ortegal, custaría 142 millóns de euros, mentres que, a prezos de mercado de 2023, facturaría 54 millóns/ano (227.742 euros/turbina/ano). Polo tanto en menos de tres anos quedaría amortizada a inversión da empresa eólica, sendo o restante beneficio íntegro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, non existen beneficios sociais en termos de empregos, alugueres, nin ningún tipo de vantaxe para a veciñanza, que sufrirá os danos económicos, sociais, medioambientais, paisaxísticos e de alteración da harmonía dos seres vivos co entorno; mentres a nosa comarca e o conxunto do país fica como un territorio de sacrificio, para extraer os seus recursos naturais en beneficio dunhas poucas empresas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Como valora, a Xunta de Galiza, a instalación dun macroproxecto eólico na comarca do Morrazo?
2. Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre a continuidade ou non da área de desenvolvemento eólico existente na Comarca do Morrazo?
3. Como valora a Xunta de Galiza o impacto dun grande parque eólico no Morrazo atendendo á súa elevada densidade de poboación e ás características físicas da comarca e dos seus montes?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

José Manuel Golpe Acuña

Luís Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 21/04/2025 16:24:13

José Manuel Golpe Acuña na data 21/04/2025 16:24:23

Luis Bará Torres na data 21/04/2025 16:24:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores, Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a declaración da mina de Touro e O Pino como Proxecto Industrial Estratéxico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta vén de aprobar onte a declaración como proxecto industrial estratéxico do proxecto de explotación Cobre San Rafael, impulsada pola empresa Cobre San Rafael SL nos concellos do Pino e Touro, o que trae parello a redución de trámites administrativos.

Salienta o goberno do Partido Popular nesta declaración unha mancha de bondades e vantaxes que ten este proxecto, a comezar polo investimento inicial de case 200M€ e a creación de 394 postos de emprego directo. Mais non menciona o executivo do Sr. Rueda a contaminación do río Ulla, os seus afluentes e a ría da Arousa, nin dos impactos que terá sobre o emprego xa existente a día de hoxe nesta comarca e nas que conforman esta bacía, nin por suposto, tampouco da grande oposición veciñal e social que suscitou este proxecto mineiro.

Porque o certo é que este non é un proxecto que resulte descoñecido. Na mina de Touro extraeuse cobre ata 1986 e desde aquela o espazo vén sendo empregado por Explotaciones Gallegas para a obtención de áridos sen que se acadase neste tempo unha restauración e xestión adecuadas, como veñen poñendo de manifesto sucesivos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

episodios de contaminación das augas circundantes, que acaban no río Ulla e na ría de Arousa, saldándose con sancións leves. No ano 2018 foi impulsado un proxecto, denominado Cobre San Rafael, para retomar a extracción de cobre, mais desatando unha forte oposición, tanto ecoloxista como veciñal. Proxecto que recibiu unha declaración de impacto ambiental negativa por parte da Xunta de Galiza a comezos do ano 2020 sen que isto non fixese desistir á empresa das súas aspiracións.

Mais unha vez, a Xunta de Galiza gobernada polo Partido Popular pon por diante o desenvolvemento económico e o lucro dunha gran empresa en vez de garantir o respecto medioambiental e a protección dos sectores produtivos xa existentes e a poboación galega. O río Ulla e a ría da Arousa, cuns niveis de contaminación actuais xa preocupantes, e co futuro ameazado polo proxecto de Altri en Palas de Rei, ten agora diante de si un novo ataque á súa saúde, á súa diversidade e, en definitiva, a todos os seus ecosistemas fluviais e mariños, co beneplácito, unha vez máis, do Partido Popular desde a Xunta de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

– É consciente o goberno galego da ameaza que supón a reapertura da mina de Touro e O Pino para a bacía do Ulla, a ría da Arousa e toda a contorna?

–Após da declaración de impacto ambiental negativa formulada pola propia Xunta de Galiza en 2020, considera que actualmente se garante esa protección do medio ambiente?

Que consideración lle merecen todas as verteduras que se viñeron producindo durante estes anos a diversos ríos e regatos procedentes da balsa mineira explotada ata





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

finais da década dos 80? Que opinión lle merecen as sancións impostas por Augas de Galiza?

– Cal é a opinión que lle merece a ameaza directa para a ría da Arousa, a máis produtiva a nivel marisqueiro do noso País con preto de 4.000 empregos directos e onde xa se pode apreciar a sedimentación de cobre procedente desta mina?

– Que consideración lle merece o futuro da bacía do Ulla, cuns niveis de contaminación importantes na actualidade, e con graves ameazas coma a implantación da factoría de Altri en Palas de Rei e a reapertura da mina de Touro e O Pino?

– Cal é a razón pola que o goberno galego non antepón a protección medioambiental do noso País, os nosos sectores produtivos e a saúde ambiental e humana por diante do desenvolvemento económico e o lucro de grandes empresas?

– Considera o goberno galego reverter a decisión do Consello da Xunta do día 24 de xuño de 2024?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Rosana Pérez Fernández

Xosé Manuel Golpe Acuña

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 21/04/2025 16:29:30

María Montserrat Prado Cores na data 21/04/2025 16:29:43

Rosana Pérez Fernández na data 21/04/2025 16:30:05

José Manuel Golpe Acuña na data 21/04/2025 16:30:22

Luis Bará Torres na data 21/04/2025 16:30:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a eliminación de frecuencias das liñas de autobús na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza puxo en marcha, o pasado 22 de xuño, unha reorganización das liñas de autobús en varios concellos da comarca da Coruña, nomeadamente Sada e Oleiros. Esta reorganización inclúe a ampliación dalgunhas liñas (a liña B-9 que remataba en Mera, agora vai até Dexo e Lorbé), mais tamén a redución de frecuencias nas liñas que comunican o norte do concello de Oleiros con Sada, durante as fins de semana.

Esta redución suporá molestias para as persoas que utilizan estas liñas de xeito habitual, nomeadamente aquelas que fan uso do transporte público para acudir aos seus postos de traballo.

O transporte público debe organizarse do mellor xeito para adaptarse ás necesidades dos seus usuarios e usuarias, e non pode planificarse co único obxectivo de servir os intereses e maior comodidade das empresas concesionarias.

O momento elixido para facer estas modificacións tampouco resulta axeitado, co aumento do tránsito que se produce todos os anos nestes dous concellos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debido á grande afluencia de persoas que se produce durante a época estival. Tampouco o xeito de informar as persoas usuarias resulta apropiado, nin en canto ao formato nin en canto aos tempos.

En ningún caso a redución de frecuencias destas liñas pode ter aspectos positivos, senón máis ben o contrario. O obxectivo da administración galega co servizo de transporte público debería ser desincentivar o uso dos vehículos privados, e estas mudanzas e limitacións nos servizos non contribúen a crear hábito de uso de transporte público entre a cidadanía.

Na actualidade, as liñas de transporte metropolitano na área da Coruña resultan deficientes en moitos aspectos, nomeadamente no que se refire ás frecuencias nas horas punta, e na adecuación dos horarios aos de entrada nos postos de traballo, ademais de que non responden aos tempos de lecer da cidadanía, ademais de que a cartelaría e os avisos das paradas e dos propios autobuses son moi mellorábeis.

A saturación dos vehículos en determinados horarios, os problemas de impuntualidade e as liñas pouco axeitadas para a realidade das persoas usuarias só complican o uso á cidadanía, a pesar dos graves problemas de mobilidade na comarca da Coruña e da importancia medioambiental e social de que o transporte público funcione axeitadamente.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral na Comisión 2ª:

- Cales son as medidas previstas polo goberno galego para incentivar o uso do transporte público?
- O goberno galego vai asumir a súa responsabilidade no referente ao transporte público metropolitano na área da Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O goberno galego vai renunciar aos cambios anunciados o pasado 22 de xuño, que reducen as frecuencias de varias liñas nos concellos de Oleiros e Sada?

- O goberno galego vai corrixir as moitas eivas de liñas, horarios e frecuencias do transporte público metropolitano na área da Coruña?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 21/04/2025 16:36:59

Mercedes Queixas Zas na data 21/04/2025 16:37:09

Paulo Ríos Santomé na data 21/04/2025 16:37:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a sentenza do 25 de xuño de 2024 do TXUE e as consecuencias na tramitación, aprobación ou revisión de Autorizacións Ambientais Integradas de determinados proxectos industriais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de xullo de 2024 o Tribunal de Xustiza da UE (TXUE) emitiu unha sentenza sobre unha cuestión prexudicial proposta polo Tribunal de Milano en relación coa interpretación da Directiva 2010 del Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de novembro de 2010, sobre as emisións industriais (prevención e control integrado da contaminación). Esta norma foi transposta no ámbito do Estado español polo Real Decreto Legislativo 1/2016, de 16 de diciembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de prevención y control integrados de la contaminación.

A interpretación feita polo TSXE é de grande relevancia en dous niveis: en primeiro lugar no que ten a ver cos requirimentos dos estudos de impacto ambiental que deben facer as empresas; en segundo termo, nas condicións das autorizacións ambientais por parte da administración competente.

A sentenza referida establece que

- a) Os Estados membros están obrigados a establecer que a **avaliación previa das repercusións da actividade da instalación de que se trate, tanto sobre o medio ambiente como sobre a saúde das persoas, debe**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

formar parte integrante dos procedementos de expedición e revisión dun permiso de explotación da instalación con arranxo a dita Directiva.

b) A efectos da expedición ou da revisión dun permiso de explotación en virtude de dita Directiva, a autoridade competente debe ter en conta, **ademais das substancias contaminantes previsibles á luz da natureza e do tipo da actividade industrial de que se trate, todas aquelas que sexan obxecto de emisións científicamente recoñecidas como nocivas que poidan ser emitidas pola instalación**, incluídas as xeradas por esta actividade que non fosen avaliadas polo procedemento de autorización inicial desa instalación.

Este pronunciamento do TXUE ten unha repercusión directa no ámbito da tramitación das Autorizacións Ambientais Integradas. Nomeadamente no caso dun proxecto industrial como o da celulosa proxectada por Altri en Palas de Rei, pendente de Autorización Ambiental Estratéxica e de autorización para a captación e vertido de augas no río Ulla.

Segundo se desprende do Estudo de Impacto Ambiental presentado pola promotora, a instalación proxectada incumpriría a Directiva 2010/75/UE xa que na documentación presentada só se cuantifican 4 substancias contaminantes, partículas PM10, óxido de nitróxino, óxido de xofre e TRS. O Estudo de Impacto Ambiental non prevé os efectos ambientais e para a saúde humana de partículas finas PM 2.5, dióxido de carbono, monóxido de carbono ou compostos orgánicos volátiles, elementos que teñen unha incidencia perxudicial no medio e na saúde humana.

Desde o BNG consideramos que se debe aplicar de maneira xeral o principio de precaución para garantir a protección da saúde pública e o ambiente. Mais, de maneira específica, o dereito da UE establece por medio da Directiva 2010/75 UE que os Estados membros cercioraranse de que o permiso inclúe o cumprimento dos valores límite de emisión para as substancias contaminantes enumeradas no anexo II, e para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outras sustancias que poidan ser emitidas en cantidade significativa pola instalación de que se trate. Indica ademais que “a autoridade competente poderá establecer unhas condicións do permiso máis severas que as alcanzables mediante a utilización das MTD descritas nas conclusións sobre as MTD.

Sinada asemade de “A autoridade competente fixará valores límite de emisión que garantan que, en condicións de funcionamento normal, as emisións non superen os niveis de emisións asociados ás MTD que se establecen nas conclusións relativas ás MTD contempladas no artigo 13, apartado 5”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Como avalía o goberno galego a sentenza do TXUE do 25 de xuño de 2024 sobre unha cuestión prexudicial proposta polo Tribunal de Milán en relación coa interpretación da Directiva 2010/75/UE sobre prevención e control integrado da contaminación?

-Vai aplicar a Xunta a doutrina do TXUE, recollida na sentenza, no trámite de Autorización Ambiental Integrada e aprobación do proxecto proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas promovido por Greenfiber, S.L. en Palas de Rei por parte da Xunta e na concesión de captación e vertido de auga por parte de Augas de Galicia a Altri Participaciones y Trading, S.L.?

-Ten previsto aplicar o goberno galego o previsto na sentenza do TXUE do 25 de xuño de 2024 para a revisión e de ser o caso anulación da Autorización Ambiental Integrada concedida a ENCE Enerxía e Celulosa para o complexo industrial de Lourizán (Pontevedra)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Oscar Insua Lema
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 21/04/2025 16:40:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/04/2025 16:40:38

Óscar Insua Lema na data 21/04/2025 16:41:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a instalación de pasos de peóns na AC-445, en Estorde (Cee).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada complementaria da Rede autonómica de estradas de Galiza, AC-445, que vai de Cee a Fisterra, ten unha lonxitude de 13,22 km. Entre os puntos quilométricos 5.5 e 6.5 , ao seu paso polo lugar de Estorde, non existe ningún paso de peóns nin sinais de tráfico para reducir a velocidade a menos de 50 Km/h, para que os veciños e veciñas que teñen a súa vivenda a calquera marxe da mesma, poidan acceder ademais das súas casas, á costa e á praia, cruzando a estrada coa seguridade necesaria.

A vía, de titularidade autonómica, discorre a escasos metros da praia que recibe o nome do lugar, praia de Estorde, e que en época estival é moi concorrida pola veciñanza da zona e visitantes que veranean no lugar e arredores. Na beira da praia, existen dous establecementos de hostalaría, e do outro lado da estrada un cámping, namentres que a ambos lados da vía, están marcados numerosos aparcamentos para vehículos que en época estival resultan insuficientes.

No tramo de vía entre a saída da VG 1.4 de Cee-Fisterra e a saída que vai ao lugar de Estorde, non existe nin un só paso de peóns, polo que o cruzamento da vía queda ao parecer de cada quen, o que supón un claro perigo para viandantes, cando teñen que ir tirar o lixo, acceder a un aparcadoiro e sobre todo, na época do verán, cruzala nas horas de saída e entrada á praia. É mais, hai anos si existiron eses pasos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mais non foron borrados na súa totalidade, polo que lonxe de resultar útiles son un auténtico perigo engadido. Cabe engadir, que nese tramo, só existen sinais de prohibida a velocidade a máis de 70 km/h, e o sinal de poboado de Estorde, mais ningunha que indique propiamente a prohibición da velocidade a menos de 50 Km/h, como noutros tramos urbanos existentes na mesma estrada AC-445, e que si é necesario instalar co fin de ofrecer máis seguridade aos peóns, e advertir mellor aos conductores.

Compre ter en conta que na mesma vía, e tan só uns centros de metros mais adiante, no lugar de Sardiñeiro, no municipio de Fisterra, as sinalizacións viais para peóns e as restricións de velocidade si existen, nun tramo tamén de travesía e moi preto igualmente da praia. Recentemente, na mesma vía, á altura do lugar da Anchoa, tamén no municipio de Fisterra, a AXI, despois de numerosas peticións, concentracións e mobilizacións e despois do atropelo mortal dun veciño hai xusto un ano, aprobou a instalacións de tres pasos de peóns, nos puntos quilométricos 11+380, 11+870 e 12+490, ademais da redución da velocidade a 50 Kms/hora.

Á vista da situación existente, é preciso e urxente dotar de cando menos tres pasos de peóns no tramo da AC-445 entre os puntos quilométricos 5.5 e 6.5, ademais da redución da velocidade cos sinais oportunos, para dotar de máis seguridade aos viandantes que queren ou deben cruzar a estrada, ao igual que se fixo noutros tramos con idéntica necesidade. O cruzamento da estrada non é un acto optativo, pois hai veciñanza que debe cruzala obrigatoriamente para ir tirar o lixo aos contedores, ir á casa doutro veciño ou familiar, ou ir á praia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o goberno galego que a situación actual da AC-445 ao seu paso por Estorde (Cee) garante a seguridade viaria e peonil?

-Considera o goberno galego que é necesario que faleza por atropelo unha persoa para adoptar as medidas de seguridade que se están reclamando?

- Ten pensado adoptar a Xunta de Galiza algunha medida de xeito inmediato nesta estrada para mellorar a seguridade viaria e peonil neste tramo? Que tipo de medidas?

- Cal é o método que recomenda o goberno galego á veciñanza que vive a ambas marxes da estrada para ir tirar o lixo aos contedores? E ás persoas que aparkan na marxe oposta á beira da costa para acceder á praia? Como cree que deben facer como alternativa ao cruce da estrada?

-É consciente a Axencia Galega de Infraestructuras, do perigo que supón para os viandantes que nese tramo, onde en horas puntas se poden xuntar 20 ou 30 persoas cruzando xuntas a vía, non haxa nin un só paso de peóns e a velocidade permitida sexa tan alta

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 21/04/2025 16:44:07

Luis Bará Torres na data 21/04/2025 16:44:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de realizar unha actuación integral na PO-342 ao seu paso polo concello de Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO-342 de titularidade autonómica, circula entre os municipios de Tui e O Porriño, é unha vía con alto tránsito de vehículos pois é unha das conexións máis directas entre zonas de Tui e Porriño con Vigo e o Val Miñor. Así mesmo por esta vía circulan diariamente peóns e ciclistas, nomeadamente das parroquias de Rebordáns e Ribadelouro e tamén peregrinos e peregrinas que fan o camiño de Santiago.

Debida á proximidade do polígono industrial de Ribadelouro, para o cal hai prevista unha ampliación, esta vía ten tránsito de vehículos pesados co conseguinte risco para peóns.

Ao pé desta estrada, no barrio de San Simón, na parroquia de Ribadelouro, sitúase a Escola Infantil CRA Mestra Clara Torres polo que as medidas de seguridade e de mobilidade que se requiren neste punto da estrada fanse máis notorias.

Sumado a isto, dende a propia asociación de veciños trasladouse en varias ocasións tanto ao Concello de Tui como a propia Xunta de Galiza a necesidade de realizar unha actuación integral na PO-342 atendendo a tres demandas principais:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- **A mellora da seguridade viaria e da mobilidade:** a necesidade de ter beirarrúas ou beiravías axeitadas e que garantan a seguridade de peón e ciclistas, nomeadamente das crianzas que acoden á escola infantil en Ribadelouro. Sumado a isto está a demanda histórica da realización de pasos de peóns elevados para que a estrada realmente vertebral estas parroquias e que as veciñas e veciños deixen de xogarse a vida cruzando polo medio da estrada. Os puntos nos que se demandan estes pasos de peóns elevados son o pk2.8, pk3.7, pk4.1, pk4.3, pk4.5 e pk5.4.
- **A mellora do saneamento na parroquia de Ribadelouro:** Despois de presentar alegacións e demandar que a Xunta de Galiza permitira a realización das obras para poder conectar as vivendas á rede de saneamento, como si se permitiu na mesma estrada na parroquia veciña de Mosende, esta pertencente ao concello do Porriño, parte da veciñanza de Ribadelouro segue sen ter conexión directa á rede de saneamento, malia ter a propia toma da rede baixo a estrada PO-342.
- **Iluminación e marquesinas:** É preciso que se estenda a iluminación a máis zonas da estrada e se instalen marquesinas nas paradas de autobús tanto escolar como de pasaxeiros.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Pensa o goberno galego atender as demandas da veciñanza de Ribadelouro e facer unha mellora integral da PO-342 na parroquia, do mesmo xeito que se fixo na parroquia de Mosende?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que o goberno gaelgo permitiu facer as obras de conexión á rede de saneamento na parroquia de Mosende no Porriño e non permite o mesmos na mesa estrada na parroquia de Ribadelouro en Tui?

- Vai o goberno galego dotar de pasos de peóns elevados na estrada PO-342 par a mellora da mobilidade na parroquia de Ribadelouro nos puntos kilométricos pk2.8, pk3.7, pk4.1, pk4.3, pk4.5 e pk5.4 tal e como leva demandando a veciñanza?

-Ten pensado o goberno gaelgo permitir adoptar as medidas necesarias para garantir a conexión á rede de saneamento da veciñanza da parroquia de Ribadelouro?

- Ten pensado o goberno gaelgo aceptar as demandas da veciñanza de Riabelouro e dotar de pasos de peóns elevados a estrada PO-342 para articular a mobilidade da parroquia?

- Pensa o goberno galego estender a iluminación no conxunto da estrada PO-342?

- Vai dotar o goberno galego de marquesinas as paradas de autobús na PO-342?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/04/2025 16:56:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 21/04/2025 16:56:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a matriculación nas Escolas Infantís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Catro anos despois do comezo da instauración da gratuidade no servizo de escolas infantís 0-3 en Galiza, a realidade é que os problemas á hora das matriculacións se suceden ano tras ano. Este servizo, que a Xunta de Galiza categoriza coma gratuíto e universal, deixa fóra a 3 de cada 10 nenos/as galegas, xa que a oferta non é abonda para cubrir a demanda existente, o que motiva a grande preocupación das familias á hora de dispoñer ou non de conciliación que lles permita desenvolverse con normalidade no seu día a día, especialmente no tocante á súa rutina laboral.

Malia que, co obxecto de paliar a deficiencia no número de prazas públicas, a Consellería de Política Social estendeu o servizo a través do financiamento desa gratuidade mediante a iniciativa privada, a oferta continúa a ser insuficiente e nin sequera se cobren as solicitudes sumando as prazas das escolas de carácter privado e as públicas, tanto as xestionadas polo Consorcio, pola AGASS e as de carácter municipal.

A incorrecta xestión por parte da Xunta de Galiza deste servizo educativo, que pretenden transformar en plenamente asistencial, remata en conflitos e problemas que se concentran especialmente no período de matriculación e que se repiten anualmente. No curso actual, a aplicación con falla de previsión dunha baremación idéntica na admisión de alumnado nas escolas de iniciativa privada e nas de iniciativa pública, deu lugar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as primeiras tivesen unha carga de traballo moi superior a outros anos, causando un caos denunciado polas propias asociacións de escolas infantís e que afectou tanto a estas coma ás propias familias. Estes atrancos foron derivados polos diferentes prazos de matriculación e as múltiples solicitudes para unha mesma crianza, xunto coas dúbidas sobre os casos de empate na baremación que fan que os criterios a aplicar por cada centro neses supostos non sexan comúns ao 100%, sen esquecer a ausencia dunha plataforma única de xestión que facilite esta labor e reduza a burocracia no procedemento.

A pesares de que a gratuidade é financiada tanto no caso da oferta pública coma privada por parte da Consellería de Política Social, as contías económicas aportadas por praza son moi diversas dependendo do tipo de centro. O investimento por crianza no caso da iniciativa privada, cuxa dispoñibilidade é precisa para levar a cabo o servizo, supera frecuentemente o triplo de contía en comparanza co das prazas públicas, onde a escaseza amosa a intención do goberno galego de camiñar cara a privatización do servizo. Este feito evidénciase nos orzamentos da Consellería de Política Social onde, ano tras ano, a partida orzamentaria correspondente ao financiamento da empresa privada aumenta considerablemente, mentres no caso da opción pública ou se mantén nos datos anteriores ou medra máis discretamente.

Unha proba clara de que a iniciativa privada neste eido parece ser a opción de futuro do goberno galego é a renuncia, fai menos de medio ano, a 22 millóns procedentes de fondos europeos do mecanismo de recuperación e resiliencia destinados á creación de prazas públicas de escola infantil, sendo evidentes coñecedores da falla de prazas existente no país e achacando a negativa a que eses fondos non estaban pensados para Galiza porque, entre outras cousas, non permitían o financiamento de prazas de carácter privado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Prevé a Xunta de Galiza regular os prazos de solicitude de praza das escolas infantís 0-3 financiadas con diñeiro público para que coincidan no tempo coa intención de eliminar diferenzas á hora de matricular as crianzas?
2. Prevé a Xunta de Galiza crear prazas de escola infantil pública que satisfagan a demanda existente por parte das familias priorizando os concellos onde non existe oferta e onde as listaxes de agarda son máis numerosas, atendendo ás necesidades da poboación?
3. Ten previsto a Xunta de Galiza a unificación de listas de agarda das escolas infantís 0-3 para evitar duplicidades nas solicitudes de praza que dificulten o proceso de matriculación?
4. Con que motivo renunciou a Xunta de Galiza aos fondos europeos do mecanismo de recuperación e resiliencia que tiñan como obxectivo a creación de prazas públicas de escola infantil 0-3 cando precisamos esas prazas?
5. Prevé a Xunta de Galiza igualar as contías coas que financia a todas escolas infantís privadas, asegurando posteriormente que estas non cobrarán ás familias ningún servizo ou concepto a maiores dos que se prestan nas escolas infantís públicas de xeito gratuíto?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 21/04/2025 17:30:17

Olalla Rodil Fernández na data 21/04/2025 17:30:26



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O teléfono da infancia, 116111, é unha liña telefónica gratuíta que proporciona unha atención inmediata a situacións urxentes e problemáticas, á vez que pode facilitar aos nenos, nenas ou adolescentes unha vía de apoio, escoita ou de simple coñecemento das súas inquietudes e necesidades. Tamén se dirixe a persoas adultas que teñan coñecemento de situacións nas que os dereitos de nenos, nenas e adolescentes estean a ser vulnerados. E a todas as persoas sen excepción que demanden información sobre os recursos e asesoramento en temas referentes aos dereitos da infancia.

A liña de axuda á infancia ten carácter confidencial e é un servizo prestado por psicólogos, apoiados por traballadoras sociais e avogados especializados en infancia e adolescencia durante as 24 horas, os 365 días do ano.

Trátase dun servizo xestionado por cada Comunidade Autónoma pero unificado en toda España, é dicir, o mesmo número telefónico (116111) ten atribuído o servizo de liña de axuda á infancia en todo o territorio español.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o teléfono da infancia no ano 2024?
- 2.- Cal foi a súa evolución nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 22/04/2025 09:52:14

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/04/2025 09:52:36



Víctor Baladrón Lamas na data 22/04/2025 09:52:45

Nicole Grueira Fernández na data 22/04/2025 09:52:57

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/04/2025 09:53:08

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/04/2025 09:53:21

Noelia Pérez López na data 22/04/2025 09:53:34

Ethel Vázquez Mourelle na data 22/04/2025 09:53:47

Maria Magdalena Perez Millares na data 22/04/2025 09:54:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a exclusión inmediata da frota galega de artes de fondo fixas das 87 vedas impostas pola CE no Atlántico Nororiental e a necesidade de compensacións á mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As revisións anuais prometidas pola Comisión Europea no mes de setembro de 2022, após o veto que impuxo á pesca de fondo en 87 áreas das augas comunitarias do Atlántico Nororiental, non foron cumpridas aínda a día de hoxe, dous anos e medio despois de ter tomado un acordo que non contou nin co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo.

Unha decisión que prohibiu o acceso ás artes de pesca de fondo en preto de 17.000 quilómetros cadrados por baixo dos 400 metros, que nin sequera contou cos informes científicos e técnicos suficientes, que se levou a cabo, ademais, sen diálogo co sector nin cos Estados afectados -España, Francia, Irlanda e Portugal- e sen ningún tipo de avaliación socioeconómica sobre o seu impacto, non pode cualificarse doutro xeito máis que de abuso e de inxustiza.

De feito, a frota galega máis afectada, a do palangre, nomeadamente a agrupada na Organización de Produtores Pesqueiros de Burela, non tivo máis opción que acudir ao Tribunal de Xustiza da UE para demandar a anulación dunha prohibición que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consideran desproporcionada e discriminatoria. Demanda que só foi formalizada ademais de pola propia OPP de Burela, polo Estado español e que a Xunta de Galiza, malia prometelo e anunciálo ata a saciedade, só secundou como parte coadxuvante.

Ao longo destes anos, nin os informes do Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca (STECF), asesor da CE, e dos que, por certo, esta prescindiú na súa decisión de 2022, nin tampouco os do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES), foron quen de certificar con datos concluíntes os supostos danos que o palangre de fondo produce nos ecosistemas mariños vulnerábeis (EMV) e aínda así nin se albisca a revisión que nunca se levou a cabo.

É máis, a reunión do STECF que tivo lugar o pasado 14 de abril determinou que aínda non ten datos suficientes e que son necesarias máis investigacións. No entanto, si confirma no seu informe o impacto económico das 87 vedas sobre a frota máis afectada, a do Estado español, que é maioritariamente a galega. Daquela situaba as perdas entre os 13 e os 16 millóns de euros ao ano, agora fala dunha diminución media dun 11% do valor económico total entre o 2022 e o 2023.

Mentres, a redución de capturas da frota de palangreiros demersais galegos continúa, tamén a súa reconversión en volanteiros, menos afectados polas restricións europeas, e mesmo as baixas por inviabilidade das empresas que nunca se recuperarán. Está aínda por cuantificar o verdadeiro dano en número de postos de traballo, en perda de empresas, de tecido produtivo pesqueiro en moitas zonas do noso país e, dende logo, a incidencia social dunha decisión imprudente e totalmente arbitraria.

Ademais do propio acordo da CE do 2022, que se levou a cabo con datos científicos de entre o 2011 e o 2013, resulta totalmente inxustificábel que non se tiveran levado a cabo as revisións nos prazos comprometidos, que non existan aínda informes determinantes, que se negaran fondos compensatorios para a frota afectada por parte da Unión Europea e do Estado español, máis alá dos limitados e insuficientes fondos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

FEMPA, e que ningunha institución siga sen responder por tal despropósito, levado a cabo en nome dunha sostibilidade que non existe para a frota.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que valoración fai o Goberno galego da decisión tomada pola CE de prohibir a pesca de artes de fondo en 87 zonas do Atlántico Nororiental e das consecuencias da mesma para a frota galega, nomeadamente para a de artes fixas?

Ten coñecemento do informe do STECF deste mesmo mes de abril ao respecto? De ser así, que avaliación fai do mesmo?

Que actuacións levou a cabo nestes últimos anos á vista do incumprimento inxustificábel de revisar a decisión das vedas?

Cales a respecto dos distintos informes que subliñan o dano económico do acordo da CE para a frota galega?

Dispón de informes propios e recentes a respecto das consecuencias económicas e sociais que trouxo para Galiza tal acordo? De ser así, cales son os datos máis destacábeis que conteñen?

Á vista de como se tomou a decisión, de que non se tivera revisado ata o momento e do lesiva que foi e segue a ser para a frota galega, vai esixir de inmediato a súa suspensión no que respecta ás artes fixas de fondo?

Considera que é xusto que se compense á frota afectada? De ser así, que actuacións vai levar a cabo nesa dirección?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2025 10:38:31

Carmela González Iglesias na data 22/04/2025 10:38:36

Daniel Castro García na data 22/04/2025 10:40:34

Daniel Pérez López na data 22/04/2025 10:40:51

Paulo Ríos Santomé na data 22/04/2025 10:41:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as demandas ao Goberno Galego en materia vivenda no Concello de Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, sinala que lle corresponde á Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda. Mais o que se está ver é a incapacidade do goberno galego do Partido Popular para ser quen de desenvolver medidas efectivas que faciliten o acceso á vivenda ás galegas e galegos.

Os prezos desorbitados non son só un problema das grandes cidades, se non que no propio Concello e Tui pode verse como o prezo medio do alugueiro está arredor dos 1000 €/mes e so un par de alugueiros están por debaixo dos 500€/mes (segundo datos dos principais portais inmobiliarios). Pola contra a vivenda de uso turístico segue a aumentar en Tui, chegando a supoñer máis do triple da oferta de alugueiro convencional.

Ante este panorama o Goberno do PP recortou un 50% o investimento en vivenda, deixando sen executar só en 2023 o 41% do orzamento, e o Plan de Vivenda 2015-2020 que marcaba como obxectivo 870 novas vivendas de promoción pública das que, en realidade, só se construíron 40.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora a Xunta do Partido Popular ven de incrementar o prezo da adquisición de vivenda protexida un 30% o que sumado ao incremento do 8% de 2023 supón un aumento do 38% do prezo dos pisos protexidos para beneficio de promotoras e indo en contra dos intereses das galegas e galegos que desesperadamente buscan onde vivir.

Sumado a isto está o Programa REXURBE, que foi posto en marcha en 2017 co fin de adquirir e rehabilitar inmobles e solares emprazados nos centros históricos e tiña como obxectivo rehabilitar até 1.500 vivendas e 350 locais comerciais. Unha aposta que se redobrou no programa electoral do PP en 2020, asegurando que rehabilitarían 3.000 vivendas.

Ante o reiterado incumprimento do seu propio programa, no último programa electoral de 2024 decidiron rebaixar as súas expectativas até os 300 inmobles rehabilitados, sen especificar o número de vivendas, nin tampouco se a súa rehabilitación sería exclusivamente a través do programa Rexurbe ou se tamén se contabilizan aí outros programas.

O que si temos certificado até o de agora é o baixo desempeño deste programa. En 7 anos apenas se adquiriron 93 inmobles, dos cales segundo os últimos datos apenas 18 foran rehabilitados. Estes malos resultados fan con que a Xunta de Galiza sistemáticamente trate de ocultar o número concreto de inmobles e vivendas rehabilitados até o momento.

A Área Rexurbe do Concello de Tui foi aprobada en setembro do ano 2021. Abrangue unha superficie de algo máis de 135.000 metros cadrados. Nela está incluída a totalidade do seu conxunto histórico —declarado Ben de Interese Cultural— e tamén outras zonas da contorna: Paseo da Corredoira, Bispo Lago e Martínez Padín N-550.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a súa aprobación a Xunta de Galiza anunciou a adquisición de catro inmobles por valor de 302.461€ dende o 2019, dos cales só declarou a licitación da rehabilitación dun deles orzamentado en preto de 58.000€ en 2022.

O pasado xaneiro de 2024 anunciábase no Consello da Xunta a aprobación da dinamización da área rexurbe para Tui por un valor de algo máis de 23 M€ de carácter público-privado en colaboración co propio Concello de Tui, no que se establecen accións concretas a impulsar como a rehabilitación de inmobles xa construídos e deteriorados, a reordenación do tráfico rodado e peonil dentro do ámbito, a conexión do conxunto histórico co paseo fluvial, o fomento de iniciativas empresariais innovadoras e do coworking e o apoio á emancipación xuvenil.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Ten pensado o goberno galego desenvolver a dinamización do Plan Rexurbe en Tui cun investimento estimado de 23 M€ nesta lexislatura? Como pensa facelo?

. Que actuacións específicas prevé realizar o goberno galego nesta lexislatura en Tui ao abeiro do Plan Rexurbe?

. Como pensa o goberno galego apoiar a emancipación da mocidade en Tui?

. Ten pensado o goberno galego comezar coa rehabilitación dos tres inmobles adquiridos en Tui dentro do Plan Rexurbe que aínda non teñen proxecto?

. Estarán tódolos inmobles adquiridos polo IGVS a través do plan rexurbe cun proxecto de rehabilitación n o ano 2025?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten pensado o goberno galego poñer as vivendas rehabilitadas na rúa Bispo Castañón como alugueiro social?

. Comom valora o goberno galego a execución do Plan Rexurbe para Tui até o momento?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2025 11:27:37

Alexandra Fernández Gómez na data 22/04/2025 11:27:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os requisitos incluídos na Lei de Vivenda estatal de maio do pasado ano, para declarar como tensionada unha zona de mercado residencial, fan referencia ao prezo de compra ou alugueiro, que ten que ter subido como mínimo un 3% nas últimos 5 anos en comparanza co IPC ou que o alugueiro ou os gastos da hipoteca e outros gastos básicos supoñan un mínimo do 30% da renda media da familia.

No informe elaborado pola Xunta de Galiza, presentado o pasado 13 de decembro no Observatorio de Vivenda de Galiza, detectouse que alomenos o 30% dos concellos galegos poden cualificarse coma zonas tensionadas segundo os datos do 2021 (os máis actuais que se manexan por parte do Ministerio), entre os cales están tres concellos da comarca do Deza- Tabeirós e Terra de Montes. Todos eles están en serio risco de quedar sen oferta de pisos en alugueiro e a venda por o elevado crecemento de prazos a comparación co IPC, que por orde son Rodeiro, Lalín e A Estrada. Entre os anos 2014 e 2024 o incremento do prezo do alugueiro foi dun 44% partindo deses mesmos datos, o que supón que as familias galegas pagan de media case 2000 euros máis ao ano por unha renda de aluguer ca fai unha década. Debullando os datos desta comarca de interior, onde se concretan as cifras, hai que destacar as variacións de prezo entre 2017 e 2021 acádanse porcentaxes de suba dos prezos un prazo de 4 anos do 59,7, 11,4 e 15,8% respectivamente, cunha oferta media de vivendas nese mesmo período de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

87, 3275 e 2009 na mesma orde anterior. Nos tres casos se supera por moito o 3% fixado na lei de carácter estatal, destacando Rodeiro, que sobrepasa en 48 puntos a cifra estipulada na norma.

Cos datos anteriores constatamos a necesidade de vivenda que existe e que sofren os galegos e as galegas, máis Lalín, en concreto leva xa tres anos na lista das 44 zonas residenciais tensionadas do país, a pesares de ser dos que máis vivendas baleiras, que ascenden a máis de 4600, aínda que A Estrada está a piques de chegar as 4000 vivendas sen inquilinos. Estas cifras revelan a falla de políticas públicas por parte da Xunta de Galiza para actuar na ordenación do parque construído e a súa conservación e mobilización para a colocación no mercado, evidenciando que a autorregulación de mercado mediante a oferta e demanda é un fracaso neste senso.

O acceso á vivenda digna, que se actúe sobre a vivenda baleira ou a construción de vivenda pública son retos aos que a Xunta de Galiza debe dar resposta coa maior resolutividade posible, xa que a situación de demanda e de prezos é crítica, afectándolle con maior intensidade aos máis desfavorecidos socialmente, tendo serias dificultades para facer fronte a gastos derivados disto as persoas en risco de pobreza, tanto a un nivel grave coma severo (persoas que adican máis do 40% da súa renda a facerlle fronte a gastos derivados da vivenda). Na actualidade estese chegando a escenarios que evidencian un desleixo claro por parte da administración perante a situación que sofre Galiza e os galegos e galegas neste aspecto.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Plantéxase a Xunta de Galiza a construción de vivenda pública nos tres concellos mencionados (Rodeiro, Lalín e A Estrada) durante esta lexislatura? Se é así, de que número de vivendas estamos a falar?

. Que actuacións se van levar a cabo nestes tres concellos para que o parque de vivenda construída entre no mercado e palíe a falla de nova construción e o aumento dos prezos por a escaseza de oferta?

. Que políticas se estan levando a cabo na comarca de Deza- Tabeirós e Terra de Montes para conseguir que os concellos marcados como tensionados saian desta clasificación?

. Que cantidade de vivendas públicas hai nos tres concellos mencionados? Canto tempo leva sen se construír vivenda deste tipo neles?

. Que políticas se están levando a cabo por parte da Xunta de Galiza nestes tres concellos para que a vivenda baleire entre no mercado e favoreza que os alugueres sexan máis accesibles?

. Que medidas se están a levar a cabo para que as familias en condicións de risco accedan a vivenda digna nestes concellos?

. Que medidas se están a levar a cabo para que os mozos e mozas vexan favorecido o seu acceso á vivenda en Lalín, Rodeiro ou A Estrada?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 22/04/2025 11:34:51

Alexandra Fernández Gómez na data 22/04/2025 11:35:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Óscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á estratexia do goberno galego ante o posíbel impacto da política arancelaria dos Estados Unidos de América.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas a economía mundial está a verse afectada polos anuncios e primeiras medidas da política arancelaria dos Estados Unidos de América nun contexto de incremento da incerteza respecto das condicións para o desenvolvemento da actividade comercial e de incremento das tensións xeopolíticas.

En síntese, o goberno Trump establece un arancel xeral mínimo do 10%, alén doutros específicos para os países que consideran que tratan inxustamente aos produtos procedentes dos EUA. En concreto, aos produtos da Unión Europea corresponderían uns aranceis do 20%, que xustifican como a metade do arancel que a UE lles aplica aos produtos de EUA. Con estas medidas din pretender compensar o déficit comercial do seu país cos seus parceiros comerciais ao longo do planeta.

É preciso contextualizar esta ofensiva arancelaria como un paso máis na guerra comercial que os EUA xa iniciara, fundamentalmente en contra China, e no seu intento de frear ou reverter o seu devalar como potencia hexemónica perante a emerxencia doutros actores internacionais e é parte da expresión da crise estrutural que atravesa o grande capital e do papel imperialista estadounidense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, a medida provoca unha enorme incerteza nos mercados globais que se traslada en primeiro lugar aos sistemas produtivos dos países exportadores e despois ao conxunto do comercio internacional. Axítase a ameaza da guerra comercial, con consecuencias imprevisíbeis nun contexto xeopolítico de enorme incerteza. Ante este contexto, a Unión Europea anunciou que respondería ao tempo que se abre a unha negociación. Pola súa banda, o goberno do estado español anunciou unha mobilización de 14.100 M€ para combater o impacto dos aranceis mais o decreto continúa paralizado nestes momentos. Ao tempo, xa puidemos constatar que esta medida ten tamén como obxectivo situarse nunha posición inicial de forza ante negociacións posteriores coa pausa de noventa días para varios países.

É polo tanto, necesario que a Xunta de Galiza saia da súa parálise e active os mecanismos de autogoberno e impulso político dos que dispón para prever e valorar o impacto no noso país, intervir en relación cos sectores económicos e sociais máis afectados e negociar con ambición ante as distintas institucións que deban tomar decisións que nos van afectar.

É preciso recordar que Galiza exporta menos do que importa dese país. Así, no 2024 vendemos bens por valor de 802,35 millóns de euros e compramos por valor de 1.292,43 obtendo un déficit comercial con EUA por valor de máis de 490 millóns. No 2024, as principais exportacións foron de produtos químicos, material e transporte, maquinaria e aparellos e material eléctrico, produtos alimentarios, metais e manufacturas metálicas, animais e produtos derivados, manufacturas de pedra e doutros materiais como xeso, cemento, etc. No seu conxunto, máis de mil empresas galegas exportaron a EUA durante 2024.

Algunhas informacións estiman en 255 millóns de euros o impacto dos aranceis no PIB de Galiza, o que suporía unha mingua do 0,3% (sobre o PIB provisional de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2024). Por outra banda, os EUA son un dos principais destinos do investimento galego no exterior o 34,9% do total do investimento exterior entre 2019 e 2023.

Estes son só algúns datos que avanza o posíbel impacto en Galiza deste novo contexto. É necesario, polo tanto, que por parte da Xunta de Galiza se elabore en detalle o impacto de maneira pormenorizada, que se avalíe o impacto en macroeconómicos e tamén nos distintos ámbitos económicos, produtivos e sociolaborais e que non se limite a manterse de espectadora das políticas que arbitren outras institucións. Debe facerse unha valoración e unha posición galega que dea resposta ás necesidades e prioridades do noso país.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Que actuacións e medidas prevé o goberno galego para aplicar unha estratexia galega ante o previsíbel impacto da política arancelaria estadounidense na nosa economía?

Fixo ou vai facer o goberno galego unha diagnose do impacto macroeconómico deste novo contexto comercial internacional? Con que metodoloxía e resultados?

Reuneu ou vai reunir os organismos de asesoramento cos que conta Galiza ao abeiro do seu autogoberno para dialogar cos axentes económicos e sociais sen exclusións? Cales son as razóns?

Que valoración fai o goberno galego das posíbeis medidas fiscais que se dirimen nas distintas institucións? Valora impulsar algunha desde as súas competencias?

Que impacto prevé o goberno galego no tecido produtivo galego? E do punto de vista socioeconómico?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai definir o goberno galego aqueles sectores estratéxicos e esenciais para Galiza co fin de blindar a súa viabilidade e o control público galego sobre eles? De que maneira?

Vai establecer o goberno galego unha estratexia propia e galega de defensa e promoción dos intereses comerciais galegos no exterior sen depender subsidiariamente doutros intereses?

Vai impulsar mecanismos que impidan que o previsíbel aumento de prezos recaian sobre as clases populares, evitando así que se profunde no seu empobrecemento?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Ramón Fernández Alfonso

Óscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2025 11:43:16

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2025 11:43:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2025 11:43:38

Óscar Insua Lema na data 22/04/2025 11:43:46

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2025 11:43:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as medidas que a Xunta de Galiza debe tomar no que ten a ver coa situación da factoría Alcoa-San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2021 Alcoa asinaba un acordo cos representantes dos traballadores e traballadoras, despois de meses de mobilizacións, que implicaba o cesamento da produción temporalmente coa condición de manter todos os empregos cando se reiniciase a actividade dous anos despois -prevista inicialmente para xaneiro de 2024-, ademais do compromiso de realizar melloras e investimentos que garantisen a viabilidade e continuidade da actividade na planta, especialmente, a construción do novo forno de ánodos.

Posteriormente, a comezos do 2023, Alcoa propuxo incrementar os prazos para o arranque, proceso de reinicio que se está a desenvolver na actualidade. A comezos de 2025 o Ministerio de Industria e Turismo xunto coa Xunta da Galiza, Alcoa e IGNIS asinaban un Memorando de Entendemento -MoU segundo as súas siglas en inglés- en que se comprometían a colaborar para “lograr a estabilidade das operacións” na planta de aluminio en San Cibrao, priorizando a reactivación das instalacións de aluminio, ademais de axilizar as autorizacións de proxectos de enerxía renovable para “lograr custos competitivos” e incrementar as axudas ás emisións de CO2.

Porén, o Memorando ao completo non foi feito público, nin sequera se compartiu co Comité de Empresa, polo que é preciso reclamar maior transparencia e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exixir que se dea a coñecer o seu contido íntegro, máis, cando algunhas das cláusulas divulgadas parecen non respectar os compromisos alcanzados cos traballadores e traballadoras en relación aos investimentos pendentes, principalmente, a construción do forno de ánodos.

Así, o Ministerio de Industria parece amparar que se facilite unha saída da crise de acordo coa empresa, mais abandonando os traballadores e sen garantir a continuidade da actividade produtiva. Esta situación podería desembocar nunha desindustrialización semellante á xa vivida en Alcoa A Coruña e Alcoa Avilés, co fechamento definitivo das instalacións. Así pois, é imprescindible que desde o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza, administracións asinantes dese memorando, se exixa o cumprimento do acordo asinado co Comité de Empresa e que se desenvolvan todas as actuacións e investimentos comprometidos.

No referido á subministración de enerxía, debe lembrarse que existen xa, neste momento, solucións viables para garantila mentres non se materialicen as PPAs previstas, de facto, segundo os datos máis recentes, sobre o total da produción eléctrica galega, máis de 40% da enerxía xerada na Galiza é “exportada” a outras comunidades, polo que se demostra que hai enerxía suficiente dispoñible para asegurar a continuidade da actividade.

Por tanto, no momento actual as autoridades públicas, especialmente o Goberno do Estado a través do Ministerio de Industria, debe rectificar e dar o seu apoio total ás demandas dos traballadores e traballadoras, é dicir, exixir a Alcoa que cumpra cos compromisos adquiridos, garantindo os investimentos necesarios para a viabilidade da fábrica. Neste sentido, é posible explorar por parte do Ministerio de mecanismos de financiamento alternativos, como por exemplo, a concesión de créditos reembolsables, que aseguren que a empresa realice as melloras e investimentos comprometidos, particularmente a construción do forno de ánodos que, non só é fundamental para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

garantir o futuro da actividade en San Cibrao, senón tamén para garantir o emprego, especialmente nas empresas auxiliares.

Así mesmo, é necesario que calquera acordo ao que se chegue coa empresa inclúa aos traballadores e traballadoras das empresas auxiliares, garantindo a protección ao emprego até decembro de 2026, data até a que Alcoa asegura manter o emprego directo.

Por último, cabe lembrar que, se fose necesario, a SEPI debe estar preparada para intervir a empresa e asegurar a continuidade da actividade industrial, garantindo que non se repita a situación vivida noutras plantas de Alcoa. En definitiva, o Goberno debe actuar con determinación e priorizar os intereses da industria e do conxunto dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Vai a Xunta de Galiza formar parte dunha posible intervención pública de Alcoa-San Cibrao aportando capital da mesma?
- Vai a Xunta de Galiza facer público o contido íntegro do Memorando de Entendemento asinado polo Ministerio de Industria e Turismo, a propia Xunta, Alcoa e IGNIS?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**
Ramón Fernández Alfonzo
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 22/04/2025 12:54:10

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2025 12:54:24

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2025 12:54:32





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a seguridade viaria é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

No municipio de Ames, a mellora da seguridade viaria e da accesibilidade a todos os núcleos de poboación é unha necesidade urxente que se leva demandando dende fai moitos anos, debido aos numerosos problemas de seguridade viaria que presentan varias das súas vías.

Na vía AC-453, a estrada que une Roxos con Portomouro presenta unha importante carencia de beirarrúas en boa parte do traxecto o que supón un serio perigo para os peóns que se ven obrigados a circular pola calzada en gran parte da estrada. Ademais, este vial interior ten unha elevada densidade de tráfico, tamén de vehículos de alta tonelaxe, sobre todo tras converterse nun tramo alternativo para comunicar o noroeste e suroeste de Galicia despois da apertura da autovía Santiago-Brión no ano 2008, o que pon aínda máis en risco a vida dos peóns e evidencia a necesidade urxente de mellorar a seguridade viaria da vía.



Ademais, no tramo comprendido entre Augapesada e Portomouro, a vía non está deseñada para soportar este nivel de tráfico tan elevado, sobre todo no que respecta ao tránsito dos vehículos pesados. Trátase dun tramo cun trazado que non foi dimensionado para este tipo de circulación intensiva, e que, na súa configuración actual, carece dos estándares mínimos esixibles en termos de seguridade viaria. A isto hai que engadir a carencia de sinalización adecuada e a ausencia de beirarrúas, o que incrementa a inseguridade viaria e o risco de accidentes. Cómpre destacar que se trata dunha zona habitada, con numerosas vivendas nas súas marxes e onde tamén se realiza o servizo de transporte escolar, con varias paradas localizadas neste tramo para a recollida e baixada de nenos e nenas.

Por todo isto, resulta imprescindible acometer unha actuación integral que permita adaptar a infraestrutura ás condicións reais de uso e garantir a seguridade das persoas usuarias, tanto peóns como condutores.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

1. Está previsto por parte da Xunta de Galicia mellorar a seguridade viaria neste tramo concreto da AC-453?
2. Ten coñecemento a Xunta de Galicia do estado actual no que se atopa a estrada AC-453, particularmente no tramo entre Augapesada e Portomouro?
3. Considera a Xunta de Galicia que este treito cumpre cos estándares actuais de seguridade viaria?
4. Dispón a Xunta de Galicia de datos sobre accidentes ou incidentes rexistrados neste tramo nos últimos anos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2025 13:35:02
Nº Rexistro: 24367
Data envío: 22/04/2025 13:35:02.350

5. Cal é a razón pola que aínda non se executou unha intervención de mellora neste treito da AC-453?
6. Cales son os criterios que emprega a Xunta de Galicia para determinar a prioridade nas actuacións de mellora de estradas como a AC-453?
7. En que prazo ten previsto o Goberno galego iniciar a intervención necesaria nesta infraestrutura?

Santiago de Compostela, a 22 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 22/04/2025 13:29:58

Carlos López Font na data 22/04/2025 13:30:12

CSV: BOPGDSPG-c1tthnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81810

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonzo e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a resposta do goberno galego á hora de artellar mecanismos fronte á guerra arancelaria iniciada polos Estados Unidos de América.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A chegada de Donald Trump á Casa Branca supuxo un terremoto para o conxunto das economías estreitamente relacionadas cos EUA. As últimas medidas controvertidas son a imposición de aranceis a practicamente tódolos mercados que teñen relación comercial con este país, o que se deixa entrever como un síntoma do deterioro da hexemonía do imperialismo norteamericano nun contexto cada vez máis multipolar tamén no económico.

Galiza non é unha excepción dentro do impacto que causará a política arancelaria dos EUA xa que nos últimos 10 anos incrementáronse as exportacións a este mercado preto dun 41%, sendo os sectores principais os relacionados coa cadea da industria alimentaria e das bebidas (nomeadamente o viño), os produtos enerxéticos, o sector do metal, da automoción, da pedra e a cadea mar-industria entre outros.

As exportación galegas situáronse no 2024 por riba dos 30.000 millóns de euros dos cales preto do 2,5% realizáronse aos EUA, supoñendo un valor de algo máis de 800 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por sectores, o do viño sería o máis afectado debido a que EUA é o principal mercado, tamén o da pedra onde o 10% expórtase até os Estados Unidos de América, tamén sectores como o metal onde a patronal ASIME reconece que só o 5% da súa produción se destina a este mercado mais que supón preto do 34% das exportacións galegas aos EUA, tamén xera incerteza polo impacto derivado a outros sectores e posibles rupturas nas cadeas de valor e o efecto rebote indirecto na redistribucións dos mercados globais.

No mesmo sentido tanto os clústers da automoción (Ceaga) e do téxtil e moda (Cointega) mostraron preocupación polo impacto en dous sectores que están a atravesar momentos de incerteza.

Os últimos anuncios por parte do Goberno do Partido Popular fan fincapé no axuste das condicións de préstamos por valor de 50 millóns de euros cun máximo por préstamo dun millón. Esta medida non supón unha mobilización extra de recursos da Xunta na protección dos sectores produtivos, se non unha modificación de condicións para un capital xa contemplado nos propios orzamentos.

Polo tanto faise preciso dende o Goberno Galego establecer mecanismos de protección dos sectores produtivos galegos para garantir, entre outros, o mantemento do emprego de calidade e da capacidade de produción no país.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Está o goberno galego mobilizando recursos extra para o fortalecemento dos sectores produtivos fronte á guerra arancelaria creada polos EUA?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten analizado o Goberno Galego o impacto da guerra arancelaria dos EUA no emprego galego?

- Está o Goberno Galego deseñando estratexias de diversificación de mercados para paliar os efectos derivados dos aranceis no mercado estadounidense para os sectores produtivos galegos? Con que dotación de persoal e recursos?

- Como vai garantir o Goberno Galego que as medidas económicas extraordinarias que poida despreparar non incorran en deslocalizacións?

- Pensa o Goberno Galego apostar unha intervención pública nos sectores produtivos para velar activamente polo seu desenvolvemento?

- Que apoio técnico está a prestar o Goberno Galego ás pequenas e medianas empresas con maiores dificultades (por exemplo de acceso a asesoramento) que se poidan ver afectadas pola guerra arancelaria perpetrada polos EUA?

- Pensa o Goberno Galego incrementar o investimento en I+D+i como mecanismo de mellora da competitividade?

- Pensa o Goberno Galego deseñar algunha estratexia específica de intensificación das relacións económico-comerciais coa lusofonía?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2025 15:36:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2025 15:40:18

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2025 15:40:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración do goberno galego sobre a evolución das campañas da renda e grao de coñecemento dos galegos e galegas das posíbeis reducións ás que poden acollerse do ámbito autonómico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o sindicato de técnicos e técnicas do Ministerio de Facenda (Gestha) emitía un informe verbo da campaña da renda do ano 2022. Entre outros datos, chamaba a atención que sinala para Galiza que pouco máis de 78.000 contribuíntes se terían aproveitado de distintas deducións galegas, o que supón o 5,5% das e dos declarantes. Esta porcentaxe situaría Galiza como a segunda comunidade, só por detrás da Rioja, coa taxa de beneficiarios e beneficiarias máis baixa do Estado. En termos estatais a porcentaxe de contribuíntes que se benefician sería do 13,4%.

Entre as causas recollidas ás preguntas da prensa sinálase que a cuestión radicaría en que o borrador non as delimita automaticamente e polo tanto moitas persoas ao recibir unha declaración a devolver aceptan a proposta sen reparar en máis posibilidades. Chama especialmente a atención esta información respecto do ano 2022 porque ese foi un ano no que teoricamente as e os contribuíntes terían mecanismos de alivio para a crise de prezos e constátase que o seu impacto foi reducido, tanto pola súa formulación como polo resultado final, polo que cómpre poder facer unha reflexión ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

respecto tendo en conta a propia información da ATRIGA e a evolución do paso do tempo e de novos mecanismos posibles de información.

Hai que recordar que nesa campaña, como vén sendo habitual, a xunta colaborou con 36 empregados e empregadas públicos na campaña de atención presencial nas oficinas e tamén co 'Plan Chamámoslle' para a asistencia telefónica dos contribuíntes na elaboración da declaración do IRPF e a súa presentación. Entre as novidades que se aplicaron nese ano estaban a modificación da escala autonómica aplicable á base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas, que reducía os tramos de sete a cinco; unha nova rebaixa do tipo aplicable ao tramo autonómico máis baixo do IRPF, que pasaba do 9,4 ao 9%; a presunta deflactación ao 4,3% da tarifa aplicable aos tres primeiros tramos da escala autonómica e o incremento do mínimo persoal e familiar na mesma porcentaxe do 4,3%. Tamén para o ano 2022 modificábase a dedución na cota do IRPF por acollemento e suprimíase o requisito da relación de parentesco entre a persoa contribuínte e o ou a menor en réxime de acollemento familiar.

Segundo a propia información da Memoria de actividades da ATRIGA, na campaña do IRPF 2022, o persoal da Atriga elaborou e presentou un total de 27.735 declaracións das que 12.204 atendéronse a través do "Plan Chamámoslle" e 15.531 de xeito presencial.

É preciso que a Xunta faga seguimento, como recomenda o Consello de Contas, da efectividade real da súa política impositiva, mais tamén é necesario, á luz das informacións facilitadas, que se faga unha valoración de cal é a efectividade no coñecemento por parte dos galegos e galegas e cal é a marxe de mellora tendo en conta os soportes dixitais e outras fórmulas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con base a estas cuestións fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Como valora o goberno galego o coñecemento e resultado para os galegos e galegas das posíbeis reducións fiscais de ámbito galego?

Como valora a evolución do último lustro?

Que valoración lle merecen os datos e valoracións emitidos polo sindicato de técnicos e técnicas do Ministerio de Facenda (Gestha) emitía un informe verbo da campaña da renda do ano 2022?

Ten feito o goberno galego valoracións cuantitativas e cualitativas propias ao respecto, para alén das informacións recollidas nas memorias da Atriga?

Que pautas de mellora prevé aplicar na socialización desta información?

E na mellora do coñecemento das e dos contribuíntes á hora de formular a declaración e revisar o borrador?

Valora aumentar o persoal co que colabora coa AEAT?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2025 16:31:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2025 16:34:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o boicot da Xunta á declaración da Coruña como zona tensionada aos efectos da Lei de Vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Acaba de se facer público que a Xunta de Galiza remitiu un requirimento ao Concello da Coruña no que lle solicita correccións á súa solicitude de declaración de zona tensionada, á vista das cada vez maiores dificultades de acceso á vivenda nesta cidade.

Segundo a información difundida a través dos medios, a Xunta afirma que a documentación presentada está incompleta e que cómpre maior precisión nas medidas correctoras que se propoñen.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG estamos á espera de recibir este requirimento, solicitado ao abeiro do artigo 9, para coñecer en detalle os termos e a xustificación da petición de nova documentación complementaria, mais esta actitude por parte da Xunta nonm sorprende á vista das declaracións públicas do goberno de Rueda manifestándose contrario á declaración de zonas de mercado tensionado en cidades como A Coruña en que o acceso á vivenda deixou de ser un dereito para se converter nun luxo ao alcance duns poucos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que o goberno da Xunta está a boicotear a declaración da Coruña como zona tensionada aos efectos da Lei de Vivenda?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 22/04/2025 17:19:17

Alexandra Fernández Gómez na data 22/04/2025 17:21:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A práctica cultural ancestral da Rapa das Bestas foi declarada Festa de Interese Turístico internacional en 2007, con grande afluencia de público de todas as procedencias que se amorea para ver a baixada dos cabalos dende o monte e a valía dos e das aloitadoras no curro durante varias xornadas, que no 2025 se estenderán entre o 4 e o 7 de xullo deste presente ano.

No ano 2019 fíxose pública a proposta de declaración da Rapa das Bestas coma Ben de Interese Cultural Inmaterial ao abeiro da lei de patrimonio cultural de Galiza, feito que non presentou avances a día de hoxe, seis anos despois do anuncio. Non foi a única comunicación que se levou a cabo ao respecto xa que, no 2021 se volvía demandar por parte do concello de A Estrada e da Asociación da Rapa das Bestas sen que se realizasen progresos no procedemento, de xeito que no 2023 o concello formalizou, segundo informacións procedentes da prensa, a petición de declaración de BICI.

A recente ameaza sobre a zona por parte de proxectos eólicos, tanto de tramitación autonómica coma estatal, dou lugar a unha grande preocupación social, xa que as afeccións destes proxectos afectaban á zona correspondente ao hábitat propio dos cabalos de monte da parroquia de Sabucedo, que son a base da Rapa das Bestas e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

constitúen unha parte fundamental na conservación dos montes e dos seus hábitats derivados.

Derivada desta situación e tras a presentación dunha iniciativa parlamentar por parte do BNG o goberno, a través do Conselleiro de Cultura, comprometeuse a incoar o procedemento de declaración de Ben de Interese Cultural Inmaterial da Rapa das Bestas, cunha data concreta para que esta declaración estivese vixente e que, segundo o propio José López Campos, sería levada a cabo antes da celebración da seguinte edición da festa, que será no próximo mes de xullo de 2025.

Descoñecendo totalmente o estado do procedemento por parte das asociacións, o concello onde está localizado o hábitat deses cabalos de monte e por todo o exposto anteriormente:

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

. En que estado está o procedemento de declaración da Rapa das Bestas coma BICI co que a Xunta se comprometeu en xuño de 2024?

. Cumpríranse os prazos na declaración como BICI da Rapa das Bestas de Sabucedo cos que se comprometeu o Conselleiro de Cultura, que asegurou que na edición desta Festa de Interese Cultural do 2025 esta declaración estaría feita?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**
Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 22/04/2025 17:55:53

Mercedes Queixas Zas na data 22/04/2025 18:00:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a baixa execución orzamentaria do IGVS en 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos de 2024 prevían un investimento en materia de vivenda por parte do IGVS de 166.723.831€ distribuídos en 92.900.944€ para o programa 451A de Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda e 73.822.887€ no programa 451B de Acceso á vivenda.

Unha vez publicadas as contas xerais de 2024, queda certificado que as obrigas recoñecidas foron finalmente de 89.366.173,06€ no programa 451A e de 64.347.211€ no programa 451B de Acceso á vivenda. É dicir, que o total executado nestes dous programas foi de 153.713.384,06€ o cal representa un 92% de execución respecto do orzamento inicial.

Porén se comparamos a execución final co crédito vixente, é dicir non cos compromisos iniciais, senón cos fondos dos que realmente dispuña o IGVS logo das modificación de crédito, vemos como a execución real quedou moi lonxe dos 308.289.669,17€ cos que contaba o IGVS. Comparando ambos datos o nivel de execución cae ao 49,86%.

Ademais se contrastamos partida a partida o orzamento anunciado pola Consellería e o finalmente executado vemos unha grande variabilidade e falta de consistencia. Por exemplo, incorporáronse varias partidas que non estaban recollidas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inicio con contías importantes, como é o caso da nova partida 410.0 no programa 451A por valor de 26.997.444,29€. Tamén hai unha grande variabilidade en partidas que si estaban previstas de inicio a través das modificacións de créditos, como sucede na partida 780.0 dese mesmo programa que inicialmente contaba con 54M€, logo da modificación de crédito pasou a algo máis de 92M€, dos que se executaron 26,6€. Ademais disto tamén é un feito reiterado a falta de execución das partidas previstas que non sufriron modificacións como poden ser a partida 617.0 para a reparación de vivendas de promoción pública cun saldo inicial de 2.100.000€ do que se executaron 1.709.841€ ou a partida 618.1 para o Programa Rexurbe do cal se executaron 2.432.71€ dos 5M€ anunciados.

Todo isto sumado fai con que as contas do IGVS resulten caóticas e moi pouco transparentes. Un feito que non é novo, senón que vén marcando o funcionamento deste organismo dende hai anos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora o IGVS a execución do 49,86% do crédito vixente do IGVS para os programas de vivenda?
- Como xustifica a Xunta de Galiza as modificacións de crédito para pasar de 166.723.831€ a 308.289.669,17€ nestes dous programas?
- Porque dos máis de 308M€ dispoñibles executaron 153M€?
- A que se destinaron as partidas novas non previstas?
- Vai a Xunta de Galiza a realizar algún informe de carácter plurianual sobre a execución orzamentaria do IGVS?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 23/04/2025 09:38:59

Luis Bará Torres na data 23/04/2025 09:44:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de avaliar o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal ferramenta para a dinamización das Artes Escénicas, para a innovación das relacións entre as compañías profesionais e o público galego e para garantir os dereitos de acceso a unha oferta plural e diversa, cuxas responsabilidades de mantemento, control, coidado e renovación dependen exclusivamente da Xunta de Galicia, vive nunha inercia de funcionamento que, máis alá dos obxectivos, está a incidir en situacións moi preocupantes tanto para o sector como para o público potencial: carencias técnicas, descoidos na limpeza e no mantemento que non ofrecen a dignidade que calquera exercicio profesional require e unha coordinación que desiste do seu control de calidade e de normativas básicas de seguridade ou de accesibilidade.

Unha realidade da que no BNG somos ben conscientes quer por observación directa quer a través do diálogo coas axentes das artes escénicas.

Con todo, resulta chamativa a despreocupación da institución que exerce o control deste circuíto ao non garantir que todos os espazos adheridos á Rede cumpran unha serie de requisitos mínimos para formaren parte da mesma, condición





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

imprescindíbel para garantir o acceso á cultura tanto para as traballadoras das artes escénicas como para o público.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É consciente o goberno das deficiencias que presenta a ferramenta de dinamización das artes escénicas que é a Rede Galega de Teatros e Auditorios?
- Como valora o goberno o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios?
- Que avaliación fai da mesma? Con que métodos a avalía? Con que periodicidade?
- Está en disposición de afirmar o goberno que a Rede Galega de Teatros e Auditorios garante o acceso á cultura desde todas as perspectivas?
- Pensa o goberno que todos os espazos que fan parte da Rede Galega de Teatros e Auditorios contan coas condicións técnicas necesarias?
- É consciente a Agadic daquelas deficiencias que inciden na precariedade laboral no sector das artes escénicas?
- Ten pensado algún plan para atallala onde ten responsabilidade e capacidade de incidencia directa?
- Cando estaría dispoñíbel para ser aplicado?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/04/2025 10:02:55

Daniel Castro García na data 23/04/2025 10:02:58





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Os veciños e veciñas do núcleo do Couto en Oleiros levan anos pedindo unha solución aos problemas de perigo que presenta a estrada autonómica AC-173 que divide en dúas a zona. Solicitan que se poña un radar fixo como solución inmediata para garantir que, polo menos, non se supere o límite de velocidade na vía. Así como tamén se solicitou á administración competente a día de hoxe, a Xunta de Galicia, facer un paso de peóns e reducir a velocidade de 70 a 50 quilómetros por hora neste tramo da estrada. A Xunta rexeitou definitivamente a proposta tras un tempo inaceptable de demora en tramitar e responder, escudándose en que ao tratarse dunha vía interurbana non pode poñer un paso de peóns e ofreceu ao Concello de Oleiros que asuma a titularidade dun tramo da vía AC-173, desde o porto de Santa Cruz ata Arillo. O Concello de





Oleiros non quere facerse cargo do tramo para non sufragar o seu mantemento.

Así, mentres Concello e Xunta seguen eludindo a responsabilidade de resolver o problema de seguridade dos veciños da zona, as noticias de accidentes na vía séguense producindo e é continuo que algúns vehículos circulen con notorio exceso de velocidade poñendo en risco a peóns e outros usuarios da vía. É urxente que Xunta e Concello póñanse de acordo para mellorar a seguridade viaria da estrada.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos para resolver o problema de seguridade da estrada autonómica AC-173?
2. Vai a Xunta de Galicia a poñerse de acordo co Concello de Oleiros para mellorar a seguridade viaria da estrada?
3. Vai a Xunta de Galicia a deixar de eludir a súa responsabilidade de resolver o problema de seguridade dos veciños da zona?
4. Preocúpalle á Xunta de Galicia a cantidade de accidentes que se producen na vía?

Santiago de Compostela, a 23 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 23/04/2025 10:16:43





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2025 10:21:20
Nº Rexistro: 24402
Data envío: 23/04/2025 10:21:20.632

Carlos López Font na data 23/04/2025 10:16:53

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81832

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferenzas entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

O Concello de Oleiros impulsou o proxecto coñecido como “a Artabriña”, unha infraestrutura viaria pensada para mellorar a mobilidade interna do municipio e aliviar a elevada carga de tráfico que afecta especialmente á contorna de Santa Cruz. Esta iniciativa busca converterse nunha solución efectiva para a conxestión na estrada AC-173, particularmente nos tramos da avenida Ché Guevara e Concepción Arenal, que se caracterizan por ser zonas moi transitadas.

O trazado da nova vía comezaría na avenida República Arxentina, e dende alí, discorrería por unha zona boscosa situada detrás do CEIP Isidro Parga Pondal e cruzaría a avenida Emilia Pardo Bazán, así como as rúas Ferrala e Isaac Díaz Pardo. O seu deseño contempla a conexión fluída con vías que levan cara a Xaz, Oleiros e Os Regos, creando unha auténtica circunvalación do núcleo urbano de Santa Cruz. Unha vez cruzada a estrada de Os Regos, a Artabriña deixaría de actuar como circunvalación para converterse nunha vía de





conexión coa N-VI. Neste tramo, atravesaría zonas tanto urbanas como forestais, enlazando coa AC-174 (avenida Rosalía de Castro) entre Montrove e Lamastelle. Finalmente, desembocaría na N-VI a través das rotondas situadas entre Perillo e Cambre, mellorando notablemente o acceso a estas áreas.

Na actualidade, o Concello está a avanzar na adquisición dos terreos necesarios para a súa execución, mentres que a responsabilidade da obra recae sobre a Xunta de Galicia. A previsión é que o proxecto se poida desenvolver ao longo do actual mandato municipal, que remata no ano 2027.

A Artabriña non só servirá para desconxestionar o tráfico e mellorar os tempos de desprazamento, senón que tamén facilitará unha mellor conexión entre as urbanizacións de Oleiros, como Xaz e a cidade da Coruña. En definitiva, trátase dunha infraestrutura estratéxica que busca promover unha mobilidade máis eficiente, segura e sostible para toda a comarca.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- Vai a Xunta de Galicia a asumir con carácter prioritario a redacción, o financiamento e a execución do proxecto viario “Artabriña” no concello de Oleiros?
- Vai a Xunta de Galicia colaborar co Concello de Oleiros na execución desta infraestrutura viaria?
- Está prevista a participación da Xunta de Galicia no financiamento do proxecto da “Artabriña”?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2025 10:37:58
Nº Rexistro: 24409
Data envío: 23/04/2025 10:37:58.032

Santiago de Compostela, a 23 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 23/04/2025 10:34:23

Carlos López Font na data 23/04/2025 10:34:39

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81835

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a atención pediátrica na comarca da Baixa Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Baixa Limia ubicada no suroeste da provincia de Ourense, cunha extensión de máis de 530 km², abranguendo os concellos de Entrimo, Bande, Lobeira, Muiños e Lobios, caracterízase pola súa baixa densidade poboacional e por unha marcada dispersión xeográfica, con núcleos como Olelas, Queixas, A Illa, Torneiros ou Riocaldo separados por distancias de ata 40 km do Centro de Saúde de Bande.

Segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística a poboación en idade pediátrica destes concellos ascende a aproximadamente 450 nenos e nenas que dependen do Centro de Saúde de Bande para a atención pediátrica. Porén, este servizo só conta cunha pediatra que se despraza dende Celanova un día á semana (mércores), o que limita gravemente o acceso a unha atención especializada esencial.

As carencias agrávanse pola falta de substitución da pediatra de Celanova nos casos de vacacións, baixas ou permisos, razón pola que deixan de realizar os desprazamentos pediátricos semanais ao CS de Bande, obrigando ás familias a desprazarse ao Centro de Saúde de Celanova (a 40-50 km desde algúns puntos, como Lobios ou Entrimo).

Se para as consultas pediátricas as familias da Baixa Limia deben acudir ordinariamente a Celanova para as atencións de urxencia -fora de horario de consulta-





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teñen que desprazarse até o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHOU), a máis de 100 km de localidades como Olelas ou A Illa.

Estas distancias, combinadas cun transporte público escaso e pouco frecuente (por exemplo, só unha liña diaria de autobús conecta Bande con Celanova, con horarios limitados), supoñen unha barreira significativa para as familias, especialmente no rural, onde a mobilidade é reducida.

A ausencia dun pediatra fixo e dun servizo de urxencias pediátricas nas comarcas supón un evidente desprezo aos principios de promoción da equidade e da procura do equilibrio territorial no acceso e prestación dos servizos sanitarios que, ao abeiro da Lei 8/2008, debe orientar a política de saúde en Galiza.

A situación é especialmente preocupante nun contexto de despoboamento rural, onde a mellora dos servizos públicos é clave para fixar poboación.

A creación dunha praza de pediatría fixa en Bande, a garantía de substitucións e a implementación de urxencias pediátricas na comarca son medidas urxentes para protexer a saúde infantil e reforzar o compromiso co rural galego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Ten a Xunta de Galiza ampliar os servizos sanitarios que se veñen prestando no centro de saúde de Bande?

En concreto, ten previsto incorporar unha pediatra ao CS de Bande ou seguirá a prestarse a atención sanitaria con carácter semanal pola pediatra de Celanova?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que unha consulta semanal de pediatría permite unha atención pediátrica axeitada á poboación da Baixa Limia?

Cantos días do mes de marzo prestouse servizo de consultas pediátricas, por especialista, no CS de Bande?

En caso de baixa, permisos ou vacacións da pediatra de Celanova que se despraza ao CS de Bande, quen a substitúe?

No seu caso, en que lapso de tempo se procede á cobertura?

Considera a Xunta de Galiza que as liñas de transporte e frecuencias actualmente existentes permiten a calquera veciña das parroquias dos concellos de Muiños, Lobios, Lobeira ou Entrimo ate Celanova ou Ourense?

Que medidas ten previsto adoptar para o reforzo o transporte público e a limitación de servizos non impida o acceso á asistencia sanitaria da poboación dos referidos concellos?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/04/2025 10:40:34

María Montserrat Prado Cores na data 23/04/2025 10:42:04





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

O municipio de Oleiros conta con varios problemas de seguridade peonil e ciclista pola falta de beirarrúas e carrís bicis. Polo que é necesario que a Xunta de Galicia inverta 1.500.000 de euros na construción de beirarrúas e carrís bicis para mellorar a seguridade dos veciños e veciñas de Oleiros.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a destinar 1.500.000 de euros do orzamento para facer beirarrúas e carrís bicis en Oleiros e así mellorar a seguridade peonil e ciclista?
2. Preocúpalle á Xunta de Galicia a seguridade peonil e ciclista dos veciños e veciñas de Oleiros?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2025 12:49:59
Nº Rexistro: 24418
Data envío: 23/04/2025 12:49:59.903

Santiago de Compostela, a 23 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 23/04/2025 12:47:16

Carlos López Font na data 23/04/2025 12:47:25

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81841

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a mellora das condicións laborais dos/as médicos/as forenses de Galiza e da prestación do servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto de Medicina Legal de Galiza (IMELGA), creado polo Decreto de 119/2005, do 6 de maio, é un órgano técnico ao servizo da Administración de Xustiza que ten como función auxiliar aos órganos xurisdicionais, fiscalías e oficinas de Rexistro Civil en materia de medicina forense.

Os e as médicas forenses que integran o IMELGA constitúen un colectivo de menos de 70 profesionais altamente cualificados, que desempeñan unha función esencial na administración de xustiza, asistindo a xuíces, maxistrados e fiscais nas sedes do Instituto de Medicina Legal de Galiza (Ferrol, A Coruña, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

O seu traballo, que abrangue cuestións médicas e biolóxicas claves para a resolución de conflitos xudiciais, inclúe entre outras tarefas o levantamento de cadáveres, a atención a casos de agresión sexual, a valoración de vítimas de violencia de xénero, a asistencia a detidos ou a autorización de internamentos por trastornos mentais.

Estas funcións realízanse en condicións especialmente esixentes, con gardas dunha semana enteira (24 horas ao día durante 7 días), sen descansos, e con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desprazamentos que poden superar os 200 km, a calquera hora e en calquera condición meteorolóxica, en lugares como domicilios, estradas, montes ou praias.

A pesar da súa responsabilidade, os médicos forenses galegos son os únicos do Estado aos que non se lles recoñece a implantación de gardas de 24 horas, unha medida xa aplicada nas outras 16 comunidades autónomas.

A retribución destas gardas, aproximadamente 1,42 euros netos por hora, independentemente de se son días festivos ou laborables, constitúen unha contía notablemente inferior á que corresponde a unha traballadora da mesma categoría e cualificación do Servizo Galego de Saúde.

Ademais, tras realizar gardas nocturnas, os profesionais non son relevados das súas funcións diúrnas, o que compromete a súa saúde e a calidade do servizo.

Segundo manifestan as representantes deste colectivo profesional durante os pasados dez anos mantiveron numerosas reunións con responsables da Xunta de Galiza, incluído o daquela Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, Alfonso Rueda, así como cos sucesivos Directores Xerais de Xustiza, nas que se lles trasladou distintos recoñecementos verbais a súas demandas, pero sen que até o día de hoxe se concretase en solución algunha.

O mantemento desta situación e a falta de resposta da Xunta, condiciona tanto a prestación dun servizo importante para o funcionamento da Administración de Xustiza, como tamén afecta á dignidade laboral e o funcionamento da administración de xustiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que o IMELGA presta un servizo esencial para o funcionamento da administración de xustiza?

Cónstalle á Xunta de Galiza que, como expresan os/as médicos/as forenses, a súas gardas son de duración semanal e que cada día de garda teñen que estas dispoñíbeis as 24 horas do día?

No caso de que sexan chamados para atender un servizo de garda durante a noite, deben atender ao día seguinte no seu posto de traballo para atender a súa axenda ordinaria?

Este sistema de garda de rotación semanal é o común nas oficinas forenses das demais Comunidades Autónomas?

Trasládaronlle as representantes deste colectivo a comenencia de mudar o sistema de gardas e a solicitude de mellorar as condicións pola prestación deste servizo?

No seu caso, en cantas e que ocasións?

Ten previsto a Xunta de Galiza a adopción dalgunha medida para atender as demandas formuladas por este colectivo profesional?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/04/2025 13:10:05

Iria Carreira Pazos na data 23/04/2025 13:11:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o incumprimento reiterado da Xunta de Galiza do acordo de mellora do ensino asinado entre o Presidente Rueda cos sindicatos CC.OO, UXT e ANPE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2023 o Presidente Rueda asinou un acordo para a mellora do ensino en Galiza cos sindicatos minoritarios CC.OO., UXT e ANPE. Nese intre a CIG advertía que non era para nada un acordo histórico como publicitaba a Xunta, xa que adoecía de moitas das demandas que os docentes estaban a facer amais de deixar en evidencia o engano do documento en cando se rabuñara un pouco a superficie da letra pequena.

Este acordo estaba baseado na mellora salarial e de horario do profesorado; a redución da ratio do alumnado nas aulas, computando x2 e x3 aquel alumnado con discapacidade e a rebaixa da burocracia para o persoal docente.

Pero a realidade do que se estaba a asinar tiña tantos matices que difería radicalmente das demandas do profesorado e dos seus representantes sindicais. Era evidente na mesma negociación e así a CIG desvinculouse da mesma á vista do contido que asumía o acordo:

- Redución horaria tan só para o profesorado de infantil e primaria ata as 23 horas (non se baixan ata as 21 h do acordo de 2007 e que supuxo aumentar en máis de 1000 docentes as plantillas). O horario docente en centros de secundaria, CIFP, EOI,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ensinanzas especiais, etc. non se reducen, tendo en conta que na FP as clases son de 60 minutos e non de 50 como no resto do ensino.

- As melloras salariais non son horizontais para todo o cadro docente, senón que se limita a algúns complementos (titorías, sexenios e cargos) e a porcentaxe foi calculada sobre os importes de 2023 e non do ano de aplicación, o 2024.

- A diminución das ratios serán de un nivel por curso (comezando no 24/25 por 4º Infantil), polo que precisaranse 10 anos para completalo, e adaptando o calendario á previsión da baixada de matrícula polo descenso da natalidade. En etapas postobligatorias deberán ser negociadas no futuro.

- Con respecto á diminución da carga burocrática non existe plan definido e queda nas mans e criterios da Consellería de Educación.

Esta situación queda refrendada na Lei de Acompañamento aos Orzamentos da Xunta de 2025 (Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), deixando ben claro a intención de boicotear o acordo nefasto asinado un ano antes.

O Goberno do PP da Xunta volta a darlle agora outra volta de torca mediante unhas instrucións que van permitir aumentar até 25 o número máximo de alumnado en 6º de Infantil e Primaria, cando exista demanda suficiente. É dicir, deixar sen efecto práctico o ínfimo acordo do 2023.

Isto pode dicirse que remata de converterse nun fraude, nun timo a todo o persoal docente, pero tamén ás familias e as ANPAS, que consideraban o acordo un pequeno avance na recuperación dos dereitos laborais do profesorado, pero tamén unha mellora na atención ao alumnado, sobre todo a aquel que máis o precisa.

Se o corpo docente reducía o seu horario lectivo e atendía os grupos con menor número de alumnado, tendo ademais en conta aquel con Necesidades Educativas e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dedicaban o seu tempo a preparar as clases e atender aos nenos e nenas en lugar de cumprimentar impresos e documentos, a calidade do ensino podía mellorar... Pero nada máis lonxe...

As novas instrucións da Consellería de Educación, baseadas no apartado 40.4 do acordo, demostran que tal e como denunciara a CIG-Ensino a mínima redución de ratios non tiña carácter “legal” ao permitir a súa superación baixo determinadas condicións. Agora ponse por escrito o que xa estaba a facer a Consellería: o máximo eran 20 alumnos/as por aula, máis o límite legal seguía a ser 25.

E así será entre 6º infantil e 6º primaria naqueles casos nos que haxa unha demanda xustificada por proximidade ao centro ou pola existencia de irmáns xa matriculados, en lugar de desdobrar as aulas se fora preciso. A escusa da Xunta é que responde a situacións de “zona escolar tensionada”, que é unha auténtica incongruencia cando a Consellería bate o peito argumentando que coas novas medidas deixáronse de pechar centos de aulas pola baixada da natalidade, cuestión que non está avalada por informe de ningún tipo.

O Goberno do PP na Xunta de Galiza, vai de engano en engano coa comunidade educativa: primeiro foi este acordo de mellora educativa de outubro de 2023, despois co Plan Mega (un fracaso para avanzar no apoio e reforzo educativo) e tamén coa atención á Diversidade onde a mentira se instala por non ser quen de xustificar a falta de recursos de profesorado e especialistas, e a inacción da aplicación da lei estatal traballando por unha inclusión real e efectiva. Non se trata pois dunha cuestión de “facer unha xestión máis eficiente dos recursos” como di o Presidente da Xunta. É unha decisión política de facer máis estreita a porta para a maioría do alumnado e impulsar en maior medida e con decisión a meritocracia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai o Goberno galego implementar un Plan de Mellora Educativa elaborado nunha mesa de traballo na que participe a representación de todos os sectores educativos afectados para dotar de profesorado e especialistas os centros, recuperar como mínimo os dereitos do profesorado acadados no acordo de 2007, reducir as ratios de alumnado nas aulas nesta lexislatura e tomar medidas concretas para reducir a burocracia que recae no persoal docente?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 23/04/2025 15:42:21

Ariadna Fernández González na data 23/04/2025 15:42:35





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, presenta ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A residencia para maiores de Laraxe, en Cabana, propiedade da Xunta de Galicia e xestionada por DomusVi dispón de 2 prazas en habitacións individuais e 180 prazas en habitacións dobres, prazas concertadas coa Consellería de Política Social e Igualdade. As residencias públicas máis próximas son a de Narón e a de Oleiros, polo que dá servizo a unha importante poboación.

Esta residencia, como todas as xestionadas por DomusVi e outras do sector sociosanitarios privado da comunidade galega, están neste momento con protestas do seu persoal reclamando mellora das condicións salariais, a inclusión de complementos en caso de incapacidade temporal, compensacións polos festivos traballados, beneficios sociais e unha redución da xornada laboral anual, o que dalgunha maneira, a pesar dos servizos mínimos altera a vida cotiá e os servizos ás persoas residentes.

Esta residencia de Laraxe conta coas habitacións distribuídas en varias plantas, cos servizos asistenciais, hostaleiros e zonas comúns fundamentalmente na planta baixa, polo que as infraestruturas de ascensores ou montacargas son fundamentais para garantir o acceso das persoas residentes ás áreas comúns e aos comedores. Pois ben, dos dous ascensores que existen, un leva varios meses fóra de servizo e o outro sofre avarías que, ata que non se emendan, manteñen durante varios días ás persoas residentes





hacinados nas plantas das habitacións, polos corredores ou nunha pequena sala-comedor na planta que impide atendelos axeitadamente, por suposto, nestas condicións a visita dos familiares faise moi complicada xa que as persoas residentes ocupan os corredores das plantas e non se poden desprazar ás zonas comúns e de lecer.

Por tanto, para que a convivencia nesta residencia, e en todas, sexa posible é necesario que as instalacións sexan adecuadas, pero sobre deben de existir protocolos adecuados ante situacións de avarías e as instalacións deben ser redundantes para manterse operativas a lo menos unha das infraestruturas.

Está claro que solucionar esta situación non pode ser responsabilidade das persoas traballadoras e moito menos das e dos residentes. É da concesionaria e fundamentalmente da Administración que non ten suficientes instrumentos de control e inspección de que o mantemento das instalacións e prestación dos servizos se realizan de acordo cos pregos da concesión e en condicións óptimas de calidade e funcionamento.

É indubidable que se trata dun novo caso no que a Consellería, responsable último da prestación do servizo público, desenténdese das súas competencias cando privatiza a xestión das súas residencias en concesionarios privados pero non realiza un seguimento e control de como a concesionaria presta o servizo público en concesión cumprindo cos pregos da concesión.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Con que frecuencia realiza a Consellería de Política Social as inspeccións e o control da prestación de servizos nas residencias da Xunta de Galicia con xestión privatizada, especialmente na residencia de maiores de Laraxe, en Cabanas?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24437
Data envío: 23/04/2025 16:14:31.981

2. Ten constancia a Consellería de deficiencias graves no mantemento das infraestruturas nas residencias de maiores da Xunta de Galicia coa súa xestión privatizada, especialmente a residencia de maiores de Laraxe en Cabanas?

Santiago de Compostela, a 23 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 23/04/2025 15:59:01

Silvia Longueira Castro na data 23/04/2025 15:59:16

Elena Espinosa Mangana na data 23/04/2025 15:59:25

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81852

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O acceso a unha vivenda digna converteuse nun dos principais problemas sociais e económicos en moitas zonas de España, especialmente en grandes cidades e zonas turísticas.

Os factores que explican esta situación son a subida de prezos de aluguer e compra, moi por encima dos salarios, falta de vivenda pública ou social en comparación con outros países europeos, especulación inmobiliaria e presenza de fondos de investimento, uso de vivendas para aluguer turístico reducindo a oferta para residentes, a existencia de zonas moi tensionadas fronte a outras con menor presión.

A Lei de vivenda 12/2023, a primeira lei estatal de vivenda en democracia, ten como obxectivo garantir o dereito a unha vivenda digna e alcanzable con estratexias como límites ao prezo do aluguer en zonas tensionadas, definición do gran tenedor, persoa ou entidade, con máis de 10 vivendas, obriga a unha porcentaxe de vivenda protexida nos desenvolvementos urbanos, reforza as garantías de persoas vulnerables nos desafiuzamentos, regula o aluguer a través de medidas como actualizacións de alugueres limitadas, obriga de asumir gastos de xestión por parte do propietario ou incentivos fiscais para pequenos propietarios que baixen os prezos e, por último, establece a posibilidade de declarar zonas tensionadas aquelas en que o esforzo





económico para pagar o aluguer supera o 30 % dos ingresos medios ou o prezo da vivenda subiu máis dun 3% por encima do IPC nos últimos 5 anos.

As zonas tensionadas poden ser solicitadas polos concellos e deben ser declaradas polas comunidades autónomas. A declaración de zonas tensionadas permite limitar os prezos do aluguer, obrigar aos grandes tenedores a ofrecer aluguer social en caso de desafiuzamento e ter acceso a medidas especiais de apoio ou financiamento.

Esta declaración depende das comunidades autónomas, que teñen a competencia, pero lamentablemente o PP e outras formacións como VOX, que cogoberna en varias comunidades autónomas, rexeitaron frontalmente a Lei de Vivenda e calquera medida de intervención pública no mercado do aluguer que, ao seu xuízo, resólvese incentivando a oferta, non controlando prezos. O PP de Galicia non é unha excepción opoñéndose á Lei de vivenda pero non aos fondos que proveñen do Goberno central para as políticas de vivenda man mais ou menos oculto nas distintas convocatorias.

Un exemplo desta oposición ás medidas da lei de vivenda é o rexeitamento por parte da Xunta á solicitude de zona tensionada presentada polo Concello da Coruña, primeiro Concello que a solicita. A súa alcaldesa, a socialista Inés Rei, acusou á Xunta de "torpedear" a petición da cidade como mercado tensionado, no marco das medidas para facilitar o acceso á vivenda, sobre todo dos mozos, por "cuestión ideolóxica". Ademais a carencia de lealdade institucional da Xunta de Galicia ponse de manifesto porque a Consellería de Vivenda comunicou aos medios a resolución que solicita ao concello "información completa e máis concreción" e, ademais, que na documentación remitida hai que corrixir "erros de vulto", antes de que chegase "oficialmente" ningún requirimento ao Concello, "coñecemos esa decisión a través da prensa", reprochou a alcaldesa.





Estes feitos demostran, en opinión do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a vontade inequívoca da Xunta de Galicia, en consonancia coas directrices emanadas de Génova, de torpedear a lei de vivenda e calquera medida de apoio á política de vivenda que se faga desde os concellos, de feito a anterior conselleira chegou a declarar que a lei non se podía aplicar xa que estaba recorrida ao Tribunal Constitucional, a vicepresidenta segunda da Xunta, Ángeles Vázquez, respondeu a alcaldesa de A Coruña, tras a súa petición para declarar a cidade como zona de mercado tensionado, que "hai enriba da mesa recursos de inconstitucionalidade" respecto a Lei de vivenda para xustificar a súa negativa a tramitar a petición que estaba a preparar o Concello da Coruña.

Queda claro que o goberno da Xunta non lle preocupa o tema da vivenda máis alá dos réditos electorais e de oposición ao Goberno central, cando é un tema que debería estar á marxe das loitas partidarias, é un dos grandes problemas da sociedade actual en toda Europa, e onde a colaboración de todas as administracións debía ser un dos obxectivos.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia oporse ás solicitudes do Concello da Coruña, de zonas tensionadas de aluguer para tentar limitar o incremento do prezo do aluguer que está a dificultar o acceso ao aluguer, sobre todo pola xente moza?
2. Que medidas ten prevista a Xunta de Galicia poñer en marcha co Concello da Coruña para evitar o incremento do aluguer nas zonas de máxima demanda na Coruña e no resto dos concellos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24443
Data envío: 23/04/2025 16:20:38,994

3. Que medidas da Lei de vivenda que son competencia da Comunidade Autónoma ten prevista a Consellería despregar en colaboración co Concello da Coruña e co Goberno central?

Santiago de Compostela, a 23 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 23/04/2025 15:44:32

Silvia Longueira Castro na data 23/04/2025 15:44:41

Carlos López Font na data 23/04/2025 15:44:50

CSV: BOPGDSPG-c1tthnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81856

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á inexistencia de avaliación do impacto ambiental, económico e social que supoñería para o río Ulla e a ría de Arousa a instalación de Altri en Palas de Rei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Memoria dos seus Orzamentos para este ano, a Consellaría de Mar recolle literalmente: “O sector marítimo-pesqueiro ten un valor fundamental en Galicia. Se tivésemos que definir un trazo diferencial da economía galega sobre a europea, este sería a importancia na nosa economía da pesca, do marisqueo e da acuicultura, ao que habería que engadir toda unha importante cadea mar-industria ... Non existe ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro e a súa capacidade de indución de actividade industrial teñan un peso tan relevante no PIB, acadando o complexo mar-industria o 4,8% (o sector extractivo chega ao 2,1%) e englobando a nivel laboral a máis de 50.000 persoas con empregos directos. Este conxunto de datos leva a que o Valor Engadido Bruto que xera a pesca e a acuicultura sexa en Galiza 25 veces superior ao da UE e máis de seis veces superior ao de España”.

As últimas ‘Táboas Input-Output da Pesca-Conserva Galegas 2019’ certifican que dende 2011 o valor da produción do sector ascendeu preto dun 50% e que a suma da actividade da cadea extractiva, do mar-industria e do comercio exterior pesqueiro de Galiza roldou os 9.000 millóns de euros en ingresos, acadando a cifra máis alta da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

historia. Ademais, certifícase que nove de cada dez actividades económicas na comunidade relaciónanse coa pesca e a cadea mar-industria".

Sen dúbida, son afirmacións espectaculares e datos verdadeiramente impresionantes, mais que, tal e como comprobamos ano tras ano, á Consellaría só lle serven para poñer nun papel.

Poderíamos citar aquí, outra vez, moitos outros datos que son igual ou máis impresionantes aínda, mais que a Consellaría de Mar parece obviar intencionadamente trasladando unha realidade que nada ten a ver coa que viven miles de traballadoras e traballadores do mar no noso país.

Mais se hai certamente datos que nos impactan referidos ás rías galegas, son os referidos á máis importante de todas, a ría de Arousa, onde, malia a pasar por graves dificultades produtivas, o sector primario do mar é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera: Mariscadoras a pé, bateiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc., constitúen un amplísimo colectivo de preto de 20.000 persoas que teñen o seu medio de vida no mar. Un sector que xera ademais empregos estábeis, tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades.

O peso do sector da pesca na economía dos dez concellos da ría amosa, segundo o Análise do sector da pesca (IGE, 2023), que del depende, de media, o 18% do seu PIB, acadando unha importancia fulcral en concellos como Ribeira (32,17%), A Pobra do Caramiñal (24,17%), A Illa de Arousa (22,68%), Boiro (22%), ou O Grove (20,73%).

Á importancia económica derivada do sector primario do mar arousán únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde expande beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación do entorno local que incentivan a implantación de actividades e pequenos negocios e asenta poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais todo isto pode verse en risco se compromete a calidade das augas do río Ulla, o máis determinante para a produtividade marisqueira por ser o máis caudaloso dos que alimentan a ría de Arousa á que aporta auga doce fría e rica en nutrientes que favorece a produción de bivalvos e a riqueza dos Lombos do Ulla. A realidade catastrófica deste banco marisqueiro dende hai anos amosa claramente que o río xa leva moito tempo en mal estado sen que a Xunta de Galiza actúe.

E precisamente por isto, ademais dos datos anteriores citados sobre o sector do mar da ría de Arousa e moitos outros que son públicos e coñecidos, resúltanos especialmente vergonzoso o informe da Dirección Xeral de Pesca e Innovación Tecnolóxica que figura na Resolución da Declaración de Impacto Ambiental do proxecto industrial promovido por Greenfiber en Palas de Rei.

Menos de 35 liñas nunha Resolución dun total de 76 páxinas, onde deixa moitos, por non dicir todos, aspectos sen avaliar e menos dun xeito rigoroso e onde se fía todo ao Estudo de Impacto Ambiental presentado polo propio promotor.

En definitiva, unha burla se o tema non fose dunha enorme magnitude para moitos sectores e poboacións que se poden ver afectadas pola instalación dunha macrocelulosa situada a carón do río Ulla, nomeadamente para o sector do mar da ría de Arousa.

Non hai explicación lóxica posíbel diante de tal desleixo por parte da Consellaría de Mar quen, en resumo, non avalía nada, nin as afeccións medioambientais que se poden dar nin moito menos os impactos económicos e sociais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que valoración fai o Goberno galego, nomeadamente a Consellaría de Mar, da inexistencia de informes propios sobre o impacto ambiental, económico e social que a implantación dunha macrocelulosa como a que está a propoñer Greenfiber podería ter para o río Ulla e para a ría de Arousa?

Considera que esas afeccións son compatíbeis coa salubridade e o mantemento da calidade das augas no río Ulla e na ría de Arousa?

Considera que son compatíbeis co mantemento, mellora e potenciamento da actividade produtiva da ría de Arousa?

Á vista das competencias exclusivas da Consellaría de Mar en materia de marisqueo e de pesca en augas interiores, vai avaliar o impacto ambiental, económico e social que suporía a implantación de Altri para o río Ulla e a ría de Arousa? De non ser así, por que razón?

Ten previsto levar a cabo algún tipo de medida estrutural para mellorar a calidade das augas e para a rexeneración e reactivación produtiva da ría de Arousa? De ser así, cales concretamente e en que prazo temporal?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/04/2025 16:20:03

María Montserrat Prado Cores na data 23/04/2025 16:20:10

Iria Carreira Pazos na data 23/04/2025 16:20:20

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2025 16:20:33

Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/04/2025 16:20:46





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión**.

A Autoridade Portuaria de Galicia anunciou a posta en marcha dos estudos técnicos necesarios que permitan elaborar un novo proxecto para retomar o dragado do río Lérez.

O Grupo Socialista leva reclamando como urxente este proxecto dende hai unha década porque entendemos que é necesario dende o punto de vista medioambiental xa que a situación na que se atopa o tramo final deste río cunha alta acumulación de sedimentos pon en perigo o seu ecosistema mariño e dende o punto de vista económico porque esta situación está a causar un problema para o sector marisqueiro, para a actividade turística ou de ocio vinculada ao club naval e incluso para a práctica deportiva.

Cremos que neste momento no que se vai revisar e actualizar o proxecto inicial é necesario ampliar a zona de dragaxe e que esta chegue ata a ponte dos Tirantes, xa que estes anos de atrasos fixeron que a zona situada entre as pontes das Correntes e os Tirantes atópase chea de lameira e fango a un nivel que se pode atravesar a pé cando baixa a marea.

Esta ampliación axudaría a renaturalizar esta zona do río próxima ao centro urbano, mellorar a súa biodiversidade e posibilitar a práctica deportiva.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 24461
Data envío: 23/04/2025 20:26:18,682

Entende o Goberno galego que a ampliación do proxecto de dragaxe do río Lérez pode contribuír a renaturalizar este río e a mellorar o seu uso pola cidadanía?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/04/2025 20:23:30

Carlos López Font na data 23/04/2025 20:23:41

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81863

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á concreción do anuncio reiterado polo Presidente da Xunta de Galiza de impulsar “CIM” móbiles ao longo do país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, durante o Debate do Estado da Nación, o Presidente da Xunta reiterou o anuncio da posta en marcha de Centros de Información á Muller móbiles que xa anunciara na campaña electoral de 2024 e na sesión de investidura dese mesmo ano. A maiores da repetición deste anuncio, o señor Presidente concretou que se trataría de catro, un por provincia.

É preciso recordar que segundo a normativa vixente, corresponde ao goberno galego a responsabilidade de promover a creación e o mantemento de recursos de carácter permanente, entre os que están os CIM, desde os cales se articule unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionen asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada a conseguir a igualdade efectiva. De forma singular, corresponde ao goberno galego apoiar a extensión desta Rede para garantir o acceso de calquera muller do noso país a estes recursos.

Máis concretamente, canto aos Centros de Información á Muller cómpre recordar que se ben as entidades locais son colaboradoras fundamentais, a Xunta debe responsabilizarse dun adecuado financiamento que permita a creación de novos centros,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a consolidación dos actuais e a ampliación do persoal, promovendo que as contratacións sexan a tempo completo e que se avance, conforme reclama o asociacionismo e as e os profesionais, as categorías profesionais existentes.

Ao mesmo tempo conviven, xa que logo, o reto de estender este servizo ao longo do territorio garantindo o reequilibrio territorial e, ao mesmo tempo, a consolidación e ampliación dos servizos para garantir que haxa unha dotación suficiente.

De forma particular, a extensión ao longo do territorio é fundamental. De feito, é preciso lembrar que un estudo recente da FEGAMP publicado no ano 2023 sinalaba como o 26% dos concellos de Galicia non dispón da atención de ningún Centro de Información á Muller e que que os concellos que non teñen servizo específico de CIM se sitúan en zonas rurais, de difícil acceso e mal comunicadas, e están a gran distancia dos concellos que si dispoñen de CIM;s municipios de entre 5.000 e 20.000 e os de menos de 5.000 habitantes presentan importantes deficiencias na cobertura de CIM, cun gran número de concellos sen servizo específico ou servizo estendido por área de influencia e Ourense e Lugo son as zonas peor paradas.

Neste contexto, é evidente que toda ampliación de servizos é necesaria. Porén, é preciso concretar os termos do anuncio feito e asegurar a súa fundamentación e posibilidades de éxito, xa que non parece ser a solución a este problema de extensión territorial. Por unha banda, cómpre ter en conta que os servizos deben ter accesibilidade e polo tanto parece complexo que isto se cumpra se non hai un servizo con vocación de permanencia. Pola outra, con base ás competencias e actuacións atribuídas aos CIM, prevese que interveñan na comunidade nas que se sitúa e verificar isto parece tamén complexo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que regulación, protocolos e pautas de funcionamento van rexer os futuros CIM móbiles?

Este servizo vaise prestar a través de medios públicos de forma directa ou vai a Xunta privatizar este novo servizo?

Cal vai ser a forma de selección e relación contractual do persoal coa Xunta de Galiza?

Por que aposta a Xunta pola dimensión provincial no lugar de apostar por unha visión supracomarcal de servizos mancomunados que se adapten mellor ao mapa de servizos vixente?

Que estudo ou estudos realizou a Xunta de Galiza para deseñar o servizo? Como foron elaborados?

Colaborou o goberno galego coa Fegamp á hora de avaliar esta cuestión? Vai haber algunha relación coa Fegamp? E co municipalismo galego?

Cal vai ser a relación, comunicación ou coordinación, se as houber, cos CIM físicos existentes?

Ten establecido a Xunta criterios de funcionamento obxectivos para establecer a distribución territorial, as frecuencias, as localizacións, etc? Cales?

Avaliouse este recurso e as condicións de funcionamento nalgún dos organismos de coordinación, debate ou posta en común en materia de violencia machista? Cales?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E singularmente no Observatorio galego da violencia de xénero? Con que conclusións?

Cal é o cronograma de posta en marcha?

Cal é o orzamento?

Que persoal vai ter cada recurso?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/04/2025 10:01:51

Olalla Rodil Fernández na data 24/04/2025 10:04:29





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

No municipio de Soutomaior, o mal estado do chan que presentan as beirarrúas das rúas Calvario, Xosé Solla e Roxelio Landeiro en Arcade están provocando dificultades aos veciños e veciñas, especialmente ás persoas con discapacidade que necesitan desprazarse por esas rúas.

Polo tanto, é preciso arranxar as beirarrúas para facilitarlles o desprazamento ás persoas con discapacidade así como ao resto de veciñas e veciños.

Por todo o exposto, a deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 11:02:19
Nº Rexistro: 24481
Data envío: 24/04/2025 11:02:19.716

Vai a Xunta de Galicia a arranxar as rúas Calvario, Xosé Solla e Roxelio Landeiro en Arcade, Soutomaior?

Santiago de Compostela, a 24 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/04/2025 10:57:08

Carlos López Font na data 24/04/2025 10:57:16

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81869

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferencias entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

A PO-308 é unha estrada que conecta as localidades de Poio e O Grove, situadas na provincia de Pontevedra. Esta vía é fundamental para a comunicación e o desenvolvemento económico da zona, xa que facilita o acceso a diversas praias e servizos turísticos.

A pesar dos plans e das inversións realizadas, algúns residentes e usuarios da vía expresaron o seu descontento debido aos retrasos na execución das obras prometidas. Por exemplo, en 2018 presentouse un plan para a construción de sendas peonís que implicaba a reforma da PO-308 entre Combarro e Covelo, con obras que se fan iniciar en 2019. Sen embargo, ata a data, estas melloras non se materializaron, xerando críticas e preocupacións entre a poboación.

En resumo, a PO-308 é unha arteria vital para a comunicación entre Combarro e Covelo, e aínda que se destinaron recursos significativos para a súa mellora, persisten os desafíos relacionados coa implementación dos proxectos e a satisfacción das necesidades dos usuarios.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 12:16:28
Nº Rexistro: 24487
Data envío: 24/04/2025 12:16:28.674

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- Cando ten previsto a Xunta de Galicia rematar as melloras na PO-308 no seu paso polo concello de Poio?
- Vai incluír a Xunta de Galicia novas inversións para esta estrada?

Santiago de Compostela, a 24 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/04/2025 12:07:35

Carlos López Font na data 24/04/2025 12:07:46

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81871

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a subrogación do persoal que realiza os labores de mantemento nas autoestradas rescataadas pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente Alfonso Rueda anunciou o pasado 14 de outubro o acordo do Consello da Xunta para recuperar a concesión de catro autoestradas, a do Salnés, a do Barbanza, a de Ourense-Celanova e a de Santiago-Brión.

O presidente informou no seu anuncio do aforro que esta operación significará para as finanzas galegas, estimacións que se incorporaron á memoria do proxecto de orzamentos para o vixente exercicio 2025.

Segundo este anuncio no mes de outubro a Xunta chegou a un acordo coas concesionarias para proceder ao rescate destas autovías polos importes pendentes até o ano 2040, un total de 297 millóns de euros, calculando o aforro en 344,1 millóns de euros.

O anuncio do Sr. Rueda recollido na web da Xunta de Galiza fala de que “con esta operación prevese un aforro de máis 330 millóns de euros en peaxes en sombra e mantemento até o final das concesións”.

Esta afirmación do Presidente da Xunta fixo saltar as alarmas das máis de 60 persoas que traballan no mantemento destas autoestradas, que solicitaron de inmediato unha reunión co Grupo parlamentario do BNG para trasladarnos que aínda hoxe,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momento no que redactamos a presente iniciativa, ningún da empresa ou do goberno galego se ten posto en contacto con eles e elas para darlles garantías ou calquera información sobre as intencións da Xunta en canto aos seus postos de traballo.

Nesa reunión celebrada entre o Grupo parlamentar do BNG e máis a representación legal do persoal tamén nos informaron que o convenio colectivo que resulta de aplicación nesta materia é o Convenio xeral do sector da construción, que recolle no seu artigo 29 o dereito á subrogación do persoal das contratas que realice o mantemento das estradas.

Malia o feito de ser un dereito máis que consolidado no sector, que ven respectándose dun xeito pacífico, as declaracións do Presidente Rueda no sentido de aforrar en mantemento non deixa ser un elemento relevante de preocupación para todas as persoas afectadas.

En resposta a unha pregunta oral do BNG formulada o día 21 de novembro do 2024, o Director da Axencia Galega de infraestruturas explicou que inicialmente habería unha prórroga do actual contrato de mantemento coas empresas concesionarias das autovías, e que durante o 2025 no proceso de redacción dos novos pregos de contratación do mantemento das estradas de titularidade da Xunta se tomarían as medidas para subrogar a este persoal, a todo o que legalmente corresponda.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Coñece a Xunta de Galiza o número e categorías dos postos de traballo vinculados ás autoestradas que decidiu recuperar?
2. En que fase se atopa a redacción dos pregos de contratación do mantemento das estradas das Xunta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que número de persoas das que actualmente traballan no mantemento das autoestradas rescatadas van ser subrogadas?

4. Ten previsto a Xunta de Galiza a subrogación de todo o persoal que traballa actualmente vinculado a estas autoestradas?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Luis Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 24/04/2025 12:21:56

Luis Bará Torres na data 24/04/2025 12:22:03

Paulo Ríos Santomé na data 24/04/2025 12:22:11





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Os orzamentos que destinou a Xunta de Galicia para rematar a Vía Ártabra, de novo, son unha burla á comarca. Este vial rápido de alta capacidade foi concibido para mellorar a mobilidade na comarca da Coruña e, especialmente, desconxestionar o tráfico entre os concellos de Cambre, Oleiros e Sada. Pero os 250.000 euros que a Xunta reserva para completar a AG-13 de Lñás ata a AP-9 son moi insuficientes e só limítanse a trámites técnicos e a licitar a redacción do proxecto. Polo que é preciso destinar unha partida bastante superior a eses 250.000 euros, sendo necesarios uns orzamentos de 10 millóns de euros para acabar a conexión pendente.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Por qué a Xunta de Galicia destina tan só 250.000€ á Vía Ártabra?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 12:35:57
Nº Rexistro: 24498
Data envío: 24/04/2025 12:35:57.443

Santiago de Compostela, 24 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/04/2025 12:03:33

Carlos López Font na data 24/04/2025 12:03:53

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81876

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Brais Ruanova Vilas-Boas, Cristina Fernández Davila e Carmela González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a transferencia e rescate da AP 9 e sobre a gratuidade da AP9, da AG 55 e da AG57.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.No presente mes de abril déronse a coñecer os resultados de AUDASA en 2024. A empresa tivo uns beneficios netos de 90,27 millóns no pasado exercicio, o que supón un incremento do 9,3% con respecto a 2023.

Esta situación é consecuencia do trato de favor a AUDASA por parte de todos os gobernos centrais, con medidas como as ampliacións do prazo da concesión, o incremento abusivo das peaxes, a falta de control e supervisión da concesión, ou convenios que garanten ingresos extraordinarios á empresa.

Logo de sucesivos cambios no accionariado e da perda da participación galega da propiedade de AUDASA, desde finais do pasado ano 2024 o grupo ITINERE, ao que pertence AUDASA; pasou a estar controlado en case o 100% polo fondo de pensións dos Países Baixos APG. É dicir que os beneficios que xera a AP9 coas peaxes abusivas pasan a nutrir a conta de resultados nun fondo de investimento público neerlandés.

2. Nos últimos 5 anos produciuse o final da concesión, a xestión pública directa e a gratuidade de autoestradas de titularidade estatal como a A1 (entre Burgos e Armiñón), A2 (entre Zaragoza e a costa Mediterránea), A4 (entre Sevilla e Cádiz) ou A7





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(Tarragona Alacant, entre outros treitos). E anteriormente aprobouse o rescate da concesión das autoestradas radiais madrileñas e outros treitos de estradas moi deficitarias. AP9 debería ser gratuíta desde o 18 de agosto de 2023, como outras autoestradas da mesma época, mais as galegas e galegos seguiremos pagando unhas peaxes abusivas debido a unha medida aprobada polo goberno do PP en 2000: a prórroga da concesión por 25 anos máis até 2048. Deste xeito, o goberno ampliou a concesión até o máximo legal de 75 anos, situación que só se dá en dúas autoestradas estatais galegas (AP9 e AP 53) e noutra en Castela-León (León-Campomanes).

3. Esta prórroga está sometida a unha investigación da Comisión Europea, a partir dunha denuncia da asociación En Colectivo. Como consecuencia, a Comisión requiriu ao goberno español que xustificase o cumprimento da normativa europea sobre contratos e concesións públicas. Tendo en conta outros casos semellantes, todo parece indicar que estamos diante dunha prórroga irregular, sobre a que se vai pronunciar proximamente a Comisión.

4. Cómpre rematar con este agravio e aldraxe a Galiza e é necesario facelo reclamando unha AP 9 galega e libre de peaxes. Galega mediante a transferencia da autoestrada a Galiza, unha medida que foi aprobada por unanimidade en numerosas ocasións polo parlamento galego e que foi sistematicamente vetada polos gobernos centrais do PP e do PSOE. Nestes momentos, a proposición de lei de transferencia aprobada polo parlamento galego está sendo boicoteada polo goberno central, con artimañas como as solicitudes de prórrogas para a presentación de emendas.

Libre de peaxes mediante a anulación da prórroga de 25 anos e o rescate da concesión, ao abeiro do procedemento aberto pola Comisión Europea e os informes elaborados por outros organismos, que sinalan a suposta ilegalidade do procedemento seguido, toda vez que a normativa europea obrigaba a licitar públicamente o contrato de concesión e non permitía unha prórroga automática. Existen estudos de carácter





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xurídico e económico, como o que encargou o BNG á UDC, que sustentan o interese e a rendibilidade para o Estado da anulación e o rescate da concesión.

5. Por outra parte, non debemos obviar a situación das autoestradas autonómicas de peaxe AG55 e AG57, as únicas que manteñen peaxes pagadas polas persoas usuarias, o que constitúe un agravio e unha discriminación para as comarcas e localidades que se comunican através destes viais, a da Coruña-Bergantiños-Costa da Morte no caso da AP9 e as de Vigo-Val Miñor no caso da AG 57.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Que valoración fai a Xunta da situación actual da autoestrada AP9?
- Que medidas levou a cabo o goberno galego en relación coa transferencia a Galiza da titularidade da autoestrada?
- Cal é a posición da Xunta en relación co procedemento aberto pola Comisión Europea en relación coa nulidade da prórroga concedida a AUDASA no ano 2000?
- Como valora o goberno galego os estudos sobre os custos que podería ter o rescate da concesión?
- Ten previsto o goberno galego aprobar a supresión das peaxes nas autoestradas autonómicas AG55 e AG 57?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Brais Ruanova Vilas-Boas

Cristina Fernández Davila

Carmela González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 24/04/2025 12:27:33

Óscar Insua Lema na data 24/04/2025 12:31:30

Daniel Pérez López na data 24/04/2025 12:31:58

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/04/2025 12:32:32

Cristina Fernández Davila na data 24/04/2025 12:33:32

Carmela González Iglesias na data 24/04/2025 12:33:57





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e Carlos López Font deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Na estrada AC-115 en Xuvia, Concello de Neda, hai una intersección con forma de T e con todas as opcións de xiro configuradas por semáforos que está a causar demoras na circulación. Ademais, neste cruce tamén hai unha incorporación dun camiño estreito á estrada AC-862, con visibilidade limitada.

A Xunta de Galicia aprobou un proxecto de trazado para executar unha nova glorieta na intersección da estrada autonómica AC-862 coa AC-115 que suporá un investimento autonómico de máis de 405.000 euros e contará cun prazo de execución de 5 meses, intervindo nos entronques do viario local á glorieta, onde é especialmente relevante o enlace coa seguridade do camiño que entronca actualmente con visibilidade deficiente na AC-862. Dadas as





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 13:04:01
Nº Rexistro: 24506
Data envío: 24/04/2025 13:04:01.323

características da actuación, unha das maiores dificultades é o correcto encaixe da glorieta en canto a pendente, así como do viario que conflúe nela.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como se intervirá nos entronques do viario local á glorieta, onde é especialmente relevante o enlace coa seguridade do camiño que entronca actualmente con visibilidade deficiente na AC-862?
2. O proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia ten en conta as actuacións sobre os distintos viarios da contorna?
3. Cando se vai a executar o proxecto?
4. Como definiu a Xunta e Galicia o encaixe da glorieta en canto a pendente así como do viario que conflúe nela?

Santiago de Compostela, 24 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/04/2025 12:53:10

Carlos López Font na data 24/04/2025 12:53:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a demanda urxente de cumprir a Xunta co COF de Orillamar da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentario do BNG temos trasladado a esta cámara a través de diferentes iniciativas o desmantelamento progresivo ao que está a ser sometido o COF de Orillamar da Coruña.

Este centro, xunto co do Ventorrillo, son moi recoñecidos pola súa atención e coidado da saúde sexual e reprodutiva das mulleres. Dous centros referentes na área sanitaria da Coruña a respecto do asesoramento anticonceptivo e educación afectivo-sexual, da asistencia de anticoncepción de urxencia, na oferta de terapias de parella con problemas afectivo-sexuais, na interrupción legal da xestación ou na xestión do duelo perinatal.

No entanto, a calidade na atención médica dos dous COF da Coruña leva anos sufrindo recortes de persoal e desatención por parte do goberno da Xunta até o punto de estaren os dous centros a compartiren o escaso persoal do que están dotados na actualidade.

O COF de Orillamar, das dúas prazas de xinecoloxía coas que está dotado este servizo, apenas dispón dunha praza ocupada con carácter fixo desde 2020, é dicir, cinco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anos cunha oferta de atención médica reducida á metade e apenas ofertada en momentos puntuais e intermitentes.

As consecuencias dunha oferta médica incompleta como esta xustifica a acumulación dun número elevado de mulleres en listaxe de agarda e a imposibilidade de programar citas para atender a saúde sexual e reprodutiva das pacientes, debido ao incumprimento das responsabilidades partilladas polo Concello da Coruña conforme o convenio asinado entre as dúas administracións, caducado desde hai varios anos.

O goberno do PP, en vez de actuar conforme as súas competencias e obrigas para resolver a insuficiente atención sanitaria co persoal estatutario, escolleu remitir a este grupo parlamentario unha resposta escrita negando tal afirmación e indicando que “tódalas prazas de persoal sanitario do Sergas están actualmente cubertas con persoal estatutario”, unha mentira que a día de hoxe segue sen rectificar.

A maiores, o Concello da Coruña continúa a desatender os compromisos asumidos no convenio asinado co SERGAS. Neste momento apenas ten dotado o COF cunha única praza de administrativa das tres que lle corresponden e estes días este centro sanitario quedou sen a traballadora social que tiña por traslado a outro servizo diferente e sen previsión de ser substituída por parte do goberno municipal.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Que accións prevé executar a Xunta para recuperar a oferta e a calidade da asistencia sanitaria no COF de Orillamar da Coruña e en que prazo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/04/2025 13:05:55

María Montserrat Prado Cores na data 24/04/2025 13:06:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación de inseguridade da estrada PO-331 ao seu paso pola parroquia de Vincios no concello de Gondomar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Vincios, a máis poboada do concello de Gondomar despois da propia Vila, vese fendida pola metade pola estrada PO-331 que conta cun tramo claramente urbano, o que discorre entre o polígono da Pasaxe e a rotonda dos Arcos.

Ademais dos accesos aos barrios máis populosos de Vincios, nese eixo central da parroquia están os accesos a espazos como o centro cultural, o CEIP, a escola de música ou a igrexa, aos que se desprazan de xeito habitual non só veciñas e veciños senón tamén moitas persoas de fóra da parroquia, o que o converte nun centro neural da actividade e interrelación veciñal e social.

Nese tramo da PO-331 a veciñanza soporta unha alta densidade de tráfico que provoca un grave problema de inseguridade para as persoas, ademais dunha contaminación acústica e ambiental que resulta insoportable para a veciñanza. Así o demostra un estudo de tráfico encargado pola Comunidade de Montes de Vincios que conclúe que por este tramo circulan máis de 15.000 vehículos diarios entre semana, 500 deles pesados, e preto de 10.000 durante a fin de semana.

A inseguridade para os peóns agrávase en tramos, como o que atravesa o barrio do Tumbio, onde non hai beirarrúas e non existen pasos de peóns, nin sequera nas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proximidades das paradas de autobús, situadas ademais nas inmediacións dun cambio de rasante, ou dos contedores do lixo, polo que as veciñas e veciños atopan serias dificultades para moverse a pé nesa zona.

Ante esta situación urxe que o Goberno Galego adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade da veciñanza de Vincios, así como dos condutores que utilizan esta estrada. A comezar pola humanización deste tramo da PO-331 coa construción dunha senda peonil para lle dar a seguridade dos peóns e para a boa comunicación entre a veciñanza.

Tendo en conta que a parroquia de Vincios está fendida pola metade por unha estrada que conta cun tramo claramente urbano, no inmediato é necesario converter esta estrada en travesía urbana, para o que a Xunta de Galiza debe realizar este acondicionamento antes de traspasar a titularidade ao Concello de Gondomar.

Unha medida complementaria ás actuacións anteriores é a eliminación das peaxes da AG-57. Sumada a outras medidas de calmado do tráfico no centro de Vincios, a gratuidade suporía un aliciente para converter a autoestrada en alternativa á PO-331.

Unha AG-57 libre de peaxes contribuiría a eliminar tráfico non só da PO-331, senón de todo o Val Miñor; serviría de conexión directa, máis rápida e máis segura, cos servizos e actividades aos que a veciñanza do Val Miñor ten que acudir na cidade de Vigo (sanitarios, ensino, administrativos, traballo,...) e a mellorar a competitividade e a conectividade dos parques empresariais da Pasaxe-Vincios (Gondomar) e de Porto do Molle (Nigrán), e destes coa AP-9. Todos eles principais focos de atracción do tráfico que utiliza o centro de Vincios exclusivamente como lugar de paso.

Á vista dos datos, fica claro que a humanización da estrada PO-331 é unha prioridade para Vincios, e que urxe tomar medidas para reducir un volume de tráfico que é perigoso e incompatible coa vida normal da veciñanza. Estas medidas constitúen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha solicitude reiterada da veciñanza, que demanda unha mellora da calidade de vida e a redución da sinistralidade e dos riscos asociados a este tráfico

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Coñece o Goberno Galego a alta sinistralidade que sofre a estrada PO-331 ao seu paso pola parroquia de Vincios no concello de Gondomar?

- Como valora o Goberno Galego o volume de tráfico que soporta a PO-331?

- Ten estudos o Goberno Galego do impacto que a alta densidade de tráfico provoca na veciñanza de Vincios?

- Cre o Goberno Galego que o impacto acústico e ambiental que soporta a veciñanza de Vincios aféctalle negativamente na súa saúde e na súa vida?

- Ten intención o Goberno Galego de actuar para reverter a situación de alta sinistralidade da PO-331 e do grave impacto que a alta densidade de tráfico provoca na veciñanza de Vincios?

- Pensa o Goberno Galego que a PO-331 ao seu paso pola parroquia de Vincios debe converterse nunha travesía urbana?

- Considera o Goberno Galego necesaria a humanización da PO-331 no tramo que atravesa Vincios?

- Como valora o Goberno Galego que a AG-57 sexa a alternativa ao tráfico que utiliza na actualidade a PO-331?

- Pensa o Goberno Galego que unha AG-57 libre de peaxes serviría de conexión directa, máis rápida e máis segura entre os concellos do Val Miñor e Vigo? Cre que unha AG-57 gratuita aliviaría o tráfico das vías convencionais do Val Miñor?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 24/04/2025 17:24:53

Paulo Ríos Santomé na data 24/04/2025 17:26:14

Luis Bará Torres na data 24/04/2025 17:26:44





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24515
Data envío: 24/04/2025 14:02:18.738

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A estrada AC-133 soporta un intenso tráfico diario xa que ademais de ser utilizada polos veciños de Fene das parroquias de Barallobre, Maniños e Limodre é moi utilizada como paso para os concellos de Cabanas, Ares e Mugardos e sofre un deterioro continuo xa que tan só fíxose unha pequena actuación nun pequeno tramo moi deteriorado.

A AC-122 ao seu paso pola parroquia de Limodre dirección San Martín do Porto (Cabanas) ten beirarrúas na marxe esquerda ata o cruce de estradas Ares-Cabanas-Fene (Limodre), mais desde o dito cruce ata os límites do concello de Cabanas é necesario, polo perigo da estrada, a construción dunha senda peonil que de seguridade á poboación envellecida dese lugar.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

81890

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 24515
Data envío: 24/04/2025 14:02:18.738

1. Vai a Xunta de Galicia a intervir na AC-133 co acondicionamento do firme en mal estado?
2. Vai a Xunta de Galicia a intervir na AC-122 coa construción dunha senda peonil nun treito duns 150 metros?

Santiago de Compostela, a 24 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/04/2025 13:57:10

Carlos López Font na data 24/04/2025 13:57:22

CSV: BOPGDSPG-c1t1hnN8b-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

81891

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a organización e financiamento do acto de conmemoración do primeiro aniversario da toma de posesión do Sr. Rueda como Presidente da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 15 de abril tivo lugar na Cidade de Cultura en Santiago de Compostela un acto de conmemoración do primeiro aniversario de Alfonso Rueda como Presidente da Xunta de Galiza, e no que estivo presente boa parte do goberno galego e dos altos cargos Xunta de Galiza,

O evento conducido por animado e presentado por unha profesional, e no que supostamente se realizaba un “balance” da xestión do Goberno Galego durante este ano, interviñeron varias persoas receptoras de servizos públicos, para agradecer á anfitrioa as prestacións recibidas.

Así, segundo recollen distintos xornais, como Praza Pública, no acto participou un estudante de último curso de medicina que “asegurou que puido facer a carreira grazas á gratuidade das matrículas universitarias -implantadas no último curso-” . Igualmente participaron unha adxudicataria dunha vivenda de protección social, e outras dúas persoas beneficiarias de prestacións públicas. Evidenciando o acto institucional o sesgo ideolóxico propio do Partido Popular, transmitindo a consideración das persoas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

receptoras de recursos e servizos públicos como beneficiarias de actos de altruísmo colectivo, no canto de cidadás titulares de dereitos sociais.

Tanto o contido, como a condución ou as autoridades convidadas máis semellaban obedecer a un evento -e lícito- acto partidario, que a un acto institucional organizado por unha entidade pública, e financiado con recursos públicos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cal foi o custe total do acto celebrado o día 15 de abril de 2025 na Cidade da Cultura?

Expresamente interesase o desglose e concreción do importe de cada unha das partidas contratadas e/ou aboadas ?

Que servizos contratou a Xunta de Galiza e cal foi a o procedemento de contratación seguido?

Cales foron os criterios de selección e, no seu caso, de adxudicación dos servizos, prestacións e subministros relacionados coa organización e celebración do evento?

Cal foi a relación de autoridades e cargos públicos e institucionais convidados e asistentes ao acto?

Cal foi o criterio seguido para a selección das intervintes no acto?

De que maneira se publicitou a posibilidade de asistir ou participar no acto institucional?

No seu caso, quen foi a encargada da organización e dirección do evento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O desenvolvemento do acto obedeceu a un guiión previamente establecido ou foi froito da improvisación sen planificación previa?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/04/2025 19:32:35

Óscar Insua Lema na data 24/04/2025 19:35:35

Luis Bará Torres na data 24/04/2025 19:35:59



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

